

Decanas e decanos
da Facultade de Filoloxía
(1977-2020)



CONFERENCIAS

MMXXVI

Universidade de Santiago de Compostela

Decanas e decanos
da Facultade de Filoloxía
(1977-2020)
CONFERENCIAS

Decanas e decanos
da Facultade de Filoloxía
(1977-2020)

CONFERENCIAS

Pronunciadas
no ciclo conmemorativo
do 50 aniversario
da Facultade



MMXXVI

Universidade de Santiago de Compostela



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2026

Deseño e maquetaxe

Alberto R. Rodríguez Pérez
Fundación USC

Edita

Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago deCompostela
www.usc.gal/publicacions

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/op.2026.1959>



Xuntanza preparatoria da conmemoración do 50 aniversario da creación do centro. Desde a esquerda e no sentido das agullas do reloxo, a vicedecana Alejandra Ulla e o decano Elías Feijó, e as ex decanas e ex decanos Emilio Montero, Ramón Lorenzo, Isabel González, Ernesto González Seoane, María José López Couso, Mercedes Brea, Darío Villanueva e Guillermo Rojo. Facultade de Filoloxía, 22 de marzo de 2024. Foto: USC

ÍNDICE

- 9 Adro
Elias J. Feijó Torres
- 13 Unha conversa con
Ramón Lorenzo
Ana Boullón, Dolores Vilavedra
- 41 A Facultate condita
Liber primus
Guillermo Rojo
- 57 Filoloxía teatreira
Darío Villanueva
- 87 A nave como metáfora da
vida de Dante a Petrarca
Isabel González
- 107 50 anos da nosa
Facultade de Filoloxía
Mercedes Brea
- 127 2004-2012. Filoloxía diante
do reto de Boloña
Ernesto González Seoane
- 139 Dos desafíos ás oportunidades.
Unha ollada á Facultade de
Filoloxía 2012-2020
María José López Couso

Adro

Elias J. Feijó Torres
Decano

Quizá este breve texto apareza como insubstancialmente previsíbel. Se o que se esperar é encomio e gratitude acerta quen así o achar. Introducir as reflexións de quen me precedeu na responsabilidade decanal, no cadro das conmemoracións dos cincuenta anos da Facultade de Filoloxía, reter a memoria do que foron eses anos, coñecer en todas a vontade de mellora e o compromiso institucional, non pode convocar máis que palabras de recoñecemento.

Bastará reparar nas súas traxectorias para confirmalo. Ben pensado, elas presentan una proxección individual alén do ámbito do noso centro que nos devolve en forma de quiñón un sentido común de pertenza e até de adherencia a todas as persoas desta comunidade que a nosa facultade constituíu e constitúe.

Non están todas as voces. Faltan as de Enrique Moreno Báez e de Constantino García González, neste segundo caso até podería terse rogado algún favor excepcional à bioloxía...

Doen no íntimo as ausencias das palabras de Jesús Pena Seijas e Emilio Montero Cartelle. Jesús pasou cando aínda andábamos lidando coa pandemia; por días non tivemos o privilexio de ouvir a súa prevista intervención. É nestes momentos que a súa lembranza se erixe co seu perfume de saudade non como bálsamo imposible mais polo menos como remedio no ánimo.

Certamente, este volume é un exercicio de memoria. Pórtanos a outras circunstancias e a outros concretos desafíos. A pouco que se queira ler con algunha atención, porén, non se verá nada nel que non nos ilustre, que non axude a comprender obxectivos trazados, decisións tomadas, condicionamentos ou oportunidades, que iluminan o itinerario da nosa facultade e que non subliñen a centralidade e o prestixio de que ela goza.

Así sendo, aquel exercicio de memoria cobra maior valor e eleva a protagonismo singular cada unha das persoas que tiveron a responsabilidade decanal. Esta facultade, que se explica de moi diversos ángulos, como o libro *De Mazarelos a Vista Alegre* manifesta, non conseguiría un entendemento cabal se non acudísemos á análise retrospectiva das persoas súas máximas responsábeis. Ese entendemento ficaría insuficiente, a nosa historia lesa e o modo de encarar o presente e o futuro empobrecido.

Por iso, este volume de decanas e decanos non só éa recolla daquelas reflexións do ciclo das súas conferencias que, ao longo do ano académico 2024-2025 tivo lugar na facultade. É un instrumento que se revela imprescindible para os obxectivos de comprensión, comunitarismo, divulgación, compromiso social e recoñecemento con que a conmemoración dos cincuenta anos da facultade foi deseñada. Unha conmemoración que quixo ter como principio a reunión de

decanas e decanos deses anos, como símbolo e escoita. E que hoxe se encerra co debido encomio e gratitude, tan previsíbeis como xustas.

Beizón
Ben haxan.

Unha conversa con Ramón Lorenzo Decano (1977-1983)

Ana Boullón, Dolores Vilavedra

Ana Boullón: É para min unha enorme satisfacción estar aquí en compañía de Dolores Vilavedra presentando a don Ramón Lorenzo. Para min é don Ramón Lorenzo, don Ramón en confianza, non só porque fun alumna súa, senón porque me considero discípula súa, porque el foi o director da miña tesina, unha cousa que había antigamente.

Tamén foi o director da miña tese de doutoramento e foi quen me transmitiu o amor e o interese pola lingua medieval, seguramente sen pretendelo; creo que iso é o que fan os bos profesores, os bos mestres.

O que imos facer é establecer unha especie de diálogo con el, establecer unha conversa para que nos explique algunhas das cousas da súa vida profesional, académica e tamén persoal.

Non vou, evidentemente, ler o seu currículo, porque co seu currículo poderíamos estar toda a hora. Pero

si me gustaría, sobre todo pola xente nova que nos está vendo aquí, comentar algunhas datas moi rapidamente. El formouse na carreira de Filosofía e Letras na USC, rematou en Madrid en 1960 e alí formou con outros o Grupo Brais Pinto en 1958. Despois foi lector na Universidade de Colonia, onde trabou relación con Joseph Piel. En 1968 casa con Ursula Heinze, unha cuestión da súa vida persoal, pero que tamén atinxe á vida literaria de Galicia, porque Ursula, ao vir para aquí, converteuse nunha escritora alófona en lingua galega. En 1973 marchou de cate-drático á Universidade de Valladolid.

En 1977 retornou definitivamente á Universidade de Santiago de Compostela. Foi cando asumiu o decanato. En 1981 é catedrático de Lingua e Literatura Galega. Tamén foi despois director do Departamento de Filoloxía Galega cando se constituíu, cando houbo unha reorganización do sistema administrativo das universidades.

En 1999 ingresou na Academia Galega, e levou moitos premios: o Premio Galicia de Investigación, o Premio da Crítica, o Premio Trasalba, o Premio Brais Pinto, o Lois Peña Novo... Non entraremos aí, porque o que queremos é que nos explique aquí un pouco a experiencia de ser un estudante compostelán de Filosofía e Letras na Compostela dos anos cincuenta; como se tecen redes literarias e se asume a conciencia galeguista nos anos escuros do franquismo; e como se alumean tebras na investigación da lingua medieval, nunha época en que o galego era practicamente descoñecido na filoloxía románica. Entón cédolle xa a palabra a don Ramón para que comece polo principio, se quere.

Ramón Lorenzo: Cheguei á Facultade de Filosofía e Letras no ano 1955. Aínda era moi duro o Réxime e o galego estaba totalmente desprestixiado, prohibido incluso. Pero eu atopeime aquí na Facultade, máis ben na vella

Universidade, na que hoxe é Facultade de Xeografía e Historia, onde estaba todo: Filosofía e Letras, Dereito, Ciencias e tamén a administración e o Reitorado. Só Medicina e Farmacia estaban fóra.

Aquí atopeime cunha serie de rapaces, novos coma min, que tiñan interese polo galego e a partir dese momento integreime na defensa do galego, porque eu falaba sempre galego, pero non tiña conciencia galeguista. Encontrei compañeiros como Méndez Ferrín e outros que empezaran no ano anterior Filosofía e Letras e despois pasaran a Dereito, como era o caso de Xosé Luís Franco Grande. Alí estaban tamén Xosé Manuel Beiras, Gonzalo Rodríguez Mourullo e outros. E entre todos formamos realmente un grupo importante e conseguimos cousas. En 1956, nunha época difícil, fixemos unha serie de conferencias no chamado Círculo Mercantil, con moitas dificultades. A lección inaugural debía ser de Otero Pedrayo, que era un dos profesores que tiñamos en Santiago, con quen estabamos sempre reunidos despois de xantar no café e que era moi amigo noso, pero non puido vir porque acababa de morrer a nai. Entón mandou, pensando que non podería ser en galego, un texto en galego e outro en castelán, para que se lese o que quixeramos. En principio tiñan que ser en castelán as conferencias. Moitos eramos estudantes e algúns dérona en castelán, pero outros fixémoslo en galego e non houbo problema ningún, aínda que non querían que o fixésemos.

Iamos facendo patria pouco e pouco e ó mesmo tempo empezaron en Santiago as Festas Minervais, que duraron ata o ano 1964. Nelas ó principio só había premios en castelán, mais xa en 1956 conseguimos que houbese tamén textos en galego, primeiro de poesía e despois de prosa. E presentábonos todos a esas Festas Minervais, que era un acontecemento moi importante na cidade. Os premiados tiñan que buscar como podían ou

alugar un *smóking* para vestir de etiqueta, porque era no Hostal dos Reis Católicos cunha raíña e as súas damas de honra e cun mantedor. Era todo un luxo. Alí tiñamos que ir todos marabillosamente vestidos. E alí liamos tamén os poemas en galego, nunha sociedade allea totalmente ó galego, porque alí estaba toda a aristocracia, digamos, de Santiago, pero nós liamos os poemas en galego, digo nós porque eu tamén fun premiado varias veces.

Non levei nunca o primeiro premio porque o tiñan copado ou Franco Grande, ou Ferrín ou despois Arcadio López Casanova... Eu sempre levaba o terceiro, non sei por que. Inclusive cando xa estaba en Madrid, no ano 1958, tamén nos presentamos Ferrín, Bernardino Graña e mais eu. O día 8 de marzo pola tarde estabamos os tres na miña pensión esperando que nos avisase do resultado Franco Grande. Bernardino levava un paquete con comida convencido de que obtería algún premio. Pasaba a tarde, xa marchara o tren exprés ás sete e non tiñamos noticias. Atrevémonos a chamar a D. Ramón Otero Pedrayo ó hotel e non estaba. Por fin despois de moito tempo esperando chegou un telegrama de Franco Grande: “Lorenzo o terceiro e os outros nada”. Bernardino non o podía entender. Eu collín o seu paquete de comida e saín para a estación. Aínda puiden coller un tren pasadas as nove da noite. Era un tren Correo, que ía parando en tódalas estacións. Unha viaxe desesperante sentado nun asento de madeira. Chegamos a Redondela ó día seguinte pola tarde. Deume tempo a coller o Castromil e cheguei a Santiago co mínimo tempo para ir ó acto. Así como estaba, sen afeitar, cheo do lixo que desprendía o carbón da máquina, presenteime no Hostal, onde ía xa empezar o acto, co mantedor Otero Pedrayo, a raíña e as súas damas, con tódolos premiados con *smóking* e con tódolos invitados coa mellor vestimenta, e así lin os meus poemas.

Os condenados fotógrafos non me sacaron nas fotos, non aparecín en ningunha. Debeu ser pola pinta que tiña.

O feito é que naqueles anos conseguimos moitas cousas e empezamos a traballar pola lingua.

Moitos dos compañeiros meus convertéronse despois en grandes figuras da cultura galega, como é o caso de Ferrín ou o de Franco Grande ou de Beiras e outros que estaban por aquí. Rodríguez Mourullo estudaba Dereito e empezou a escribir en galego e tiña realmente dous libros, sobre todo un deles, moi innovador, que nos entusiasmaban, pero despois deixou de practicar o galego e de escribir. Naquel momento foi moi importante para min chegar á universidade. Despois Ferrín e mais eu tivemos que marchar porque aquí en Santiago só había Historia e nós queríamos estudar Filoloxía Románica. Para iso tiñamos que escoller unha das poucas facultades nas que había esta especialidade. Podíamos ir a Oviedo, a Salamanca ou a Barcelona, pero decidimos ir a Madrid. E alí tamén fixemos cultura, porque alí formamos o Grupo Brais Pinto, que representou un papel moi importante na promoción do galego.

AB: Eu quería facerlle unha pregunta. Está falando todo de literatura, pero eu quería facerlle unha pregunta sobre como se interesou vostede pola lingua medieval e como decidiu encamiñar por aí a súa liña investigadora.

RL: Foi casual, realmente, porque a min, cando cheguei á Facultade, o que me interesaba era a literatura e xa no Instituto facía poemas. O que pasa é que na Facultade, á parte da xente que se dedicaba á literatura, como Otero Pedrayo, tamén había algúns profesores que tiñan interese pola lingüística, sobre todo Moralejo Laso, que era profesor de latín, e que realmente me meteu un pouco no mundo da filoloxía. E despois, cando fun para Madrid,

atopeime coas dúas grandes figuras da ciencia lingüística española, que eran os catedráticos Rafael Lapesa e, sobre todo, Dámaso Alonso, que foi con quen fixen a tese de licenciatura e a tese de doutoramento. Eles metéronme totalmente polo mundo da lingüística e da filoloxía.

Agora ben, o feito de dedicarme ó medieval realmente non foi por instigación destes dous profesores, aínda que a tese de licenciatura a realicei sobre a poesía trobadoresca medieval, sobre a lingua da poesía trobadoresca. Pero no ano 1961 concedéronme unha bolsa de estudos para estar no verán en Lisboa e alí entrei en contacto co catedrático Luís Filipe Lindley Cintra, que acababa de facer a edición da *Crónica de 1344*, que está baseada na crónica galega que eu publiquei máis tarde. E el dicíame por que non facía a edición do texto galego da *Crónica Xeral e da Crónica de Castela*. Eu retiven iso na memoria.

En principio tiña pensado dedicarme á dialectoloxía, e de feito, os primeiros traballos que fixen foron de dialectoloxía, sobre o carro, o arado, o xugo, o forno e o muíño. Pero no ano 1962 marchei para Alemaña e alí realmente non podía traballar sobre a lingua moderna e foi o momento en que retomei o tema de facer a tese sobre a *Crónica Xeral e a Crónica de Castela* e a partir dese momento xa me metín nese mundo e xa quedei nel para sempre.

Dolores Vilavedra: Antes de continuarmos cronoloxicamente, vamos falar un pouquiño máis desta etapa e da súa evidente vocación literaria. Xa contou moi ben contado o episodio das festas minervais, que é moi bonito de contar, mágoa non podermos proxectar aquí unhas imaxes desas raíñas, desas damas de honra e dos poetas, *enfant terrible*, que eran, pero que aquel día tiñan que poñer, efectivamente, a paxariña. E, efectivamente, ese

esforzo, que parece case milagroso, de que conseguisen que na terceira edición das festas aceptasen, segundo as notas que eu teño, que se presentasen textos en galego. Isto debía ser unha rareza naquel Santiago tan reseso e tan casposo daqueles anos 50. Vostede preséntase, don Ramón, gaña o Premio Castelao do Centro Galego de Bos Aires no ano 1956 polo libro *Isa loita*. Non sei se ten lembranzas, eu insístolle sempre moito aos e ás estudantes que os premios do Centro Galego foron, paréceme a min, desde unha perspectiva de estudosa da literatura, foron como unha sorte de balón de osíxeno para quen quería escribir en galego porque estaban dotados economicamente, penso que non mal dotados, e daban unha certa visibilidade a unha tarefa literaria que aquí tiña moitas dificultades en facerse visible.

Entón, se colle a nómina dos premiados, ano tras ano, nas distintas categorías, que ían mudando moito, pois había anos en que había moitas categorías, como teatro, ensaio, investigación, e outros volvían ás categorías máis convencionais de poesía, narrativa, teatro... Se bota realmente un ollo, a nómina de premiados é asoballante. Están todos os grandes nomes da literatura galega: Manuel María, Cunqueiro, Fole, Lorenzo... Ten así algún recordo, efectivamente, de por que decidiu e de que supuxo o premio e demais? Concorda comigo un pouco nesta visión da importancia dun premio hoxe case esquecido?

RL: Si, que tiñan moita importancia os premios que se celebraban no Centro Galego de Buenos Aires. E está claro que tódolos escritores, se podían, mandaban libros. O que eu mandei non era de poesía, era de prosa, eran contos.

Presentámonos Ferrín e mais eu. A min déronme o premio Castelao e a Ferrín déronlle outro premio. Inventaron para el o premio Cao Turnes, pero eu gañei-lle, cousa inaudita que eu lle gañase a Ferrín, sendo el o

gran escritor que é e eu realmente non cheguei a nada, porque non publiquei estes contos nin outros que que fixen despois.

E, sobre todo, era importante a dotación económica. Eran cinco mil pesos arxentinos, que correspondían a seis mil pesetas en España. Ó ano seguinte, no cincuenta e sete, fun para Madrid, que foi cando me deron os cartos, e con esas seis mil pesetas vivín medio ano en Madrid.

Así que era un premio importante, e xa digo, moita xente, como dicías ti, levou o premio do Centro Galego, onde se fixo un gran labor. Claro, había escritores galegos represaliados que marcharon para Arxentina e eran os que realmente potenciaban todo isto dos premios. Foi realmente moi importante, e para min xa digo, foi enorme poder levar aquel premio e gañarlle a Ferrín.

DV: E que, efectivamente, o peso arxentino daquela era unha moeda forte e si que era unha dotación económica moi importante para un escritor galego. Despois, no ano 59, publica *O que se foi perdendo*, que é un poemario que ten boa recepción crítica, ten boas opinións e que a crítica inclúe na Escola da Tebra. Entón aquí atopamos unha característica desta época, que cando se estuda desde a historiografía literaria hai como unha sorte de solapamento xeracional, e eu tamén sempre insisto moito aos estudantes, que claro, nós nas aulas, e aquí os colegas ídesme entender, explicamos a literatura en sucesión, pero ás veces estamos tres meses falando de acontecementos que son perfectamente coetáneos. E o feito de explicarmos semana tras semana induce como unha falsa sensación de diacronía, de feitos –insisto– que son perfectamente coetáneos.

Entón aí é como unha época de eclosión, porque temos o que logo sería, efectivamente, a nova narrativa galega, con Mourullo aí despuntando como a xove

promesa da narrativa galega. Temos a chamada Xeración das Festas Minervais ou Xeración dos Cincuenta. E aquí fareille logo unha pregunta. Temos en paralelo case, ou moi pouquiño despois, Brais Pinto, e temos a chamada Escola da Tebra, que é, diríamos, un dos modelos estéticos que cultiva esa xente.

Semella que son como moitas etapas diferentes, pero ao final, cando ves os nomes, son practicamente as mesmas persoas que están, diríamos, explorando camiños estéticos moi novidosos nese momento, paréceme a min, na literatura galega. Fálenos un pouco disto, desa vivencia xeracional. Porque, claro, vostede ten a vivencia en primeira persoa e dende dentro. Agora ben, a historia da literatura, anos despois como vai explicarlles a vostedes o que facían e o que foron, e estas percepcións non sempre coinciden. Realmente podemos falar dunha xeración das Festas Minervais?

RL: Sempre se falou da xeración das Festas Minervais, aínda que Borobó, que era un dos xornalistas que máis mandaba en *La Noche*, un xornal de Santiago, sempre falaba da xeración da Noche, porque lle interesaba máis, pois nós escribiamos tamén no xornal artigos en castelán, xa que non nos deixaban escribir en galego naquela época.

Pero eu sigo dicindo a Xeración das Festas Minervais, e falando aínda un pouco disto pódese dicir que era a xeración arredor de Otero Pedrayo, porque Otero Pedrayo para nós era a gran figura da literatura galega e tivemos a sorte algúns de ser alumnos del, aínda que non explicaba moito a xeografía, porque era catedrático de Xeografía, pero falaba de todo un pouco e era moi interesante o que nos dicía. El podía estar un día enteiro falando e sempre era un pracer escoitalo. Con el tiñamos, repito, moita relación e iamos tódolos días ao café, na rúa do Vilar, lamentablemente chamado Café

Español, e tiñamos unha tertulia con el, máis que tertulia, o que faciamos era escoitar, porque o único que falaba era Otero Pedrayo e nós apenas podíamos dicir algo. El tiña unha gran relación con nós e estaba encantadísimo con todos aqueles rapaces novos, e teno dito moreas de veces nas cartas que escribiu. Con todo, teño que dicir que eu non creo moito en xeracións. Eramos un grupo de amigos, pero o paso dos anos levounos por distintos camiños e para min esta convivencia só durou os dous anos que estiven en Santiago. Ademais, algúns dos que viñeron despois e levaron premios nas Festas Minervais xa non tiñan nada que ver con nós. Eu admitiría o termo Xeración para autores que empezaron a súa traxectoria nos mesmos anos e escribiron cunha temática común. Mais falando de nós, os que marchamos para Madrid eramos da Xeración das Festas Minervais ou de Brais Pinto ou da Escola da Tebra? Cadaquén tiña as súas propias características.

Despois, cando chegamos a Madrid Ferrín e mais eu, atopámonos tamén alí con Bernardino Graña, que empezara a estudar Filosofía e Letras en Santiago, no cincuenta e catro. Pero Bernardino nunca foi un bo estudante e non era capaz de aprobar o grego nin o latín con Moralejo, porque era moi difícil. Entón aínda que tiña certas materias aprobadas, marchou para Salamanca e empezou de novo a carreira. Ao final cansouse de estar en Salamanca e foi para Madrid e así coincidimos os tres estudando a sección de Filoloxía Románica durante tres anos.

Ao mesmo tempo, como iamos polo Centro Galego, empezamos a atopar xente nova que tiña interese polo galego e que algúns despois foron escritores, como Alexandre Cribeiro, Fernández Ferreiro, Reimundo Patiño, que era pintor, pero que ten un libro realmente da Escola da Tebra moi bo, Bautista Álvarez, que despois se dedicou á política e só se dedicou á literatura nos últimos anos da súa vida. Tamén estaba Herminio Barreiro,

que foi andando o tempo un gran mestre da pedagogía, e César Arias, o potentado do grupo. Ao final, no 1958, decidimos crear Brais Pinto. Chamámoslle así por indicación de Fernández Ferreiro, que era da terra dos afiadores e supostamente Brais Pinto fora un afiador que andara por todo o mundo coa súa roda. Era unha invención, pero quedaba ben a idea dun afiador de Ourense que percorrera tódolos camiños. Entón os de Brais Pinto no Centro Galego queriamos facer literatura, que era o que lle interesaba á maior parte dos membros. A constitución fixémosla no Café los Mariscos, onde nos reuniamos uns máis ca outros despois de xantar. Pero as xuntanzas e o traballo facíamolo no Centro Galego.

Con dificultades, claro, porque o presidente do Centro Galego non era nin máis nin menos que o tenente xeneral Lobo Montero, a quen, como podedes supoñer, o galego non lle interesaba absolutamente nada, pero tolerábanos. Tiñamos un cuarto pequeno onde estaban tódolos materiais e onde traballabamos. Nós o que queriamos facer era, claro, o de sempre, unha poesía rompedora. Tódolos rapaces novos pensan que hai que romper cos anteriores, porque os anteriores non valen para nada e hai que crear cousas novas. Iso sempre foi así e será así. Entón nós tamén faciamos iso e de aí o nome de Escola da Tebra. Uns eran máis da Tebra ca outros, había de todo. Tamén hai que dicir que nós naquel momento tiñamos moitas inquietudes pola literatura.galega, pero tamén tiñamos moito interese en coñecer a literatura mundial e liamos os autores máis importantes da literatura europea e da literatura americana. Por iso tiñamos unha gran cultura literaria.

E tamén como Patiño era pintor coñeciamos os grandes pintores daquel momento. Hai dous poemas de Bernardino no libro *Profecía do mar* que falan de dous pintores, un é sobre a morte de Mark Tobey e outro é a

“Oda ás forzas de Patiño e Jackson Pollock”. Patiño sempre nos estaba falando deles e nótase nos seus cadros a similitude con Pollock. Patiño era un home moi exaltado, un galeguista furibundo, un home moi estraño, como eramos máis ou menos os do grupo. Pero, repito, o que nos interesaba era facer nova literatura, escribir, e non só iso, porque tamén dabamos conferencias e faciamos homenaxes a Cabanillas, a Pimentel ou a Rosalía. Faciamos sempre actos no Centro Galego e tiñamos sempre interese en potenciar a cultura galega en Madrid. Mesmo eu cheguei a dar cursos de galego con bastante asistencia de galego-madrileños.

AB: Ben, eu vou volver a outro muíño. O noso alumnado sabe perfectamente que vostede é o editor dos máis importantes textos medievais, xa falou antes da tradución galega da *Crónica Xeral e da Crónica de Castela*. Tamén editou a *Crónica Troiana*, os *Miragres de Santiago* e os documentos de Montederramo e é autor das normas de edición de textos galegos medievais que se seguen utilizando agora. Tamén é gramático, porque participou na elaboración de libros para a aprendizaxe do galego e fixo as primeiras descrições lingüísticas dos textos galegos medievais, e é lexicógrafo porque, como anexo á súa monumental edición da tradución galega da *Crónica Xeral*, ten un glosario –chámalle humildemente glosario– que realmente constitúe o embrión do que será algún día o *Dicionario Histórico da Lingua Galega*.

Pero aparte diso tamén tivo moito que ver coa representación no exterior do que é a lingua galega. E nese sentido quería que nos comentase a experiencia como responsable do 19 Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románica en 1989, no que por primeira vez o galego se presenta na sociedade románica e ten unha sección dedicada especificamente a iso.

Agora non se estuda a lingüística románica como se estudaba nos antigos plans, pero nos que nós estudamos o galego estaba ausente dos manuais de lingüística románica. Ignorábase, non por mala fe, senón porque non había estudos que describisen que quedara no século XX do que existía na Idade Media, que si se coñecía polas cantigas e pola literatura, sobre todo en verso. Entón, esa proxección nos estudos da lingüística románica creo que se fixo definitiva nese congreso. Entón quería que compartise connosco e, sobre todo, co noso estudantado, o que supuxo a organización dese congreso.

RL: No Congreso de Lingüística Románica anterior ao galego en 1986 eu intentei que se puidese facer en Santiago o próximo congreso e conseguino. Tiven problemas despois, curiosamente, en Santiago, porque fun falar co señor reitor a ver se me apoiaba e me daba unha carta para as autoridades da Sociedade Lingüística Románica dicindo que a Universidade estaba de acordo en que se fixese en Santiago. Pero o señor reitor non quería que eu fixese este congreso, porque aquí inventaran que eu era membro da Alianza Popular, que era o partido que creara Fraga Iribarne ó principio de todo e que despois se converteu no Partido Popular. E iso de que eu era da Alianza Popular e despois do Partido Popular foi común durante anos. Cousa inaudita: eu votando sempre ó Partido Nacionalista e os nacionalistas dicindo que eu era do PP. O mundo ó revés. Eu que desde que cheguei á Universidade en 1955 fun sempre un defensor dogalego, de esquerdas e inimigo acérrimo da Dictadura e dos supostos demócratas que viñeron despois coas mesmas ideas, resulta que para a esquerda nacionalista eu era un destes.

Naquel momento había pouco que se fixera a Lei de Autonomía Universitaria e en Santiago dividiron a

Universidade entre os bos e os malos. Os bos eran máis ou menos os que eran da corda do reitor e había algúns e algunhas desta banda que daban noxo, tódolos outros eran os malos. Eu como estaba cualificado de pertencer a AP ou PP, non sei se de aquela aínda era AP, o señor reitor non quería que eu organizase o congreso. Non digo o nome do reitor porque non ten importancia. De feito, ó Congreso viñeron moitos reitores de universidades estranxeiras e o señor reitor de Santiago non apareceu en todo o Congreso, pero non ten importancia iso.

Na entrevista eu díxenlle ao señor reitor: “mire vostede, faga o que queira, pero se eu non organizo o congreso, o congreso non ven para Santiago”. E ó final conseguín que viñese. Eu tiña moito interese en que viñese para Santiago porque quería potenciar o galego. E o que fixen, como xa dixeches ti, foi crear unha sección exclusivamente de galego, onde se presentaron moitas comunicacións e, como veu xente de todo o mundo, había máis de mil persoas, moita xente decatouse por primeira vez de que existía a lingua galega.

Fixen unha reunión en Santiago co Presidente e os responsables da *Société de Linguistique Romane* e decidimos que houbera unha conferencia plenaria sobre o galego. Como non querían que falase unha persoa moi condicionada polo galego, escolleron para conferencia a un suízo, Gerold Hilty, que eu aceptei, claro, porque non tiña nada en contra deste investigador. Inviteino uns días a Santiago para que coñecese algo máis a realidade galega. Non aprendeu nada e non quedei nada contento coa conferencia que deu, nin eu nin outros.

Cando falei con Georges Straka, que era unha das grandes figuras da lingüística románica naquel momento, díxome sobre a conferencia «que, moi ben, non?» e eu respondínlle «moi ben non, moi mal, por isto, por isto e por isto». Quedou abraiado. Despois falei con outros

e pasou o mesmo. Lembro que Robert Lafont, que era defensor do occitano, botaba lume, botaba pestes mentres o outro falaba. Estaba furioso. Entre outras cousas dicía que o galego non chegaba ó máximo nivel para ser considerado lingua románica plena. Hilty ía ser nomeado en Santiago o novo presidente da *Société* e debido á súa postura absurda sobre o galego nomearon a outro. Entón, aínda que Hilty non falou moi ben, moita xente decatouse de que existía o galego e, a partir dese momento, tivemos a consideración do galego como lingua románica, porque antes non se recoñecía. Non era de estrañar que este señor suízo falase tan mal do galego porque non era moi amigo das linguas minoritarias.

A experiencia do Congreso foi moi boa. Deume moito traballo, tremendo, pero pagou a pena celebralo. Tamén é certo que houbo un boicot de moitos lingüistas españois, españois casteláns, entre eles Lapesa e Alvar, que eran dous dos investigadores máis recoñecidos naquel momento. Alvar escribiu en contra e conseguiu que Bernard Pottier, que era outra das figuras da lingüística románica, non viñese ao congreso e escribíse unha carta de protesta ao presidente da sociedade dicindo a ver que era iso, que o castelán estaba fóra e que non se tiña en conta. E o meu gran mestre Rafael Lapesa, que, aínda que nacera en Valencia, era un acérrimo españolista, inclusive escribiu un artigo en *El País* falando das supostas barbaridades que se estaban cometendo contra o «pobre» castelán. E a peor de todas, a máis grande barbaridade era que había un congreso en Santiago onde as linguas eran o francés e o galego e que non existía o castelán. Cando moita xente falou en castelán, houbo moreas de conferencias e de comunicacións en castelán e non había realmente nada en contra desta lingua. Era un auténtico disparate o que dicía Lapesa. O que esquecían estes nacionalistas españois era que a lingua oficial da *Société*

de Linguistique Romane era o francés e eu, como era o organizador e o congreso se celebraba en Santiago, quixen poñer o galego, que é a miña lingua, ao lado do francés. Entón non era nada en contra do castelán, era potenciar un pouco o galego, que boa falta lle facía.

AB: O *Congreso de Lingua Románica* é o máis importante que se fai das linguas románicas e foi a partir dese momento en que o galego segue sendo unha das linguas oficiais en que se poden presentar traballos nel.

Ben, agora temos acceso á intrahistoria dos congresos e que é o que pasa por detrás, que normalmente non se conta.

DV: Quería dar un pequeno salto xa un pouco cara a adiante e falar da revista *Dorna*, porque a revista *Dorna* é un luxo realmente que temos na Universidade de Santiago de Compostela. Os que están aí no momento de nacemento contan que case foi de carambola, as lendas urbanas din que unha noite de marcha santiaguesa de poetas novos cun político da Xunta, naquel momento este decide financiar a revista, pero isto é unha lenda urbana.

E, en todo caso, don Ramón está aí en *Dorna*, coido que dende o comezo, e visto agora cunha certa perspectiva, vista a historia de *Dorna* cunha certa perspectiva, é un pouco como o esteo, que mantén que a *Dorna* non vaia contra as pedras, por dicilo así. Porque é moi complicado manter este tipo de proxectos ao longo do tempo. Hai, por unha banda o compromiso da Universidade de axudar, claro, porque é unha instancia institucional de referencia, e logo todo o traballo absolutamente voluntarista dos e das poetas e dos e das artistas plásticas, porque a revista coída moito esta dimensión.

Entón queríalle pedir se nos podía falar un pouco disto, porque realmente non se pode escribir a historia

da poesía galega dos últimos corenta anos sen ter en conta *Dorna*. Aí velan armas por dicilo así, ou sexa, danse a coñecer moitas voces que logo serán voces canónicas de referencia, e algo que ten a revista, que é moi bonito, que sempre van como acompañadas, apadriñadas ou amadriñadas por outras voces consagradas.

Créase aí como unha dinámica interxeracional moi interesante e a revista, como digo, foi superando diversas crises, pero segue aí. Neste momento estará dirixida por unha compañeira e profesora desta facultade, María Xesús Nogueira, e aberta, por suposto, a todos e todas vós, este é un momento así, publicitario, sabemos, pero quería que nos falara un pouco disto, desa quenenza súa pola poesía e dese compromiso seu coa poesía que se visibiliza nesta etapa da súa traxectoria, manténdose aí. Que lle deu a *Dorna* e que lle dá a vostede, ou que lle deu a vostede á revista?

RL: Ben, contareino así rapidamente, porque se poderían dicir moitas cousas sobre a revista. No ano 1981 o Luís González Tosar, o Che, como lle chamabamos todos, o Suso da Illa e Manolo Foxo fixeron alá na Illa de Arousa un número de poesía que lle chamaron *Dorna*, *expresión poética galega*, sen indicar que se trataba do número un, pero coa intención de continuar coa revista. Eles non tiñan cartos, nin ninguén podía facer iso, e entón o Che, que era estudante daquela, máis ben andaba pola Facultade, e Henrique Monteagudo viñeron falar un día comigo a ver se se podía facer algo para seguir adiante con *Dorna*.

A min pareceume moi ben que houbese unha revista na Facultade porque sempre me interesou a literatura. Eu era o director do Departamento, fun director ata que empezou a nova norma esa de que o director era o que máis tiña que traballar en cousas administrativas e

o deixei. Entón falei, non me lembro con quen, supoño que foi co Servizo de Publicacións, e decidimos que si, que a Cátedra de Lingüística e Literatura Galegas ía seguir publicando *Dorna*. Tivemos a mala idea de poñerlle o número dous en vez de empezar co número un. O primeiro número apareceu en febreiro de 1982 e levaba un *Limiar* meu, no que falaba das características da Revista, do contido e do desexo de que contribuíse a unificar a lingua e dar a coñecer a numerosos escritores.

Ata o número 7, que apareceu en 1984, foi o Servizo de Publicacións quen pagaba a revista, porque nós non tiñamos cartos para publicala. Pero agora é onde entra o da lenda urbana, que non foi cando botou a andar a Revista. O Che e Henrique Monteagudo, que andaban de troula polas noites de Santiago, fixéronse amigos de Xosé Antonio García Cotarelo, que estudara Dereito e aprobara en 1967 as oposicións ó Corpo Técnico de Administración Civil do Estado, ocupando diversos cargos en distintos Ministerios e que en 1982 fora destinado a Santiago para facer servizos especiais na Xunta de Galicia, na Consellería da Presidencia, onde estivo ata 1990, ano en que regresou a Madrid. Cotarelo era moi galeguista e inclusive publicou moitos poemas en *Dorna*. Falaron entre eles da posibilidade de que a Xunta axudase a pagar a Revista, e el dixo que si. Quique e o Che informáronme desta conversa e eu fun falar co Conselleiro da Presidencia para ver se colaboraban. Aceptou e fíxose un convenio entre a Xunta e a Universidade e a partir do número 8, que apareceu en 1985, foi a Conselleira da Presidencia a que pagou unha parte da revista e a outra pagábaa a Universidade. E así continuou a Revista durante algún tempo.

Na primeira etapa hai dúas épocas. Na primeira época, ó principio, reuniámonos varios dos colaboradores, aínda que eu aínda non figuraba nos créditos, e

escolliamos os poemas e as narracións. Pero houbo un momento en que nós faciamos a reunión, Tosar estaba alí un momento con nós e marchaba. Nós decidiamos os textos que entraban e os que non tiñan calidade para entrar e ó final a revista, cando saía, era distinta. Había alguén que por detrás botaba fóra o que lle parecía e metía o que quería. Entón dixemos: «que facemos, botamos fóra a este colaborador ou deixámolo?». Ó final deixámolo a el, que fixese o que quixera e fixo o que lle deu a gana durante dez anos, ata que chegou un momento en que deixou morrer a revista no número 19 de 1992. E ao deixar morrer a revista quedou tres anos varada, sen funcionar. Entón nun momento determinado, falando un día con Quique Monteagudo, díxenlle: «Mira, por que non resucitamos outra vez a revista?».

Decidimos que si e fun falar co conselleiro da Presidencia, que era Dositeo Rodríguez, que fora antes xerente da Universidade. Por iso o coñecía bastante e tamén por un amigo común de Brais Printo, César Arias. Os dous eran de San Clodio, onde a familia de Dositeo o pasara fatal durante e despois da guerra, porque a nai foi unha das que lle cortaron o pelo e vivía precariamente. Despois Dositeo converteuse e fíxose do PP. Son cousas inauditas que pasan. Falei con el e díxenlle que queriamos resucitar a revista e se estaba disposto a seguir pagando. Dixo que si, que non había ningún problema. Despois recapacítou e pensou que era mellor que figurase a Consellería da Presidencia, como organizadora, pero que pagase Política Lingüística.

Entón fun falar co Director Xeral de Política Lingüística e cabreouse un pouco. Non lle pareceu ben que a Consellería da Presidencia figurase como coeditora e eles tivesen que pagar. Pero tivo que aceptar porque o outro tiña máis categoría ca el. Así apareceu o número 20 en 1995.

Na conversa con el xurdiu unha cousa curiosa. Era que o Director Xeral quería que os de Política Lingüística pasasen a formar parte da revista e que tivesen poder de decisión. Non o aceptei porque se trataba dunha revista universitaria e Política Lingüística non podía meter nela os fociños. Con todo púxome varias condicións: que eu tiña que ser o director, que os membros do comité de redacción só tiñan que ser profesores da Universidade, que tiña que haber un consello reitor e que o secretario tiña que ser unha persoa vinculada a Política Lingüística.

Estas condicións era aceptables e para secretaria escollín a Rosa Martín Biedma, que era amiga miña, que fixera a tese de licenciatura comigo e ademais era a muller do noso compañeiro do Departamento Xavier Varela. Non había ningún problema en que ela fose e desta maneira estivo figurando como secretaria, aínda que me deixou claro que non quería entrometerse no que facíamos. E así foi como continuou *Dorna* a súa singradura.

Do número 20 ao 26 apareceu como coeditor a Consellería da Presidencia, pero ó final o Director Xeral de Política Lingüística conseguiu o que quería e no número 27 (de 2001) figura xa como coeditora a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a partir do 28 (de 2002) a Dirección Xeral de Política Lingüística.

Tamén foron variando os membros do Comité de Redacción. Nun principio estaban Dolores Vilavedra, Henrique Monteagudo, Xosé Manuel Salgado, Iris Cochón e María Xesús Nogueira: Despois entraron Inmaculada López Silva, Miro Villar ou Helena de Carlos e do citado número 27 (de 2001) ata o 30 (de 2005) pasa a ser secretario Henrique Monteagudo. Como os profesores universitarios tiñan que atender ós seus traballos fixemos unha reestruturación e houbo un ano de pausa. Por fin saíu o número 31 (en 2007) cun novo Comité de Redacción, no que estaban David Pérez, Lorena López,

Mario Regueira e X. M. Salgado, así como Miro Villar como secretario. Despois viñeron Alba Cid e Ismael Ramos e como secretaria Alba Cid no número 39 (de 2016). Loli Vilavedra sempre me mandaba xente nova.

Cando empezaron estes rapaces nvos cambiaron todo, porque eu ó principio o que quería era dedicarlle revista a un pintor, que fose só un pintor o que ilustrase cada número. Pero cando chegaron eles consideraron que o dos pintores estaba moi visto e que era mellor que fosen fotógrafos ou así. Puxeron a quen quixeron e eu deixei-lles facer. Cando estaban Lorena López e Mario Regueira aínda faciamos reunións, escolliamos o que nos parecía e deixabamos fóra o que non tiña calidade para publicarse. Pero despois, cando Ismael Ramos e Alba Cid quedaron como responsables da Revista todo mudou. Fixéronse os donos dela e fixeron o que lles petou, sen contar comigo para nada. Só me entregaban xa o libro feito. Pero ó final decidiron non traballar máis e deixaron sen publicar o número correspondente a 2022, cousa que me molestou moito. Porque o día que me dixeron xa en outubro ou setembro que eles non podían facer ese número era demasiado tarde, posto que, se mo dixesen en maio ou xuño, eu aínda podería ter reunido suficiente material para publicalo.

En fin, deixárona abandonada e parece que houbo unha confabulación, que eu nunca cheguei a saber se era certa ou non, entre Política Lingüística e o Servizo de Publicacións para facer un novo equipo, onde estaba un membro do PP, que non lembro agora como se chama, que ten moito predicamento dentro deste partido e que é alumno da nosa Facultade. Parece que xa figuraba como director da revista e que lle estaba comunicando aos escritores esta nova situación. Entón eu chamei ó Secretario Xeral e mais ó Director de Publicacións para dicirlles que eles non podían mudar nada, porque a revista dependía

do Departamento e de min. Parei toda esta movida e foi cando fixemos un cambio. Eu tiven claro que tiña que deixala, porque a revista estaba nunha situación que non era legal, era totalmente ilegal, porque as revistas actuais teñen que ter xente unicamente da Universidade e o Departamento é quen ten que decidir quen é o director ou directora e todo o relacionado coa revista. Nós actuamos sempre por libre e eu xa estaba fóra da Universidade. Entón foi o momento no que se decidiu o cambio. Eu propúxenlle ao director do Departamento o nome de Chus Nogueira como directora da revista e así fixeron, poñéndome aí como director honorífico. Pareceume excelente a solución e así saíu o número 45 en 2023. O que non sabía era que a revista ía ter unha deriva negativa aceptando textos que non están escritos en galego. Isto vai en contra de todo o que estivemos facendo durante tantos anos e paréceme intolerable. Con todo, espero que a revista siga navegando moitos anos máis.

Cando empezamos coa revista pensabamos máis na poesía, pero axiña comezamos a publicar tamén textos en prosa e pouco a pouco fomos ampliando o contido introducindo as seccións *Voces de fóra* ou de *Crítica literaria*, etc. En fin, houbo xa un avance cara a unha revista máis plural. A revista sempre estivo aberta a todo o mundo; nós tiñamos un correo onde a xente podía mandar poemas ou prosa, como contos ou narracións pequenas. Publicabamos todo, sempre que tivese un mínimo de calidade. Cando as contribucións eran malas non se publicaban. Tampouco respondíamos por correo á xente que nos mandaba cousas.

Tamén teño que dicir que, como xa dicías ti antes, mesturabamos xente nova con xente consagrada. Pero había unha diferenza: a xente nova mandábanos colaboracións, ós escritores xa consagrados tiñamos que andar sempre rogándolles, porque, de non ser así, eles

non mandaban nada. Desta maneira conseguimos que colaborasen as grandes figuras da literatura galega, como Fole, Díaz Castro, Novoneyra, Ferrín, Franco Grande ou Xohana Torres, e moitos dos que posteriormente foron escritores e escritoras consagrados.

Xa dixen que tamén faciamos traducións de escritores estranxeiros e por iso quero rematar lendo un texto dun escritor indio que escribía en alemán e que fixo un poema magnífico sobre temática galega.

AB: Quere rematar acto con isto?

RL: Si.

AB: Pois antes de dar paso a isto pediríalle que nos falase un pouco do cargo que nos trae aquí, que é ser decano de Filoloxía. Que nos contase un pouco a súa experiencia como decano. E despois rematamos o acto coa lectura dese poema

RL: Eu fun decano por circunstancias, porque eu non sirvo para mandar nin para organizar. Eu estiven catro anos de catedrático en Valladolid, pero sempre estaba con ganas de volver para Santiago porque aquí tiña xa organizado o meu futuro. E conste que en Valladolid vivía estupendamente, con tódalas comodidades e ben apreciado polos colegas e os estudantes. Alí non tería que sufrir todo o que estiven sufrindo aquí, as barbaridades que teñen dito e escrito en contra miña, porque foi desagradable. Inclusive cando pasei á cátedra de galego no primeiro curso houbo algúns que quixeron botarme da Universidade. Querían facerme unha revolución na clase, cousa que non conseguiron, porque o poder estaba nas miñas mans e non nas deles e delas.

Pero o cargo debeuse a circunstancias determinadas. Cando cheguei dixerónme que tiña que aceptar o cargo de decano, porque ninguén quería ser e Constantino García pensaba que podía manexarme como facía con outros, cousa que eu non consentín.. Eu aceptei de mala gana e estiven tres anos no cargo ata que sucedeu algo moi desagradable, que non vou contar aquí, porque algúns dos que participaron naquel suceso están presentes aquí na sala. Como consecuencia daquel feito noxento renunciei automaticamente a seguir como decano e tiveron que nomear outro.

Fundamentalmente traballaba Darío Villanueva, que era o secretario. Eu máis ben figuraba. Claro que tiña que resolver cuestións que atinxían á Facultade, como asistir ás reunións no Reitorado, velar nestas reunións polos nosos intereses en contra dos decanos chamados de ciencias, que querían tódolos cartos para eles, resolver problemas que xurdían con profesores e estudantes. Algunhas cousas naturalmente que as facía. Lembro unha reunión que tivemos tódolos decanos no Ministerio para decidir sobre o plan de estudos. Primeiro reuniron ós decanos das Facultades de Filosofía e Letras e despois sumámonos os de Filoloxía. Xa tiñan todo decidido e eu boteilles abaixo todo. Houbo que empezar a discutir de novo. Lembro, por exemplo, que o decano de Filosofía e Letras de Madrid, que era profesor de Dialectoloxía Italiana, non quería que houbese unha materia de Dialectoloxía Española. Eu non o consentín. Pero non era o meu ser decano. Foi unha época en parte bonita e en parte fea, por como rematou todo.

AB: Ben, entón rematamos o acto con este poema.

RL: É que eu preparei unha conferencia e despois resulta que me chama dona Ana onte e dime que non é conferencia,

que me van facer preguntas e eu responder. Tíñanme que ter avisado antes e non a preparaba. Pero o acto resultou máis ameno así.

AB: Unha persoa que lle di ao pan, pan, e ao viño, viño. A xente nova que non o coñecíades, puidésteo ver ao longo do acto. Cando queira, don Ramón.

RL: É un poema dun escritor, que lamentablemente xa morreu bastante novo en Berlín. Chámase Rajvinder Singh, natural do Panjab, na India, de familia nobre, pero moi revolucionario. A familia non estaba moi contenta con el e nas revoltas que houbo na India estivo perseguido e encarcerado, mesmo tivo que fuxir porque o querían matar. Entón el, despois de estar en Bélxica, pasou a Alemaña, a Berlín, e alí quedou toda a vida ata morrer. Escribía en alemán.

Nunha ocasión invitámolo a Santiago e estivo vivindo na nosa casa durante non sei cantos días, quince ou vinte ou máis. Unha noite despois de cear contounos todalas vicisitudes que lle pasaran no Panjab. E esa noite era incapaz de durmir e escribiu un poema. Un poema no que non sei se moita xente nova vai coñecer algúns dos nomes que el cita aquí, pero el antes de vir a Santiago estudara cousas da literatura galega e fixo este fermoso poema en que fala de moitas cousas da lingua galega. Titulouno *É que eu non son un galego?* e di así:

Aquí estou de novo, aínda que
é a primeira vez que estou aquí.

Así son os camiños do ser, da alma,
comprendédeme dunha vez.
Eu son o florecemento... regresado,
e que non me recoñecedes?

Eu son Breogán!

Eu non vin polo *Camiño francés*,
tampouco volví de Buenos Aires e Cuba,
os meus camiños topábanse no aire, no tempo e no corazón
e xa cantei *Cantigas de Maldizer*
antes de caer vítima do *Gran silencio*.

Eu son a palabra que xunta Terra Galicia con Panjab,
unha palabra que fixo chover sentimentos de rapariga
cando cantei as súas coitas de amor
nas *Cantigas de Amigo*, tanto aquí coma alá.
Recoñéceme dunha vez, eu son as *bailadas* e as *alboradas*,
palabras dunha noite de insomnio chea de saudade.
Eu son as *maríñas*, as *barcarolas*...
e levei tódolos mares nas miñas pupilas
coma testemuña do voso amor.

Eu son a *cantiga de romaría*... cantada
por Pintos, Rosalía, Murguía e Curros Enríquez.
Eu son *Querido Tomás*, recoñéceme, por favor.
Eu son *La gaita gallega*, *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*,
que chegan sen cortar ós nosos días
para plantar costas, campos e cidades de Galicia
con palabras que resoan eternamente e anuncian en voz alta
Aires da miña terra, Aires da miña terra.

Cantas *Saudades gallegas* teño aínda que cantar
para vos demostrar que son, realmente, Breogán,
o heroe de *Queixumes dos pinos*, a vosa viva imaxe?

Eu fun o que berrei alto nos *Xogos Florais* de Tui
e tamén fundei as *Irmandades da Fala*,
eu son mesmo un Otero Pedrayo convertido en Ramón Cabanillas
e ata deseñei *Os camiños da vida*

para celebrar a *Romaría de Xelmírez*.

Eu son Castelao e Blanco Amor,
pero non digo *Os vellos non deben de namorarse*.
Tamén son Alexandre Bóveda e presentei
o meu peito como escudo antes do meu sangrento esvaecemento.
Eu son un regresado Luís Seoane cun novo pasaporte
e poño ós vosos pés o *Fardel do esiliado* coma ofrenda.
Eu non emigrei nin inmigrei,
só andei camiñando dun lado para o outro,
sen que puidese quedar *Sempre en Galiza*,
mais sen perder a cor estiven sempre ben aquí, ben alá,
non coma unha figura esculpida en calquera catedral,
senón ó mesmo tempo coma espello e cristal transparente para vós,
onde vós mesmos vos podeades recoñecer, pero tamén ollar a través deles.

Así pois eu son ti - e vós todos xuntos ó mesmo tempo,
e vós todos sodes eu mesmo unicamente -,
un fillo desta terra, un pescador, un labrador,
aínda que as miñas *Memorias dun neno labrego*
hai tempo que descansan nas estanterías poeirentas.
De novo regresei ós *Cómaros verdes*,
non, como xa dixen, de Buenos Aires e Cuba,
senon dun país nostáxico chamado Panjab
por desvíos e pasaxes a través dun Berlín desemmurado.

Hai tempo que finou a *Longa noite de pedra*, unídevos xa dunha vez
en espírito ós trazos do meu ser. Son tamén só un amigo,
pois é fermoso un xardín no que florecen moitas flores variadas.

A FACULTATE CONDITA

Liber primus

Guillermo Rojo
Decano (1983-1985)

Cando o noso decano falou da organización dun ciclo de conferencias conmemorativas do cincuentenario da creación da Facultade e encargou unha delas a cada un dos que ocupamos o decanato ao longo deste período, pensei que era unha oportunidade magnífica de compartir lembranzas, e tamén esperanzas, con persoas que, maioritariamente, non viviron os primeiros anos no noso centro, pero si experimentan decote o impacto que tiveron na súa realidade actual. Pareceume de grande interese porque estes cincuenta anos constitúen unha época crucial no desenvolvemento do noso país. É certo que, na época moderna, medio século é un período máis que suficiente para que se produzan e consoliden cambios profundos no devir dunha institución, pero é evidente que as mudanzas foron moito máis marcadas no último cuarto do século XX e o primeiro do XXI. Trátase dunha época na que se producen as modificacións que fixeron boa aquela afirmación de Alfonso Guerra en 1982, cando

o Partido Socialista gañou as eleccións, segundo a que, co goberno que se ía constituír, a España non a ía coñecer «ni la madre que la parió».

Son, efectivamente, eses cambios, tanto na superficie coma na profundidade, e o convencemento de que é positivo que todos teñamos un coñecemento cando menos esquemático das diferenzas, o que me decidiu a construír esta conferencia como unha especie de esbozo de memoria daqueles primeiros tempos da Facultade de Filoloxía, buscando as liñas mestras do traballo que fixemos daquela entre todos e tamén o contraste coa realidade posterior. De aí o título, calcado, con certas licenzas lingüísticas, da obra de Tito Livio sobre a historia de Roma. Fronte ao que sucede no meu modelo, acepto, como algo inevitable, que este intento vai estar cheo de compoñentes persoais e mesmo contaminado por eles, pero a miña intención é trazar obxectivamente as grandes liñas dun proceso no que a nosa Facultade atopa o seu lugar nunha universidade que cambia moito durante este período e que desenvolve ese proceso no marco dunha sociedade que experimenta tamén profundas modificacións ata chegarmos á situación actual.

Comecemos por trazar as coordenadas temporais. A Facultade de Filoloxía créase a comezos de 1975, como remate dun proceso iniciado algúns meses antes. En febreiro de 1975, a Facultade de Filosofía e Letras (creada en 1922), amparada nun decreto recente que establecía esa posibilidade, tomou a decisión de dividirse en tres: Xeografía e Historia, Filoloxía e Filosofía e Ciencias da Educación. Esta reconfiguración é semellante á que se adoptou en moitas outras universidades. Dende o punto de vista orgánico, Xeografía e Historia por unha parte e Filoloxía pola outra fórmanse coas seccións preexistentes. No noso caso, as de Filoloxía clásica, Filoloxía románica, Filoloxía hispánica e Filoloxía xermánica. Un dato que convén ter en conta é que a sección máis antiga de Filoloxía, a de Filoloxía románica, fora

creada aínda pouco tempo antes: a primeira promoción (da que forman parte Antón Santamarina e Luis Iglesias) licenciouse en 1966. Por seguir citando profesores da Facultade, á segunda pertenceu José Luís Couceiro, na terceira están Menani Ríos Panisse, José María Folgar e José María Viña. Eu acabei a carreira en 1969, con cincuenta compañeiras e 6 compañeiros, na sección de Filoloxía románica, subsección español. Nos anos seguintes foron incorporándose as outras tres seccións ata chegarmos á situación existente no momento da separación.

Ao longo de 1974, a USC acometera as obras de remodelación do edificio do antigo instituto masculino, situado na praza de Mazarelos, coa intención de habilitar nel despachos de profesores e aliviar así as estreituras do que ocupaba Filosofía e Letras coa compañía da de Dereito e mais da Biblioteca Xeral. A separación das facultades proporcionou unha ocasión aparentemente axeitada para resolver as dificultades de espazo: Xeografía e Historia, a máis antiga, quedou no edificio vello e as outras dúas facultades foron trasladadas ao edificio de Mazarelos, que houbo que modificar no seu interior sobre a marcha para dotalo de instalacións que non estaban previstas no planos iniciais (aulas, biblioteca, administración, etc.). Por circunstancias persoais, eu lembro compartir, xa a finais de 1974, un despacho enorme, situado ao fondo do quinto andar de Mazarelos, con Antón Santamarina e Mercedes Brea. É difícil esquecer esta situación porque, ata ese momento, nun despacho moitísimo máis pequeno do último andar do edificio central traballabamos Antón, Couceiro, Ramón Lorenzo, incorporado a Santiago pouco tempo antes, Menani Ríos, Folgar, Xesús Pena, Xosé Luís Rodríguez... e conviviamos alí con estantes e tamén co primeiro ficheiro do léxico galego, incorporado posteriormente ao ILG. A diferenza era considerable e, aínda que a situación estaba lastrada por enormes problemas na subministración eléctrica nos primeiros meses, resultaba infinitamente máis cómoda. Vouno confesar xa: eu fun feliz en Mazarelos.

Como acaba de indicar o profesor Feijo, ocupei o decanato entre marzo de 1983 e outubro de 1985, pero fun o que se podería chamar, na xerga militar, un decano «de cuchara», un decano «chusqueiro». Na época da separación das Facultades, eu estaba preparando a oposición a agregacións de Lingua española. Gañei unha praza no segundo intento, a finais de 1975, moi poucos días antes da morte de Franco. Nesa época, o primeiro decano da Facultade, don Enrique Moreno Báez, trasladárase xa á Autónoma de Madrid e actuaba como decano en funcións don Constantino García González. Foi elixido para o posto en xaneiro de 1976, poucos días despois de eu tomar posesión da praza de agregado de Lingua española da Universidade de Oviedo. Por circunstancias venturosas para min, a praza de agregado da USC quedara vacante en novembro de 1975 e foi convocada a concurso de traslado poucas semanas despois, polo que eu puiden tomar posesión en Oviedo a comezos de xaneiro e, coa conformidade do profesor Alarcos e do decano daquela Facultade, pedir o traslado a Santiago ao día seguinte.

Apunto este dato biográfico porque ten a súa relevancia na historia que estamos contando. Constantino García nomeou secretario a don Ricardo Carballo Calero. En abril, cando finalmente tomei posesión da praza de Santiago, don Ricardo pasou a vicedecano e eu fíxenme cargo da secretaría. Tanto antes coma despois da miña curta estadía en Oviedo, Constantino contaba coa miña experiencia de fillo de axente comercial, afeito a levar un despacho, mover e arquivar papeis, entender de contabilidade, etc. para encargarme da xestión administrativa primeiro do Departamento e despois da Facultade. Ese foi o meu cometido ata setembro de 1978, momento no que, xa con Ramón Lorenzo como decano, pedinlle que me relevase na secretaría, e fun substituído por Darío Villanueva. En abril de 1980, don Constantino volveu ser elixido decano, nomeoume vicedecano e marchou inmediatamente a unha estadía de investigación en Alemaña

comprometida previamente, co que quedei eu como decano en funcións, axudado por Darío Villanueva na secretaría. Finalmente, en marzo de 1983 fun elixido decano e nese posto permanecín ata outubro de 1985, axudado por Luis Iglesias primeiro e Antón Santamarina despois no vicedecanato e Anxo Tarrío na secretaría. Durante todos estes anos, a colaboración de María García Pena no negociado de alumnos e de María José Dopico primeiro e Vicky Sarasquete despois na secretaría do decanato e na sección de contabilidade foi decisiva na marcha da Facultade. Tiven a fortuna de contar tamén coa inesquecible colaboración de Benigno Álvarez, don Benigno, o señor Benigno, que foi porteiro maior da Facultade.

Este rapidísimo resumo da parte administrativa, de xestión, do que antes se chamaba «folla de servizos», dá idea clara de que vivín moi de preto e moi intensamente os primeiros anos da nosa Facultade. Nos minutos restantes tratarei de sinalar as que me parecen liñas fundamentais do proceso que converteu Filoloxía nunha entidade de referencia na USC e tamén no conxunto das universidades españolas.

Os compoñentes básicos na vida dunha facultade son, naturalmente, a docencia e mais a investigación, pero vou comezar pola xestión, moi importante no seu papel ancilar de facilitadora e, tamén, potenciadora dos outros dous. Polo tanto, falarei de orzamentos e, sobre todo, política de gasto. Por aqueles anos, a necesidade fundamental para nós era a biblioteca. A verdade é que as seccións de Filoloxía non eran ben atendidas en Filosofía e Letras neste aspecto. Había poucos libros, poucas revistas e moito menos, claro está, dos publicados nos últimos anos. A cousa comezou a cambiar e empezamos a formar unha biblioteca decente grazas ás «axudas paralelas» das bolsas de investigación (equivalentes ás posteriores FPI), que experimentaron un certo incremento a partir de 1970. Eu tiven a sorte de obter unha das primeiras en Facultades de Letras xa en 1971. O

máis interesante destas bolsas era que estaban dotadas con 10 000 pts. mensuais para o bolseiro e unha cantidade semellante para o departamento no que desenvolvía o seu traballo. A librería Miessner en Madrid (despois tamén El Brocense) e Blackwell's no Reino Unido atendían dúcias de peticións do departamento de Filoloxía románica e doutros. Ademais de libros, decidimos mercar unha máquina de escribir eléctrica (unha Hispano Olivetti, se non recordo mal), que aliviou e axilizou considerablemente a parte mecánica dos procesos de fichaxe do léxico. Tamén gastamos moito en fotocopias, fundamentalmente na biblioteca do Instituto Miguel de Cervantes (do CSIC). Unha das bibliotecarias do Cervantes era Sonsoles Arangüena, de familia vinculada á Coruña e que protexía a todos os galegos que tiñamos que pasar polo CSIC en Duque de Medinaceli para, entre outras cousas, facer os exercicios das oposicións ou consultar e fotocopiar fondos da súa biblioteca.

Esta orientación mellorou considerablemente coa creación da Facultade e a independencia administrativa conseguinte. Hai que ter en conta, de todas as maneiras, que co incremento dos orzamentos e coa política de gasto aplicada era relativamente simple conseguir fondos modernos, pero non sucedía iso cos fondos de certa antigüidade, aspecto verdadeiramente importante nas coleccións de revistas. Naquela época empezaron a comercializarse edicións facsimilares de revistas clásicas (*Language*, por exemplo). Recordo perfectamente a chegada da colección á Facultade. Toda a revista, dende o seu primeiro número. Algo parecido sucedeu con moitas outras revistas.

Esta liña, que cambiou radicalmente a situación da Facultade, tiña algúns problemas que houbo que corrixir. A dependencia dos departamentos multiplicaba o traballo de xestión, producía repeticións non desexadas (por falta de información), daba problemas de localización, etc. Emprendeuse un plan de coordinación e centralización de

gasto combinado coa posta en marcha da estrutura administrativa e contable para desenvolvelo. En poucos anos, a nosa biblioteca recibía visitas e peticións de libros procedentes de centros moito máis consolidados. Por citar dous casos que me parecen especialmente significativos, pola Facultade aparecía con certa frecuencia o profesor Xosé Luís Pensado, que viña buscar obras que non tiñan en Salamanca. O segundo, que non esqueceré na miña vida, foi a solicitude de préstamo dun libro procedente do Instituto Miguel de Cervantes, precisamente o que alimentara e complementara os primeiros pasos da nosa biblioteca.

Cambios intensos houbo tamén nos aspectos docentes. A universidade daquela época estaba formada por un conxunto moi reducido de profesores numerarios (catedráticos, adxuntos e, a partir dun certo momento, agregados) e un número comparativamente amplo de profesores non numerarios (os PNN). Con 700 estudantes, as primeiras xuntas de facultade estaban formadas por seis numerarios e tres representantes dos PNN. Dende un punto de vista superestrutural, o cadro de persoal era administrado polo Ministerio, que era quen decidía, primeiro, cando se dotaba unha praza e, despois, cando saía a oposición ou a traslado. Quero dicir que non había máis numerarios tamén porque non había prazas dotadas.

Pero o problema era máis fondo. Durante os primeiros anos das seccións de Filoloxía, non era moi frecuente que quen gañaba unha praza decidise quedar en Santiago, polo menos durante uns cantos anos. A Facultade, a USC en realidade, era, con moita frecuencia, simple vía de entrada para a consolidación na carreira docente. Tomaban posesión e, no uso dos seus dereitos, pouco tempo despois pedían traslado ou solicitaban unha comisión de servizo. Como fixen eu en Oviedo, por certo. A situación cambiou cando xentes formadas na nosa Facultade empezamos a gañar prazas de numerarios e, no caso de que fosen de

fóra, pedir un traslado a Santiago que se lles facilitaba ao máximo. É certo que por aquí pode chegarse á tan deostada endogamia, que ten causas bastante complexas, pero que, naquela época, era a única vía utilizable polas universidades pequenas, coma a nosa.

Na outra cara desta actividade, a referente aos estudantes, a Facultade experimentou naqueles anos unha evolución sorprendente. Xebrámonos de Filosofía e Letras con, máis ou menos, 700 estudantes. No sistema previo, a licenciatura en Filosofía e Letras tiña dous anos comúns e tres anos de especialidade. En todos os estudos (salvo Medicina se recordo ben) o sistema antigo de cinco anos continuados converteuse noutro de tres anos para o primeiro ciclo e dous para o segundo. Aínda que a intención inicial era dar algún tipo de recoñecemento na actividade profesional aos estudos do primeiro ciclo, a imitación do que ocorría en certas enxeñerías, tal cousa non chegou a suceder nunca, de xeito que os estudos de Filoloxía constaban de tres primeiros anos de estudo enfocados a unha especialidade, pero de carácter máis xeral, seguidos doutros dous de maior especialización. Como especialidade de segundo ciclo creouse, por exemplo, Filoloxía galego-portuguesa.

Outra consecuencia da división das licenciaturas foi a posibilidade de crear centros distintos das facultades nos que se puidese estudar o primeiro ciclo dalgunhas seccións (non de clásicas, por exemplo). Apareceron así os chamados colexios universitarios que incorporaron seccións de Filoloxía na Coruña, Lugo e Vigo. Esta organización, sen dúbida con certos inconvenientes, pero tamén con algunhas vantaxes, conseguiu paliar un tanto os problemas derivados do crecemento do alumnado na nosa facultade. En non moitos anos pasamos de 700 a máis de 3000 estudantes sen que o edificio de Mazarelos permitise facer reformas que puidesen atender as necesidades de tanta xente. A existencia dos colexios universitarios permitiu establecer un sistema no que se trataba

de conseguir que Facultade e colexios atendesen no primeiro ciclo os estudantes da contorna correspondente e, de tal xeito, reservar na Facultade recursos humanos e materiais para ocuparse de todos os segundos ciclos, que se ían multiplicando. Esta estrutura de colexios e facultades desapareceu cando a vella USC foi dividida en tres universidades, coa conseguinte conversión, en certas ocasións inxustificada, de seccións de colexios en facultades.

Os anos abarcados por este *Liber primus* viron fortes e importantes cambios nos aspectos docentes, pero teño para min que aínda foron máis importantes na investigación. Non falo agora soamente da Facultade de Filoloxía nin da USC se sinalo que as nosas eran universidades cunha práctica docente bastante mellorable e unha actividade investigadora moi reducida. Con marcadas e importantes excepcións, por suposto, pero non moi xeneralizadas. O contraste na parte docente resulta máis marcado se temos en conta o elevado nivel que tiña o Bacharelato da época. Tomando como punto de partida a frase de Max Aub segundo a cal un non é de onde naceu, senón de onde fixo o Bacharelato, téñome referido en varias ocasións á sorpresa, non moi gratificante, que me causou a práctica docente na universidade en comparación coa que eu vira durante sete anos no Instituto Masculino da Coruña. Unha parte considerable desa decepción foi producida, sen dúbida, pola miña ocorrencia de matricularme en Dereito, sen moita fortuna na asignación dos profesores do primeiro curso aquel ano. A miña decisión de cambiar a Filosofía e Letras antes de que acabase o primeiro trimestre (non cuadrimestre) mellorou bastante as perspectivas, pero aínda así seguí botando de menos a forma de traballar de profesores do Instituto. A entrada na especialidade de Filoloxía románica, coa daquela recente incorporación de Constantino García (1965, de Bonn) e Félix Monge (1966, de Zurich), seguida pola chegada de Manuel Díaz y Díaz (1968, de Salamanca),

supuxo un cambio de importancia, pero non tanto no aspecto docente como no referido á investigación, da que paso a ocuparme nos minutos seguintes.

Esta nosa Facultade tivo tamén que librar unha dura loita para acadar o seu sitio na actividade investigadora, tanto na USC coma fóra dela. Sei que é unha simplificación, pero a tradicional división en ciencias e letras, que curiosamente está presente aínda en boa parte das estruturas organizadoras na actividade científica en España, non nos favorecía daquela e tampouco agora. A investigación necesita traballo, ideas, persoal, medios e xestión. Eu tiven a sorte de facer os meus primeiros tramos no departamento de Filoloxía románica, no que Constantino García poñía en práctica naqueles anos o que vira e aprendera en Bonn con Harri Meier. Sen entrarmos en detalles que non teñen sentido nesta ocasión, o que eu aprendín naquel seminario foi, sobre todo, a traballar nunha investigación planificada, realizada en equipo e razoablemente ben dotada e administrada nos medios económicos. As liñas xerais desta historia déronse tamén noutros departamentos da casa.

Este aspecto resulta especialmente importante, porque o mundo das chamadas «letras» estaba daquela un tanto afastado das fontes externas de financiamento da investigación. Naquela época a expresión «teño unha asesora», que, por certo, se sentía moi pouco, non se refería a que alguén tiña unha señora que o asesoraba, senón a que conseguira o que agora chamamos un proxecto de investigación. Non era doado conseguir unha axuda deste tipo cun proxecto formulado dende as nosas disciplinas.

E ese ambiente dábase tamén na USC. Na distribución de fondos para as Facultades, as necesidades para a biblioteca dun centro coma o noso nunca eran debidamente atendidas, dende logo pola escaseza orzamentaria, pero tamén por unha concepción pouco axeitada da súa estrutura. A idea de que a investigación en ciencias empíricas naturais (as «duras», por

exemplo) requiren fondos en funxibles e necesitan mercar e manter aparatos de certa sofisticación e custo non tiña a súa compensación nos aspectos nos que nós temos necesidades distintas. Na comisión da investigación da universidade, lembro que eu facía bloque con don Eduardo García-Rodeja, daquela decano da recentemente creada (1977) Facultade de Matemáticas. Non empataba eu ben con don Eduardo en moitas outras cousas, pero si compartiamos o rexeitamento dun sistema que marxinaaba en dotacións as nosas Facultades e tamén a Xeografía e Historia, Filosofía, etc. Espero que ninguén se moleste se digo que, cando en certo momento se incorporou un chamado «índice de experimentalidade» mediante o que as producións realizadas en certos ámbitos científicos obtiñan un coeficiente multiplicador (que chegou a ser 5 en certos momentos), os matemáticos, procedentes da vella Facultade de Ciencias e, polo tanto, afeitos a convivir con químicos, físicos, biólogos, etc. decidiron vestir bata branca nas súas instalacións para reivindicar así o seu carácter experimental e, polo tanto, o seu dereito á multiplicación por cinco do valor base. Nun contexto diferente, algo parecido pasou na Facultade de Xeografía e Historia cos colegas do Departamento de Xeografía.

Anécdotas á parte, esta é unha batalla que aínda non gañamos, a pesar de que o recoñecemento do valor da investigación realizada no noso centro é claro dende hai xa bastantes anos. Non podo deixar de mencionar a xestación e o nacemento da revista *Verba*, que acaba de facer tamén cincuenta anos. Tanto tempo despois, a min segue parecéndome simplemente asombrosa a aparición e o desenvolvemento posterior da revista. Debida á iniciativa de Constantino García, *Verba* apareceu nun panorama no que estaban a RFE, o BRAE, *Archivum* (creada por Alarcos e Cachero en 1951), *Español actual* (1963-2020), a *Revista de dialectología y tradiciones populares* (1944-2018) e... non moito máis por estas terras.

Traballamos moito en todos os aspectos do primeiro número (1974). Constantino usou os seus contactos e conseguiu colaboracións de Joseph Piel, Harri Meier, Manuel Alvar e José Luis Pensado. A esas contribucións sumáronse as do propio Constantino García, Ricardo Carballo, Ramón Lorenzo, Antón Santamarina (2), José Luís Couceiro, Menani Ríos Panisse, Jesús López Fernández e un extenso traballo meu sobre da estrutura temporal do verbo castelán. Como se pode apreciar, a política adoptada consistía en incluír traballos de grandes figuras da filoloxía do momento e combinalas harmonicamente coas contribucións «caseiras», nas que entraban tamén reelaboracións de (partes de) memorias de licenciatura. Unha estrutura semellante é a do volume publicado en 1975. Traballos de Piel, Meier, Pensado, Marcos Marín, Carlos Peregrín Otero (dedicado naqueles anos a difundir as teorías chomskianas), Ramón Lorenzo, Constantino García, Antón Santamarina (3), Rojo, etc.

Tan importante como a revista foron os anexos. Van 84 ata agora. Nos primeiros anos, os anexos foron, sobre todo, a vía de saída das teses de doutoramento que se ían defendendo no departamento de Filoloxía románica e asociados. A situación cambiou moito nos anos posteriores e supoño que non todo o mundo ten o marco preciso para entender, de forma axeitada, a importancia dunha operación deste tipo. Nos anos nos que os primeiros profesores de produción propia lemos as nosas teses, despois da defensa e aprobación do traballo había que preparar un resumo e envialo a todas as universidades que existían daquela. Os exemplares completos do traballo quedaban habitualmente en mans dos membros do tribunal, co que, aínda sen pensar en malas intencións, o esforzo de varios anos quedaba desprotexido. Como anécdota, podo contar que eu atopei unha vez no catálogo dunha librería de segunda man a oferta dun exemplar mecanografado da miña tese de doutoramento. Custaba 5000 pts. Pedínlle a Darío Villanueva que me fixese o favor de encargalo,

pagueille o importe, agradecinlle o favor e... anda pola casa, porque o que eu conservara líase bastante mal. Algúns anos despois, no Servizo de Publicacións arbitramos un sistema de reprodución das teses en microficha. Incómodo, sen dúbida, pero garantía o recoñecemento da autoría e da propiedade do traballo. Os anexos de *Verba* acolleron tamén numerosas investigacións doutro carácter, elaboradas tanto por persoal da USC como doutras universidades. *Verba* e os seus anexos foron e son un referente claro na investigación lingüística, un expoñente do que se estaba facendo, nas áreas relacionadas coa lingüística, na nosa Facultade. Algúns deles foron éxitos de venda, claro que nunha época na que a USC non aboaba dereitos de autor. «Pagaba» entregando un certo número de exemplares de cada tirada, procedemento que podía chegar a constituír un problema terrible para as casas dos autores.

En setembro de 1983 publicouse a Lei de Reforma Universitaria (LRU), unha das primeiras actuacións de gran calado do PSOE. Deixando a un lado aspectos máis de detalle, como a reconfiguración dos corpos docentes, que produciu moitos problemas de adaptación nos anos seguintes, o gran cambio producido pola lei consistiu na concesión dunha autonomía total na súa xestión, incluída, por suposto, a dos cadros de profesorado. As universidades pasaron dunha dependencia estrita da xestión realizada no Ministerio (prazas existentes, convocatoria de concursos, etc.) á xestión autónoma do seu cadro de persoal, co límite, esperable, das dispoñibilidades orzamentarias, agora dependentes das Comunidades Autónomas. En moi pouco tempo, pero con moito traballo, a Facultade adoptou unha estrutura distinta (máis peso dos departamentos, por exemplo) e integrou como persoal estable a maior parte das persoas que estaban desenvolvendo actividade docente nela.¹

¹ Di o preámbulo da LRU:

Se ha llevado a efecto, igualmente, una notable simplificación del actual caos de la selvática e irracional estructura jerárquica del profesorado, totalmente disfun-

E haberá que ir pensando en acabar. Deixei para o final un aspecto que me parece especialmente representativo da evolución do noso mundo durante todos estes anos e que, amais, constitúe para min unha fonte importante de satisfaccións. Refírome, claro está, aos recursos informáticos, que tan importante xiro produciron na docencia, na investigación e na xestión. Inserida no mundo das «letras», a nosa Facultade non tiña fácil entrar no universo das computadoras e moverse nel cun mínimo de soldadura. Por outra parte, hai que pensar que o primeiro centro de datos da USC fora creado en 1969 e dotado, algún tempo despois, cun computador chegado por mediación da Fundación Barrié de la Maza e donativo da Fundación Fullbright. O acceso a aquela máquina estaba reservado a persoas con coñecementos moi especializados, procedentes case sempre da Matemática (non había Informática aínda), pero daban servizo a toda a comunidade en xestión (listas, por exemplo) e, sobre todo, en investigación. En 1978 conseguín axuda para que procesasen alí as respostas ás preguntas dun cuestionario sobre actitudes lingüísticas entre o profesorado de EXB. Picaron as enquisas en tarxetas perforadas e cruzaron despois as respostas a cada pregunta coas respostas ás demais preguntas. Naturalmente, eran datos moi en bruto que había que seleccionar e refinar. Dada a época da que estou falando, non resultará estraño que diga que obter o valor dos estatísticos que aplicabamos (simples, nada complicados) precisaba o uso de dúas calculadoras (xa eléctricas), porque non había forma de manter na memoria de paso os resultados previos.

Estes cincuenta anos son tamén os que albergan o paso da pluma estilográfica (ou bolígrafo) e a Pluma 22 (portátil de Hispano-Olivetti), na que eu escribín a memoria de licenciatura e tamén a tese de doutoramento, á utilización universal de computadoras persoais. Movémonos hoxe nestoutro

cional, mediante el establecimiento de cuatro únicas categorías del profesorado y la creación de una carrera docente.

mundo con tanta naturalidade que mesmo parece imposible imaxinar a existencia doutras realidades para o noso sistema de traballo e pensar que houbo unha época na que o máis avanzado era traballar nunha máquina de escribir mecánica na que, por certo, era posible seguir tecleando mesmo cando marchaba a corrente, como pasaba con certa frecuencia naquel despacho no que Mercedes, Antón e mais eu convivimos en Mazarelos.

Igualmente difícil de imaxinar é o papel xogado por Filoloxía na informatización dalgúns compoñentes da xestión da USC. Avanzamos pola nosa conta na informatización da contabilidade e tamén dos fondos bibliográficos, incluído o control de peticións procedentes de diferentes departamentos e grupos de investigación. Non foi doado. En primeiro lugar pola propia complexidade dos procesos implicados na reconversión. En segundo termo, pola resistencia atopada nos servizos centrais, que consideraban grave pecado substituír as fichas mecanografadas e o ficheiro topográfico por rexistros nunha base de datos informatizada.

As historias, queridas amigas, queridos amigos, poucas veces son neutrais. Sen necesidade de chegar aos que agora dan en chamar «relatos» e moito menos ao proceloso mundo da posverdade, está claro que unha narración que ten un forte compoñente autobiográfico está totalmente condicionada polas trampas que fai a memoria e irremediabilmente nesgada polos intereses persoais. A miña pretensión foi transmitirle a quen non viviu aqueles anos as que considero liñas fundamentais da nosa pequena historia colectiva e compartir lembranzas e experiencias con quen si coñeceu aquela primeira Facultade de Filoloxía. Tratábase de contribuír á creación dese fondo colectivo no que pensa o noso decano e tamén de presentar unha parte minúscula da peripecia vital dunha xeración, a dos nados nos quince ou vinte anos inmediatamente posteriores ao remate da guerra civil. Foi a nosa unha xeración que, aínda sen pasar polas miserias de

todo tipo que dominaron o país nos tempos anteriores, tivo que vivir unha época escura dos puntos de vista político, cultural e económico. Unha xeración que tivo que facer moitas cousas partindo de cero ou mesmo de menos dez e entregarlle a quen veu detrás un país ao que non coñecía «ni la madre que lo parió». Probablemente por iso compartimos unha visión basicamente positiva destoutro mundo no que nos tocou pasar dúas terceiras partes da nosa vida. Está claro que, para nós, non é certo que calquera tempo pasado fora mellor, pero... é inevitable unha certa dose de nostalxia e mesmo de melancolía por aqueles tempos, a ilusión que tiñamos e as esperanzas que compartiamos. Que, dentro de vinte e cinco anos, cando algún de vós escriba o *liber secundus* desta historia, poida dicir que foi, aquí en Vista Alegre, tan feliz como o fomos nós en Mazarelos.

FILOLOXÍA TEATREIRA

Darío Villanueva
Decano (1987-1990)

Logo das intervencións de don Ramón Lorenzo e de Guillermo Rojo, cómpre que continúe a xeira destas conferencias de exdecanos da Facultade de Filoloxía organizadas co gallo do cincuentenario da súa creación. Con eles coincidín como secretario da Facultade en dous equipos de goberno consecutivos para que finalmente en 1987 pasase a desempeñar a responsabilidade decanal por un período de tres anos, que era o que os estatutos da USC entón estipulaban.

O pasado mes de outubro, Guillermo Rojo tratou na súa conferencia asuntos fundamentais como son os vencellados á docencia, a investigación e a propia xestión, informando de xeito especial sobre os retos que el soubo abordar competentemente diante da necesaria implementación nas nosas actividades da tecnoloxía informática.

Pouco máis podería eu engadir ás súas informacións. Precisamente o intento de non ser redundante levoume a

elixir o tema central da miña ponencia e titulala *Filoloxía teatreira*. Soamente apuntarei dúas apreciacións persoais ao respecto. O decano Guillermo Rojo fixo mención a un tema que de antigo se ven esgrimindo como unha crítica reiterada á Universidade española. Refírome á chamada endogamia, á sistemática cooptación como profesores de persoas formadas no propio centro onde se formaron.

A este respecto, en varios escritos e intervencións sobre a gobernanza universitaria, que tiven que facer como reitor e exreitor da USC, expresei a seguinte argumentación.

Os nosos médicos ensináronnos a distinguir entre o colesterol malo e o bo. O primeiro, identificado cientificamente polas siglas LDL, é o que se vai incrustando nas paredes arteriais ata chegar a obstruílas. O bo, HDL, é polo contrario o que circula fluidamente polo noso sistema sanguíneo e contribúe, ademais, a arrastrar os ateromas lípidos para a súa eliminación no fígado.

Teño a convicción de que a nosa Facultade naceu e creceu grazas, por suposto, ao concurso de eminentes profesores vindos de fóra, pero tamén, e moi sobresaíntemente, polo vencellamento a ela de novos filólogos aquí formados. É dicir, a endogamia positiva. A propia USC foi durante moito tempo unha universidade de paso, sometida á eiva dunha exogamia perversa que impedía a constitución no seu eido de cátedras estables, departamentos e grupos de investigación competitivos.


Así mesmo, no comezo da miña intervención é preciso abordar outra cuestión fundamental que ten moito que ver co contido dela, co que din en titular *Filoloxía teatreira*. Refírome, xa que logo, ás funcións da Universidade.

Ortega e Gasset, nun coñecido opúsculo sobre o tema que data dos anos trinta, escribe que o ensino universitario «nos aparece integrado por estas tres funcións: I. Transmisión de la cultura. II. Enseñanza de las profesiones. III. Investigación científica y educación de nuevos hombres

de ciencia». Pero máis adiante, no capítulo V, titulado «Cultura y ciencia», Ortega xustifica o porqué da preeminencia que entre as funcións da Universidade lle daba á transmisión da cultura. Porque estaba convencido da «importancia histórica que tiene devolver a la Universidad su tarea central de ‘ilustración’ del hombre, de enseñarle la plena cultura del tiempo, de descubrirle con claridad y precisión el gigantesco mundo presente, donde tiene que encajarse su vida para ser auténtica».

Resulta cando menos sorprendente que das tres misións mencionadas por Ortega y Gasset dúas coincidiran exactamente co proposto no documento ministerial *Estrategia universidad 2015*: a ensinanza das profesións, e a investigación e formación dos científicos. Pero, sobre todo, sorprendíanos entón que a misión primordial de Ortega, a transmisión da cultura, desaparecese por completo a favor da transferencia de coñecemento e tecnoloxía.

A inclusión desta última función está máis que xustificada e ninguén pode opoñerse a ela. Eu mesmo, reitor filólogo, creei no só unha incubadora de empresas baseadas na transferencia, UNINOVA, senón tamén a primeira sociedade universitaria de capital risco, UNIRISCO, para contribuír ao financiamento de proxectos nados no seo dos institutos e departamentos da USC. Pero, por que suprimir inxustificadamente a transmisión tamén da cultura? Ben entendido que, a estes efectos, hoxe todos concordamos na suma do que Lord Snow denominaba «as dúas culturas»: a humanística e a científica. Esa cultura integradora, que nos axudará orteguiamente a entender a nosa sociedade e o século XXI, tén igualmente nas universidades un potencial incomparable ao que se poida atopar noutros ámbitos, e sería un dispendio que se renunciase a transferilo ao mesmo tempo que a tecnoloxía. Se o un redundará no enriquecemento económico da sociedade, o outro producirá o mesmo beneficio en termos de riqueza inmaterial, pero non por iso menos apreciable.



Programa da primeira semana de teatro, 1988

Este é o marco no que quero contextualizar a que foi a miña proposta como decano, entre 1987 e 1990, a prol dunha «Filoloxía teatreira», obxectivo prioritario para min, secundado como axiña veremos polos alumnos, profesores e persoal da Facultade, xunto con outros intentos diferentes que a pesar de todo non expoñerei polo miúdo.

O principal deses outros obxectivos era, nomeadamente, o logro dunha nova sede, pois o histórico edificio de Mazarelos, que fora a «scola grammaticorum» dos xesuítas, non tiña capacidade para acoller os preto de 3.500 estudantes de Filoloxía, e non fora reformado nos anos setenta como edificio con aulas, senón soamente para despachos de profesores. O meu predecesor no decanato dimitira ao ano da súa elección por este motivo, pola falta de resposta á situación por parte do goberno da USC. Eu enfrenteime de cheo co problema, rexeitando algunha falsa solución que nos propuñan desde San Xerome, e finalmente conseguimos a habilitación dun solar no Burgo das Nacións e cartos -oitocentos millóns de pesetas- para financiar un ambicioso proxecto construtivo que se lle encargou ao arquitecto Alberto Noguerol del Río, recentemente falecido, que atendeu a meirande parte das demandas de espazos que consensuadamente a Facultade lle elevou.

As obras comezaron no meu mandato, e correspondeulle á miña compañeira de promoción Isabel González, como primeira profesora elixida decana de Filoloxía, a inauguración do novo edificio no ano 1991.

O espazo é un dos problemas constantes das universidades. Recordo que en 1994, estando aloxado no «Faculty Club» de Harvard co gallo dunha conferencia que tiña que pronunciar nese prestixioso centro da chamada «Ivy League», no meu apartamento había unha pequena biblioteca na que atopei un libro do meu interese: as memorias dun antigo reitor. E nunha das súas páxinas, probablemente con ironía británica, afirmaba o autor que o meirande problema das Universidades era xustamente o espazo, porque todos os

anos se incorporan centos de estudantes que traen algo de coñecemento adquirido ao longo dos seus estudos anteriores e catro anos despois marchan sen ningún, de xeito que hai que almacenar aquel coñecemento que van deixando...

Engado dous puntos máis do meu empeño: a creación das titulacións de Filoloxía Xermánica e de Filoloxía Italiana. Conseguí convencer ao reitor Carlos Pajares, un físico moi receptivo cara ás Humanidades, co argumento de que era unha vergoña que entre os confesionarios da catedral compostelana houbera dous identificados cos carteis en latín de «Lingua toscana» e «Lingua tedesca» e polo contrario nós, os filólogos, non estivesemos á mesma altura dos cóngos penitenciarios pola ausencia na nosa Facultade de cátedras e especialidades desas dúas grandes linguas europeas de cultura. E moi importante tamén outro obxectivo: a participación moi activa desde o principio no programa de intercambio de profesores e alumnos ERASMUS que a Unión Europea puxo en marcha precisamente no ano 1987. Comezamos con Francia a través de Universidades do país veciño como a de Bourgogne en Dijon.

Fun elixido decano da Facultade o 1 de abril de 1987 e tomei posesión na reitoría de San Xerome o día 30 dese mesmo mes. Por certo, non foi doado o transo da miña elección. Como xa adiantei, o meu predecesor dimitira logo dun ano da súa propia elección. Eu non quería asumir esta responsabilidade, coñecendo as dificultades relacionadas co edificio que explicaban a súa dimisión, pois acababa de gañar a primeira cátedra de Teoría da Literatura da USC e tiña moita tarefa por diante para consolidar esta nova área de coñecemento creada pola LRU. Pero persoas moi influíntes na facultade pedíronme que me presentara, e así o fixen como candidato único. Fíxeno, ademais, mantendo o mesmo equipo de vicedecanos e secretario nomeado polo decano anterior. E con todo, saín elixido polos pelos, na segunda volta, porque un exdecano, consonte coas súas

propias declaracións, apostara que non tería moitos apoios, e fixo campaña entre os seus para que houberse vinte votos en branco e vinte abstencións.

Pois ben, da acta da primeira xunta de Facultade que presidín o 8 de maio de 1987, escolmo o seguinte parágrafo que vén ao caso da Filoloxía teatreira: «Pasando a outra orde de cousas, o señor decano informa da actividade teatral na Facultade de Filoloxía (grupos de teatro de Filoloxía francesa, xermánica e hispánica), con resultados moi positivos según as críticas aparecidas nos diferentes medios de comunicación. A xunta ten que ser sensible a este feito e debe apoiar explicitamente este tipo de actividades. O señor decano fai votos para que o exemplo destes grupos de teatro se estenda a outras seccións ou subseccións e ó mesmo tempo solicita permiso da xunta de Facultade para enviarlles unha carta de felicitación ós profesores responsables dos grupos de teatro. A xunta aproba por unanimidade esta proposta do señor decano e este, ó mesmo tempo, comprométese a apoiar desde o Decanato as actividades teatrais».

Efectivamente, contabamos xa en 1987 cunha tradición de actividade escénica vencellada ó noso Centro que non tardaría en conmemorar, no ano 1989, os primeiros vintecinco anos de existencia da sección de Filoloxía, como agora celebramos o cincuentenario da propia Facultade. Hai que ter en conta que, o *English Theatre Group* comezou a súa actividade no 1979, e chegou a producir unha obra por ano cando menos: Wesker, Pinter, Beckett, Miller, Sephard, Synge, Friel, e, coma non, Shakespeare. E no 1982 créase o *Grupo de teatro do Departamento de Francés* baixo a dirección da profesora Françoise Jourdan. Antes de 1987 montan obras de Grumberg, Tardieu, Aymé e Labiche. Para a documentación destes antecedentes, así como das actividades durante o meu decanato e despois, é fundamental consultar a tese de doutoramento que un dos nosos teatros, Fernando Dacosta Pérez, leu na Universidade de Extremadura no ano

2017 baixo o título *25 años de teatro universitario gallego. Las aulas de teatro universitarias de Galicia (1990-2015)*.

Permítaseme, chegados a este punto, unha confesión de índole persoal. Xa en 1999, o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC, publicou un volumen compilado por Luciano García Lorenzo igualmente titulado *Aproximación al teatro español universitario (TEU)* no que Roberto Salgueiro, director na miña xeira do *Grupo de teatro en lingua galega* e director desde o curso 1990/1991 ata hoxe da Aula de teatro da USC, escribe un moi ben documentado capítulo sobre «La práctica escénica en la Universidad de Santiago de Compostela entre los años 1936 y 1975». Nel recóllese a miña actividade, cando era alumno da Facultade de Filosofía e Letras, como director do grupo de teatro «Gelmírez», que estreou en 1968 e 1969, respectivamente, dúas obras do dramaturgo sueco August Strindberg: *El pelícano* e *El incendio*. Destaca tamén a montaxe en 1970 de dúas pezas de Max Aub que eu tamén dirixín: *Dramoncillo* e *Los muertos*. E fai o seguinte comentario: «La importancia de este montaje no residía solo en la trascendencia política que pudiese tener -Max Aub que aún permanecía en el exilio-, sino que, en el caso de *Los muertos*, se trataba de su estreno en España». Esta función mereceu o premio á mellor dirección no «II certamen local de Teatro Universitario», galardón que tamén me fora concedido o ano anterior polo meu traballo con *El pelícano*. Finalmente, Salgueiro menciona a estrea o 27 de marzo de 1971, un ano antes da miña licenciatura, da obra do dramaturgo alemán Bertolt Brecht *La excepción y la regla* que tamén dirixín co grupo de teatro Gelmírez.

Esta inclinación teatreira persoal, que viña da miña etapa como estudante de secundaria e que, por certo, tamén compartía a miña noiva de entón, a profesora Ermitas Penas Varela, e que segue viva ata o presente na nosa filla Beatriz Villanueva Penas, fixo que, xa como decano, se aliase coa miña convicción a prol da función cultural da Universidade

que salientaba Ortega y Gasset e me levase a poñer énfase en potenciar ao máximo a práctica dramática na Facultade ao considerar que esta actividade achegaba un dobre beneficio xa que, esta práctica teatral, en toda a súa plenitude, amén de contribuír ao coñecemento, ao espallamento e ao goce da cultura literaria, cómpre un impagable servizo didáctico. Cultura e formación da man, polo tanto, como querería Ortega. Utilidade que, na súa dimensión educativa, foi axiña aproveitada polos xesuítas, orde especialmente dedicada ao ensino. Na súa *Ratio Studiorum* abórdanse xa algunhas indicacións ao respecto do teatro escolar, do que se conserva un amplo corpus de textos en latín e en linguas vernáculas, que amén da finalidade didáctica, atendían así mesmo a propósitos moralizantes e propagandísticos. No que se refire a Galicia, hai constancia destas representacións de teatro escolar no Colexio de Monterrei, o primeiro da Compañía fundado na vila natal do Conde no 1555.

Moitos deses textos, inspirados a miúdo en Plauto e Terencio, eran de moi escasa calidade literaria e dramática, pero satisfacían amplamente as demandas formativas. Os estudantes, ao actuar nas pezas, exercitaban a memoria, fixando nela as palabras conferidas aos seus papeis, melloraban a súa dicción (articulación, entoación...), e chegaban a dominar o que a disciplina retórica denominaba a *actio*, a actuación propiamente dita: mímica, xesto, movemento na palestra... Vencían así, á vez, o «medo escénico» acomodándose ás situacións, fose no escenario teatral ou fóra del, nas que unha persoa ten que se dirixir en voz alta a un grupo de oíntes aos que en moitos casos terá que dar explicacións, convencer ou mesmo disuadir.

As situación dramáticas, sendo ficticias, axudan con intensidade a que os participantes, desempeñando os papeis que o texto lles confire, enriquezan a súa comprensión de todo o humano, nun contexto de socialización activa polo traballo conxunto, de equipo, cos outros actores e actrices.

FACULTADE DE FILOLOXIA

II SEMANA

DE

TEATRO



GRUPO DE TEATRO DE FRANCES

A actividade empregada para grupos de francés, creado no 1982, no curso 1986-89 centrouse na preparación da obra de G. Feydeau, *Le Dindon*.

O escenario foi lugar en Oviedo, onde o grupo foi invitado a un festival de teatro de expresión francesa, que se desenvolveu do 17 ao 21 de abril de 1988.

No mes de maio tivemos a acostumada representación anual no Auditorio da Universidade de Santiago.

No mes de setembro, fomos invitados a actuar na Aula de Cultura da Casa de Alumnos do grao das Licenciadas Pedagóxicas para profesoras de francés de Galicia.

A última representación do grupo foi lugar o día 13 de outubro en Vigo.

Os grupos de teatro de Facultade de Filoloxía agardamos a donación dun mesturador-igualizador o establecemento SAN LUIS.



San Luis, 44 al 50 - Teléfono: 23 28 00
San Vicente, 8 - Teléfono: 23 28 00
LACORUÑA

Portagnac, home marié et distingué, se plaît à séduire les femmes. Un jour, il poursuit sans le savoir la femme de son ancien ami Vatel. Cette mésaventure amuse beaucoup Vatel et Portagnac, ravi, continue à entreprendre Mme Vatel qui assure qu'elle ne trompera son mari que si elle a la preuve de son infidélité. Or Vatel va justement voir arriver son unique et ancienne maîtresse, Mllego, une anglaise venue le rejoindre chez lui. Désespéré, Vatel appelle Portagnac à son secours et lui demande l'adresse d'un hôtel discret. Portagnac, enchané, court apprendre la nouvelle à Mme Vatel et lui propose de surprendre son mari le soir même. Il a tout calculé: il prouvera les deux complices à l'aide d'un système de lampes électriques placés sous le matelas de lit. Malheureusement pour lui la chambre a été toute deux fois; cette erreur va compromettre ses plans: il sera lui-même surpris avec l'Anglaise et Mme Vatel ayant pris son mari en flagrant délit d'adultère avec une vieille soubrette va se venger et prendra pour amant Ernest Fédillon, ami des Vatel. L'espérance après chez Fédillon, volé, repousse ses avances: il est abusé par la nuit qu'il a passée avec Armandine, une jeune cocotte et il a peur de l'adultère. Il va donc se charger de reconquérir Vatel et sa femme. Portagnac, dupé, n'a plus qu'à conclure: "Je suis le dindon".

A Portagnac, home novo casado e distinguido, góstafo seducir mulleres. Un día, anda a perseguir, sen saberlo, a muller do seu amigo antigo Vatel. Esta desventura adverte moito a Vatel e Portagnac, encantado, continúa a facer-la corte a Mme. Vatel quen asegura que só enganará o seu marido se ten probas de súa infidelidade. Mag Vatel vai ver chegar, precisamente, a súa única e antiga amante, Mllego, unha inglesa que viu acouchoa a ela e a súa propia casa.

Desamparado, Vatel pide axuda a Portagnac para que lle dite o enderezo dun hotel discreto. Portagnac, encantado, vai a convencerle e noticia a Mme. Vatel e propoñe pillar o seu marido esa mesma noite, fendo todo calculado: arranxará os complices coa axuda dun sistema eléctrico agachados debaixo do colchón da cama.

Desafortunadamente, o cuarto foi elixido dúas veces: este erro de cálculo vai comprometer os seus plans; el mesmo vai ser sorprendido coa inglesa e Mme. Vatel, despois de pillar en flagrante delito o seu marido coa vella soubrette, irá vengarse e tomará como amante a Fédillon, amigo dos Vatel. Cando a señora chega á casa de Fédillon, este repúse ao súa situación: está abusado pola noite que pasou con aquela e ten medo do escándalo. Vaise encargar el mesmo de reconquiar a Vatel e a súa muller. Portagnac, burlado, ten que concluir: "Estáste escudo, eu sou o paxaro".

REPARTO:

PONTAGNAC.....	JUAN REY
VALENTIN.....	Javier BERRIO
FEDILLON.....	Juan B. MARTINEZ
SOLDIGNAC.....	Ruana NOVO
PINCHARD.....	Paco FROJAN
GEROME.....	Toño PENA
JEAN.....	Toño PENA
VICTOR.....	Toño PENA
LA GERANTE.....	Carmen SEA
LUCIENNE VATELIN.....	María CRESPO
CLOTILDE PONTAGNAC.....	Teresa ALONSO
MAGGY SOLDIGNAC.....	Isabel LOPEZ
ARMANDINE.....	Nitty RIVADULLA
MME PINCHARD.....	PAULA BALLESTEROS

Programa de man de *Le Dindon*, segunda semana de teatro, 1989

É difícil ignorar todas estas achegas da práctica do teatro no proceso de formación da xuventude.

Mais no caso dos grupos da Facultade de Filoloxía, non se pode esquecer a importancia que tiveron para a práctica intensa e esixente dos idiomas nos que se producían as representacións. Antes de 1987 así foi co inglés e co francés, para o que os respectivos grupos contaron desde o principio co concurso de profesores nativos e lectores. E a partir dese ano, engádense as representacións en castelán e en galego cos grupos que aparecen axiña ao abeiro do apoio que a Facultade de Filoloxía acordara outorgarlles.

Mais, xunto con estes beneficios didácticos, o teatro universitario achega unha relevante función cultural de considerable riqueza. Dela son parceiros non soamente os que fan o espectáculo, senón tamén os destinatarios do mesmo, os seus espectadores. Os grupos da Facultade de Filoloxía levaron as súas funcións fóra dos escenarios da propia Universidade, creando así accións culturais para un máis amplo espectro de público. A asistencia ás representacións xera no auditorio goce estético, coñecemento de ideas, matices da condición humana e realidades antes descoñecidas para eles, por non falar do efecto terapéutico e liberador que desde a *Poética* de Aristóteles se coñece como *catarse*. Non preciso insistir máis nunha evidencia incontestable: o teatro é unha das meirandes expresións culturais, cunha poderosa pegada social.

Desde aquel primeiro acordo da xunta de Facultade, e ao longo dos tres anos que seguirán ata o final do meu mandato en maio de 1990, producírase un intenso quefacer teatral que resumirei brevemente. Interésame, en todo caso, salienta que ao igual que, como xa teño advertido, existían dous grupos, de inglés e francés, vencellados á facultade, activos desde pouco despois da súa creación como novo centro da USC, o teatro seguiu presente entre nós confirmando

a consistencia dunha Filoloxía teatreira que trascendía ademais os confíns da propia Universidade, dentro e fóra de Galicia.

E isto a pesar dunha limitación á que xa teño aludido, a de falta de espazo para os ensaios e outras eivas de tipo burocrático e económico. Os ensaios facíanse nas aulas, dependencias do decanato e vestíbulos do edificio en horas fóra da actividade lectiva, para o que os responsables dos grupos dispuñan dunha chave do portón principal que polas súas características era coñecida co alcume de «a faca». Pouco a pouco obtivemos achegas económicas por parte da USC, da Xunta de Galicia e incluso do Ministerio de Cultura coas que puidemos adquirir equipamento luminotécnico e baúles para gardar e desprazar o vestiario e *atrezzo* das distintas funcións. Contamos para dotar os escenarios con axuda de moblerías como La Rosa e algún outro establecemento comercial como Ceinos ou San Luis, que nos doou un «mezclador-equalizador». E aínda recordo cun sorriso as dificultades que tiven que vencer coa xerencia universitaria para xustificar as facturas de compra de varias perrucas e dunha morea de naipes, necesarios para unha escena en concreto dunha das obras representadas, *Así que pasen cinco años* de Federico García Lorca. A construción do novo edificio da Facultade no Burgo das Nacións, inaugurado no 1991, proporcionaríase finalmente locais *ad hoc* para os grupos entón xa existentes. Axudou tamén a colaboración proporcionada neste senso polo Centro Dramático Galego, creado pola Xunta en 1984, e, nomeadamente, polo Teatro Principal do Concello, como axiña veremos.

Consta nos anais da historia do teatro europeo como alumnos dos xesuítas acabaron converténdose en grandes autores e nalgún caso tamén directores como Molière, Corneille, Cervantes, Calderón de la Barca ou Quevedo. E non deixarei de lembrar que moitos dos teatreiros formados en Filoloxía acabaron desenvolvendo unha actividade

profesional na escena galega. É o caso dos xa mencionados Fernando Dacosta e Roberto Salgueiro. O primeiro, autor da tese tamén xa citada, é dramaturgo, actor e director por exemplo da Aula de teatro da Universidade de Vigo e membro dos grupos Maricastaña ou Sarabela Teatro. E Salgueiro, primeiro director do grupo de galego e da Aula de Teatro da USC, foi galardoado como dramaturgo varias veces, a primeira no 1988 e logo en 2000, 2002 e 2007, co premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais convocado pola Xunta.

Galicia experimentou ao longo destes cincuenta anos da nosa Facultade que celebramos un impresionante proceso de desenvolvemento no eido das artes escénicas. En varios traballos que abordan este éxito cultural do país menciónase expresamente a influencia positiva e as achegas que a Filoloxía teatreira representou. Así o fixo constar por exemplo en declaracións recentes (2024) Diego Vázquez Meizoso, xerente de Escena Galega, agrupación de sesenta compañías, subliñando a importancia que tiveron no seu momento «a presenza de grupos non profesionais no ámbito universitario especialmente arredor da facultade de Filoloxía» para «a profesionalización e a creación dun sistema escénico forte» no país. Tamén recolle este recoñecemento o informe elaborado por Pauli González Díaz titulado «Así ha sido el camino hacia la profesionalización del teatro en Santiago de Compostela» datado na rede o 28 de febreiro de 2024. Non quería deixar fóra da miña mención nesta conferencia a ninguén de entre as persoas que desde o noso centro, desde os nosos grupos en galego, castelán, inglés e francés, deron o salto ao exercicio en moitos caso profesional do teatro. Varias delas foron consultadas por min para preparar esta presentación de hoxe, e todas achegáronme informacións sumamente valiosas.

Tal é o caso de Paula Carballeira, actriz e dramaturga, Premio nacional de literatura dramática concedido polo Ministerio de cultura en 2023; de Gloria Rico e

Alfredo Conde Mariñas, vencellados ao grupo TEP, Teatro En Punto; de Tito Piñeiro, director e autor, que comezou no grupo de inglés e traballaría co dramaturgo brasileiro Roberto Cordovani, promotor do Teatro Arte Livre; de Josito Porto, cómico fundador en 1977 de Teatro de Adro que gañou varias veces o premio María Casares da Asociación de Actores e Actrices de Galicia; de Rosa Iglesias, que traballou co Teatro da Lúa de Dorotea Bárcenas; Paulo Rodríguez, director da aula de teatro do campus de Lugo e logo programador e xerente do Teatro Rosalía de Castro na Coruña; Artur Trillo, director, autor e actor creador de Talía Teatro; Mónica Caamaño, cunha ampla carreira tamén no cinema; Ursia Gago, que comezou no grupo *Captatio benevolentiae* como tamén Maxo Barxas, que se estreou co papel de Clarisa no *Tartufo* e pasados os anos, entre outras moitas actuacións como profesional, interviría no *Ricardo III* de Shakespeare co CDG ... Por adiantado, vaian as miñas desculpas por posibles omisións que non serán xa que logo deliberadas, senón froito da memoria minguanante dun exdecano e xa profesor emérito ao final da súa actividade profesoral encetada hai máis de cincuenta anos.

Para a elaboración deste informe presentado como conferencia co gallo do cincuentenario da creación de Filoloxía por segregación en tres facultades da anterior de Filosofía e Letras contei, amén da miña propia lembranza, con outras axudas impagables. Xa mencionei algunha delas, pero é de xustiza subliñar dúas máis procedentes dos propios grupos.

Para todo o relacionado co grupo de francés, cuxa traxectoria antes de 1987 xa apuntei lembrando o papel entón desenvolvido pola profesora Jourdan, foime de máxima utilidade o concurso de Xoán Bautista Mariño Abuín, ao que debo un especial agradecemento pola plétora de información que me proporcionou a partir da dilatada produción escénica deste grupo. Outro tanto cómpre dicir da profesora Karen

J. Duncan Barlow, profesora do departamento de inglés que comezou a súa colaboración teatreira como asesora de pronunciación cando a montaxe no curso 1985/6 de *Translations*, peza de B Friel, e do espectáculo *Extracts from Shakespeare* producido un ano máis tarde co gallo dun simposio promovido polo profesor Manuel Barbeito e o gran especialista inglés de Oxford Terry Eagleton, que sería doctor *honoris causa* pola USC sendo eu reitor.

Karen, que me confesou que ela tamén tiña o vermiño teatreiro desde os seus estudos secundarios en Inglaterra, foi a profesora que máis chegou a implicarse neste capítulo de tanta importancia cultural na historia da nosa Facultade, no que tamén participaron outros docentes como Laura Pino en Francés ou José María Viña Liste e Margarita Santos en español. E sinalarei tamén como un verdadeiro precursor ao meu sempre lembrado compañeiro de Teoría da Literatura Miguel Gómez Segade, que, por encargo do vicerreitor Manuel Sánchez Salorio, se encargou de promover o teatro na USC alá polo ano 1975 cando era reitor Pablo Sanz Pedrero.

Karen Duncan pasou de ser asesora lingüística do grupo de inglés a substituír no cometido de directora ao alumno Manuel Carreira, e en certo modo tamén foi a miña interlocutora sempre atenta e eficaz cando o decano tiña que tomar algunha decisión e achegar algún apoio especial a todas as agrupacións da Facultade. Agora, case trinta anos despois, achegoume pezas do seu arquivo que faltaban no meu: programas de man, carteis, fotografías, facturas, correspondencia, etc.

A este respecto, foi determinante atopar nos fondos do SERVIMAV, o Servizo de medios audiovisuais da USC, gravacións feitas entre 1987 e 1989 de oito representacións diferentes dos grupos de español -*Captatio Benevolentiae*-, de francés, de inglés e de galego. Mentras eu facía a miña exposición oral o 26 de novembro do 2024, proxecciónse na pantalla do salón de graos durante trinta minutos unha

selección de *Usted tiene ojos de mujer fatal*, *Un drôle de cadeau*, *Picnic*, *The effect of gamma rays on man-in-the-moon marigolds*, *La culotte*, *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, *Pigmalion* e *Le dindon*. Que conste a miña gratitude polo interese e a eficacia con que fun atendido pola directora María Olga Fontán Maquieira e a técnica Natalia Flores Seijas.

Tamén contamos cunha fonte substancial de información: as hemerotecas. Os xornais de Galicia foron dando noticia puntual das actuación dos nosos grupos dentro e fóra de Compostela. A tónica xeral na meirande parte destas crónicas, recensións e noticias periodísticas era moi positiva, suliñando o magnífico traballo desenvolvido con non pouco esforzo polos nosos estudantes actores e actrices que facían teatro en catro linguas distintas, e que ao se sentir deste xeito recoñecidos cobraban novos azos.

Houbo unha excepción á que tiven que saír en resposta reivindicativa. Na *Voz de Galicia* do 4 de xaneiro de 1988 a xornalista Concha Pino, da redacción de Santiago, afirmaba a propósito da vida universitaria que o teatro «adolece de un impulso en todas sus vertientes, puesto que ni existe un grupo de teatro universitario, salvo la excepción del de inglés de Filología, ni tampoco se prodigan las representaciones por iniciativa de la adormecida e inerte Aula de Teatro». A miña resposta como decano de Filoloxía chegou en forma de carta ao director pouco despois, o sábado 16 de xaneiro. Suliñaba nela, xunto ao recoñecemento do intenso labor do grupo de inglés cuxas funcións desde 1980 enumeraba, que «temos a sorte de contar, ata o momento, con dous grupos máis que traballan noutras linguas. O Grupo de Teatro francés é tamén veterano, e ten feitas como o de inglés, representacións fóra de Galicia. Entre os seus últimos traballos están *Un drôle de cadeau* de J. Bouchard e según as miñas noticias prepara na actualidade *La culotte* de Jean Anouilh. Finalmente no ano pasado comezou a representar o grupo máis novo, *Captatio Benevolentiae*, que fixo a montaxe da peza de Enrique Jardiel

Poncela *Usted tiene ojos de mujer fatal* estreada no mes de maio e repostada con grande éxito de público o 9 de decembro na Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Santiago».

E non podía faltar o recurso do arquivo da propia Facultade. Neste sentido contei coa axuda incondicional do secretario do centro, o profesor Eduardo Moscoso.

Xa teño citado nesta conferencia a primeira acta da xunta de Facultade realizada o 8 de maio de 1987. Cómpre agora que proceda do mesmo xeito con outra que sen dúbida é do máximo interese pola súa transcendencia no que sería a proxección inmediata da Filoloxía teatreira.

O 17 de xuño de 1988, é dicir, un ano despois da primeira xunta, consonte co que entón se acordara por unanimidade o decano informa de que os catro grupos teatrais (francés, inglés, galego e español) conseguiran unha subvención dun millón de pesetas por parte do Ministerio de Cultura, a única desta índole concedida á USC.

Anúnciase tamén que no mes de outubro se ían cumprir os 25 anos do establecemento dos estudos de Filoloxía no marco da Facultade de Filosofía e Letras que desde a súa fundación tan só impartía a licenciatura en Historia. Cito literalmente da acta: «despois de facer un pouco de historia sobre a introdución e desenvolvemento daqueles estudos, considera [o decano] que hai que celebrar eses 25 anos con actos de distinto carácter: semana de Teatro cos catro grupos, mesa redonda sobre o futuro dos estudos de Filoloxía, reunión coa primeira e coa derradeira [ata o momento] promoción de filólogos desta Universidade, actos académicos, etc.».

Como froito do acordado naquela xunta de Facultade nace o ambicioso proxecto da primeira «Semana de teatro» en novembro de 1988, que terá continuidade na segunda un ano máis tarde.

O programa de man desa primeira semana incluía un limiar no que se recordaba que no mes de outubro do 1963 comezara a traxectoria académica da primeira sección

de Filoloxía creada o ano anterior no seo da Facultade de Filosofía e Letras da USC. E engadíase despois que «a actual Facultade de Filoloxía, herdeira daquela sección, com-prácese en encetar a conmemoración deses primeiros vinte cinco anos da súa historia cunha mostra conxunta, ao longo dunha semana, da intensa actividade dramática desenvolvida dende 1979 por diferentes grupos teatrais xurdidos da propia Facultade que traballan en catro linguas: inglés, francés, castelán e galego». Obrigada, pero gustosamente, rematábase expresando o noso agradecemento ao Vicerreitorado de actividades culturais e servizos estudiantís, ao Instituto de la Juventud do Ministerio de Cultura, e o Excmo. Concello de Santiago de Compostela, que cedeu gratuitamente o Teatro Principal para as representacións que tiveron lugar consecutivamente, de luns a xoves, os días 14, 15, 16 e 17 de novembro de 1988 con grande éxito de crítica e público, como se adoita dicir (pero que neste caso así foi en realidade).

Comezou a semana coa función de *The English Theatre Group*, dirixida por Karen J. Duncan e Tito Piñeiro e co concurso de Andrew Miller como «language coach», sobre o texto de Paul Zindel *The Effects of Gamma Rays on Man-in-the-Moon Marigolds*. O reparto constaba de cinco actrices: Alicia Acuña, Isabel Figueira, Inés Salgado, Helena Pombo e Carmen Álvarez.

O dramaturgo neoyorquino Paul Zindel obtivo precisamente o Premio Pulitzer en 1970 por esta obra, *Os efectos dos raios gamma nas margaridas*. O seu argumento e temática segue a ter plena actualidade. A protagonista, Beatrice, abandonada polo seu home, cunha filla con problemas, mantén na súa casa vellos e enfermos desahuciados que atende por poucos cartos. Mathilda e Ruth, as súas fillas, reaccionan de xeitos diferentes, unha con agresividade e a outra refuxiándose nos estudos.

O martes, ás 8.30 do serán o *Grupo de teatro do departamento de francés*, o máis veterano como xa subliñei,

representou *La culotte* de Jean Anouilh, peza estreada en setembro do 1978 no Théâtre de l'Atelier. O reparto foi nutrido por seis actrices, Isabel Barredo Franco, Beatriz López Díaz, Paula Ballesteros Andrade, Carmen Sea Longarela, Naty Rivadulla Pazos e María Crespo Álvarez, e catro actores: Juan Rey Fernández, Miguel Cumbras Álvarez, Javier Martínez de Velasco e Javier Beiroa Liñares. É de salientar que este último desempeña un papel feminino, o de «La presidente du comité des femmes libres XVIème arrondissement».

Non se fai constar como tal, pero a dirección correspondéalle con toda certeza á profesora Françoise Jourdan, a quen xa atribuímos o nacemento e crecemento desde grupo a partir de 1982. No programa, ela mesma resume o tema central desta farsa: Francia vive baixo un matriarcado autoritario. As mulleres no poder son unhas arpías posesas de pudor e psicoanálise! Levan os pantalóns [la *culotte*] con todas as consecuencias e fan reinar o terror entre a poboación masculina. Os Falócratas do Antigo Réxime, coma o académico Leon de Santo Pe, acusado de preñar a unha rapaza, só teñen un remedio para salvaren os seus atributos virís ameazados por estas castrantes mulleronas: emigraren a Suíza onde «elas» aínda non teñen dereito ao voto.

Na tarde do día seguinte, mércores 16 de novembro, o Teatro Principal acolleu a representación do Grupo *Captatio Benevolentiae*, xurdido na Facultade no curso 1986-1987 por iniciativa de Iñaki Vizoso, Anabel Carnero e July Estévez. O 5 de maio de 1987, días despois da miña toma de posesión como decano, estreáronse coa representación dunha hilarante comedia de Enrique Jardiel Poncela, *Usted tiene ojos de mujer fatal*. E xa no marco da semana de teatro do ano seguinte, puxeron en escena unha obra francesa en versión española debida a Enrique Llovet: *Tartufo o el hipócrita*. O grupo proporciona no programa unha información que coido sumamente interesante en canto a aquela conexión entre teatro, filoloxía e cultura que estaba na miña idea como responsable



Un ensaio en Mazarelos

da Facultade desde o principio da miña xeira: «Durante este tempo hemos buscado las directrices del compromiso cultural que debe asumir todo grupo universitario. Y ahora, con nuevos componentes, sin otros que nos dejaron, nos embarcamos en un nuevo proyecto: presentamos nuestro *Tartufo* particular, que no es el de Molière, ni tampoco estrictamente el de Enrique Llovet. Como filólogos no pudimos resistir la tentación de ‘entartufarnos’ y, al mismo tiempo sumergir el mito de Tartufo en nuestro entorno».

Cun cumprido elenco de técnicos en vestiario, decorado, maquillaxe, son e luminotecnia, e baixo a dirección de Sagrario Abelleira, actuaron cinco actrices, Gloria Rico, Begoña Juárez, Lorena Gómez, Rosa Iglesias e Maxo Barxas, e seis actores: Alberto Carnero, Alfredo Conde Mariñas, José María Méndez, Víctor Pardo, Carlos Aradas e Pepe Guerra.

Finalmente, a semana pechouse cun broche de ouro: a primeira función do *Grupo de Teatro Galego* que comezara a formarse e traballar no mes de febreiro daquel mesmo ano 1988. O seu director sería Roberto Salgueiro, que encetaría deste xeito unha espléndida carreira tamén como dramaturgo. Xoan Carlos Méndez Avila foi o autor da música.

Constituíu todo un acontecemento esta representación da nova lectura da obra de Shakespeare por parte de Álvaro Cunqueiro titulada *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, publicada en 1958, e levada ao escenario polo CDG con posterioridade á semana de teatro de Filoloxía, en 1991. Dezaseis comediantes sobre os escenario. *Hamlet* foi J. Pablo Rodríguez Domínguez, *Ofelia* Marta Arce Babío, e *Poloño* Artur Trillo Sendón que interpreta tamén a *Escaramuza*, mentres que *Laertes* é encarnado pola actriz Asunción Blanco Salgueiro. Juan Bello, Marta da Costa e M. Carmen Golán García fan o *Coro*, e o elenco complétase con Xabier Santiago (con dous papeis: *Malar* e *Pantalone*), M. Luisa Valencia González, Antonia Soto Gómez, Eva Pérez,

Isabel Vaquero Quintela, Ana Castro Puga, Conchi, M. José Justo Piñeiro e Raúl Gómez Alfaro.

Non podó deixar de transcribir este parágrafo declarativo do grupo incluído no programa, no que é patente a xuvenil e desenfadada ironía: «Nesta magnífica universidade, onde un pode desenvolver coma complemento das actividades propiamente docentes, centos de aficións paralelas (deportivas, coma natación; culturais, coma a participación nas numerosas conferencias que se organizan, etc.) hai xente que mesmo ten inquiredanzas estrañas que ninguén pensou que se puidesen ter; por exemplo, na maravillosa, cómoda, acollidora e espaciosa facultade de filoloxía xurde un grupo de persoas interesadas en facer teatro galego; a pesar de que isto nin é unha escola de arte dramática, de que xa había aquí outras actividades en prol da normalización lingüística, etc., apoiase esta estraña idea desde o principio. Dáse toda clase de facilidades e mesmo se cede ante a incríbel pretensión de facer os ensaios nun escenario, neste caso o do auditorio, e non nas aulas da facultade, coma viñan facendo os outros grupos de teatro».

O éxito desta primeira semana de teatro filolóxico, ben reconecido en Santiago de Compostela, deu novos pulos á actividade dos nosos grupos, tanto aos máis veteranos como aos de recente constitución. E así, un ano máis tarde, o luns 20 de novembro de 1989 o grupo de francés inaugurou a II Semana de Teatro no Principal coa representación de *Le dindon* de Georges Feydeau, autor apreciado polos seus vodevís e farsas que gozaron de grande éxito de crítica e público desde finais do século XIX ata a súa morte en 1921. Un Tenorio casado, Pontagnac, é o pavo (*dindon*) que se enreda en dous «ménages à trois» coa muller do seu amigo Vatelín, Lucienne, coa amante inglesa de este, Maggy, e con outro amigo do matrimonio, Rédillon. Estes papeis principais os desempeñaron respectivamente Juan Rey, Javier Beiroa, María Crespo, Beatriz López e Juan B. Martínez. Xunto a eles interviron Ramón Novo, Paco Froján, Toño

Peña -nos dous papeis de *Gerome* e de *Jean-*, Carmen Sea, Teresa Alonso, Naty Rivadulla e Paula Ballesteros. Como no caso de *La culotte*, non se fai constar quen se encargou da dirección.

O martes 21 ás 8.30 subiron ao escenario de Teatro Principal os dezaseis actores e actrices do *E. T. Group*: Marta Brage, Mentxu Álvarez, Miguel González, Sani, Alicia Acuña, Gonzalo Valiñas, Fernando Reimúndez, Pepa, Antonio Maño, Lorena, Raúl Gómez, Bernardo Fernández, Inés Salgado, Xerardo Fernández, Carmen Millán e Vicky Villar. A directora foi xa en solitario Karen J. Duncan, acompañada dun nutrido grupo técnico. A obra escolleita é un clásico do teatro inglés que George Bernard Shaw, un dos premios Nobel irlandeses, estreara en 1912, e máis tarde adaptou como guiión cinematográfico que foi premiado cun Oscar en 1938. El mesmo a definiu como un drama didáctico sobre a fonética, é o seu protagonista principal é o filólogo Henry Higgins, que cunha formulación ridícula, quere moldear Liza, unha rapaza dos arrabais, para que pase por unha señora unha vez corrixida a súa pronuncia e o seu inglés *cockney*. Desde a súa perspectiva de angloparlante periférico como irlandés que era, Bernard Shaw critica os ingleses porque «have not respect for their language, and will not teach their children to speak it».

A seguinte función correspondeulle ao *Grupo universitario de teatro galego* dirixido desde o seu nacemento por Roberto Salgueiro, a quen se debe tamén a adaptación deste drama en verso. Así o programa advirte que «*O fidalgo* é unha versión libérrima, que pouco ten que ver co texto orixinal de Xesús San Luis Romero», quen de volta da emigración en Bos Aires estreou esta peza contra o caciquismo precisamente no Teatro Principal en 1918. O texto foi editado en 1986 por Pilar García Negro e Xosé María Dobarro, que o sitúan no contexto do Teatro das Irmandades da Fala e na tradición lopesca de *Fuenteovejuna*. A protagonista, Pascoala,

foi interpretada por María José Justo (Coché), e o papel do Fidalgo correspondeulle a J. Pablo R. Domínguez. Actuaron tamén Francisco Lestón, Artur Trillo Sendón, Conchi Sande, Milagros Verde Crespo e María Besteiro Golán. Entre os dous actos en que Salgueiro distribuíu a súa versión as cantareiras do grupo Leilía, que acababa de formarse, interpretaron as «coplas» Pascoala, Xoaquín, Lelo y Fidalgo. Contábase tamén coa colaboración musical de Xaquín L. Fariña, o compositor e lutier coñecido tamén como Quim Fariña.

Nesta segunda semana debutou o novo *Grupo de Teatro EIS* da man de Fernando Dacosta co concurso de estudantes de Filoloxía hispánica e galega secundados por alumnos doutras facultades. O día 23 levaron á escena a versión que o director, responsable tamén da música, fixo do texto narrativo de Raymond Quenau *Exercices de style*, publicado en 1947, e inspirado na «Arte da fuga» de Bach. Quenau foi un destacado membro de agrupacións vangardistas da posguerra como o Colexio de Patafísica e o grupo OuLiPo, o Obrador de Literatura Potencial, e nestes *Exercicios de estilo* levado ao teatro en galego conta de 99 formas distintas un mesmo sucedido, por outra parte trivial, nun autobús urbano. A versión de Dacosta para Eis limita ese número a 25 variantes, encarnadas perspectivamente por 16 actores e actrices: Fito Alonso, Carmen Álvarez, Javier Álvarez, Ana Amado, Águeda Andrade, Otilia Carballa, Mabela Casal (por certo, hoxe directora da Biblioteca universitaria da USC), Ana Díaz, Cruz López, Patricia Louzao, Javier Méndez, Benita Pérez, Marga Portomeñe, Meli Rey, Carmen Varela e Marga Villar. É moi ilustrativo, na miña opinión, esta declaración que fai o grupo no programa da función: «Por iso escollemos esta obra: por iso e pola nosa situación de aprendices de filólogos. Porque *Exercicios de estilo* reflexa a sociedade por medio da linguaxe».

Finalmente, esta segunda semana de teatro filolóxico rematou o venres 24 de novembro de 1989 coa representación

a cargo do grupo *Captatio Benevolentiae* dunha peza do máis destacado dramaturgo español da posguerra Antonio Buero Vallejo, estudado maxistralmente por Luis Iglesias Feijoo nun exhaustivo libro publicado pola nosa Universidade en 1982: *La trayectoria dramática de Antonio Bueno Vallejo*. Este profesor emérito é responsable así mesmo, xunto con Mariano de Paco, da edición da *Obra completa* do autor de *Madrugada* en dous volumes aparecidos en 1994.

O grupo, dirixido por Elena Campos, contaba cun elenco en escena de oito actrices e actores: Rosa Igesias, Gloria Rico, Maxo Barxas, Marcelino López, Miguel Abellás, María Ben, Elena Campos, Alfredo Conde Mariñas e Pili Charlón. E no programa, despois de recordar a súa estrea de *Usted tiene ojos de mujer fatal* no salón de actos do colexio La Salle o 5 de maio de 1987, cando eu comezaba como decano de filoloxía, e a súa intervención con Molière na primeira semana de teatro filolóxico, engaden: «*Captatio* enfréntase por primeira volta cun drama: *Madrugada*, peza pouco representada dun autor de actualidade. É un proxecto concebido hai pouco tempo xa que supón un grande desafío, non só de cara ao público, senón tamén de cara a nós mesmos como actores non profesionais. Aínda así, esperamos telo conquistado». Efectivamente, non foi das obras do autor máis exitosas; despois da súa estrea no teatro Alcázar de Madrid en 1953 foi levada ao cine e a TV, pero tivo pouco percorrido nos teatros.

Por suposto que a actividade destes cinco grupos nados en Filoloxía, o de francés, o de inglés, o de galego, EIS e *Captatio benevolentiae* non se limitou as semanas de 1988 e 1989. Xa falei dos antecedentes, previos ás datas da miña incorporación como decano da Facultade, e tiveron xa que logo a súa continuidade a partir de 1990. Pero eu, loxicamente, limiteime ao período en que tiven unha participación directa no proceso que, na miña opinión, representou un logro inesquecible na historia do noso centro tanto desde o punto de vista convivencial coma educativo e, nomeadamente,



Os teatreiros co decano

cultural, por non falar da proxección pública do noso traballo e da nosa imaxe. Porque as representacións dos nosos grupos, que encheron a capacidade do Teatro Principal nas dúas semanas mentadas, estendéronse fóra dese recinto e fóra tamén de Compostela. *Pygmalión*, por exemplo, foi representada no auditorio de Caixa Galicia no contexto das quintas xornadas didácticas de inglés organizadas pola asociación de profesores APIGA, e *Le dindon* en setembro de 1989 na aula de cultura da Caixa de Aforros co gallo das IV xornadas pedagóxicas da asociación de profesores de francés de Galicia. Este grupo, ao que se incorpora Xoán B. Mariño Abuín no 1989, e no que foi director con posterioridade ata 1996, acumula ata ese ano catorce montaxes con medio centenar de representacións dentro e fóra de Galicia.

En todo caso, é ben recoñecido, como salientan Fernando Dacosta na súa tese xa citada, Xoan Couto, coautor do libro *Práctica teatral na escola*, e Carlos Villanueva no libro-catálogo *Gallaecia Fulget (1495-1995). Cinco séculos de historia universitaria*, que os cinco grupos da Facultade de Filoloxía «virían a se-la ponte coas actividades teatrais que posteriormente agromaron coa creación dunha área especificamente teatral dentro do Vicerrectorado, dirixida desde a súa constitución por Roberto Salgueiro». E da súa canteira saíron actrices, actores, directoras e directores que acabaron formando parte de compañías profesionais como o CDG, Teatro do Noroeste, Teatro do Malbarate, Teatro de Adro, Teatro Bruto, Arre Produccións, Talía Teatro, Sarabela, Ollomol, Matarile ou Ibuprofeno. Pola miña parte no teño moito máis que engadir. Soamente subliñarei a diversidade no só de linguas coas que estes cinco grupos representaban, senón tamén a variedade de épocas, de estilos, de temáticas e de xéneros das obras levadas a escena con bo criterio filolóxico pero tamén artístico, a prol do cumprimento da función cultural dunha universidade histórica como a nosa, docente, investigadora, formadora

de profesionais e provedora de ideas científicas transferibles á sociedade para crear progreso e riqueza.

Polo que a min respecta, engadirei a gran satisfacción que me produciu na primavera do ano 1998, unha década despois da primeira semana de teatro de Filoloxía, recibir como reitor na nosa Universidade os vinte grupos que concorreron ao IV Festival internacional de Teatro, inaugurado precisamente o día 20 de abril na sala Nasa polo novo *Grupo de teatro alemán* da nosa Facultade, que presentou a obra *Frühlings erwachen* de Frank Wedeking.

Ademais da Aula de teatro da USC, do *English Theatre Group* dirixido por Karen J. Duncan e *Captatio Benevolentiae*, a nosa Universidade contou co concurso de novos grupos como *Nus*, *Politeia*, *Apeiron*, a Compañía de teatro da Facultade de Filosofía, o Grupo de teatro «Comité pro autores perseguidos», e a Aula de teatro do campus de Lugo. Sumáronse tamén o Grupo de teatro universitario dos campus de Ferrol, de Ourense -dirixido por Fernando Dacosta-, e *Hac Luce* da Universidade de A Coruña. Por parte española, estiveron presentes a Universidade pública de Navarra, o Teatro universitario de Alicante e a aula de teatro da Universidade de Murcia. Igualmente, destacou a presenza do grupo *Ben Kadi So* de Costa de Marfil, do *Teatro nacional juvenil* de Venezuela que representou precisamente a obra *La Rosa de papel* de Ramón del Valle-Inclán, e do *Largee Than Fife Theatre Co.* de Escocia.

O festival incluíu así mesmo unha serie de conferencias, o «Encontro estatal de directores de teatro universitario» e a exposición «A práctica escénica na universidade de Santiago de Compostela no século xx» da que foi comisario Roberto Salgueiro. No catálogo que daba noticia de todos estes eventos, o limiar do reitor da USC reiteraba en 1998 as mesmas ideas que o decano de Filoloxía levara á práctica dez anos antes: «De sempre, Universidade e teatro foron da man, ata o extremo de existir un repertorio -de non gran valor

artístico, todo hai que dicilo- de teatro académico para a súa representación por universitarios. Ademais de que se considerase, a este propósito, que o escenario proporcionaba un obradoiro formativo de primeira magnitude, o feito é que ao abeiro da liberdade consubstancial das universidades, nelas tivo acollida o teatro prohibido ou simplemente esquecido polos empresarios e o público menos selectivo, e que dos grupos universitarios saíron dramaturgos, directores, técnicos, actrices e actores que se incorporaron despois aos circuitos profesionais».

Desexo, para rematar, á Facultade de Filoloxía da USC polo menos outros cincuenta anos felices de vida, pois na sociedade (presente e futura) da información, a comunicación, a galaxia dixital e a intelixencia artificial, penso que seguirá a ser necesaria, incluso eu diría que vital, a pegada humanística, filolóxica e lingüística.

No meu criterio, é un erro proxectar unha universidade con tendencia á superespecialización desde o principio dos estudos, pois a propia evolución frenética do mundo fai obsoletas axiña as formacións e aprendizaxes limitadas ao que se considera especialización imprescindible nun determinado momento. Ese erro de perspectiva será superado por unha formación continua que haberá que estar practicando sucesivamente ao longo de toda unha vida profesional. Pero o que non é perecedeiro é a formación básica máis sólida, os alicerces da cultura que fan a unha persoa competente e cabal, útil para prestar servizo en moitas fronte profesionais. E neste obxectivo a formación e os estudos filolóxicos son insubstituíbles.

Non será preciso insistir, cando remato, que para min a cultura da que falo, como xa dixen, é en realidade dúas culturas: a humanística e a científica. E quizabes poidan ser tres, se incluímos a cultura física, consagrada no lema acuñado por Décimo Junio Juvenal, *mens sana in corpore sano*. Eu estou a favor desa inclusión, xa que experimentei desde

nenos os beneficios do deporte tanto no plano ético coma estético, e como unha fonte inesgotable de coñecemento da condición humana. Por iso, gustaríame adquirir dende xa un compromiso co futuro da Facultade. É de supoñer que a próxima conmemoración corporativa, herdeira do cincuentenario que estamos a celebrar, terá lugar en 2049, co gallo dos setenta e cinco anos da súa fundación como Facultade de Filoloxía. Comprométome, pois, se o decanato de entón ten a ben convidarme como exdecano do século anterior, a presentar outra conferencia como a que agora remato, cunha charla titulada «Filoloxía futbolera», porque entre as pezas do meu álbum fotográfico de aqueles anos 1987-1990 gardo varias nas que poso xunto aos once xogadores e o adestrador do noso equipo de fútbol que competía con éxito na liga universitaria. Procuramos dotalos dun equipamento de cor azul celeste sobre o que lucían en negro as letras de FILOLOXÍA, e nas conversas previas para confirmar o apoio institucional e material do decanato, os xogadores esgrimiron un argumento que non foi determinante do bon resultado final da negociación, pero que non deixaba de ter peso abondo: «Pense, decano, no esforzo e o mérito de ter un bo equipo de fútbol masculino nunha facultade como a nosa en que a inmensa maioría son rapazas».

A NAVE COMO METÁFORA DA VIDA DE DANTE A PETRARCA

Isabel González
Decana (1990-1992)

Permítaseme comezar cun pequeno limiar no que desexo facer algunhas aclaracións. É máis que probable que resultase máis axeitado tratar das miñas experiencias, contando anécdotas vividas na Facultade ao longo de tantos anos, algunhas persoais e outras compartidas. Por outra parte, nun programa de conferencias dos exdecanos para festexar os 50 anos da creación da Facultade de Filoloxía, con títulos como «A Facultate condita», «50 anos da nosa Facultade de Filoloxía», «Unha ollada á Facultade de Filoloxía» etc., o tema «A nave como metáfora da vida de Dante a Petrarca», non encaixa ben, pero tiven, fundamentalmente, dúas razóns para facelo cadrar:

A primeira, quizais a menos importante, débese á orde da miña intervención como exdecana que seguía a orde cronolóxica do cargo, e xa que logo, eu debería de falar en cuarto lugar, polo que era lóxico pensar que me quedaría pouco novo por engadir.

A segunda razón (a decisiva, en realidade) que me levou á escolla do tema foi a seguinte: despois de 45 anos de docencia na Facultade, non quería deixar de impartir a última clase, que tiña pensado desenvolver o día 12 de marzo do ano 2020, e que quedou no aire pola chegada da pandemia do covid, e logo pola miña xubilación o 31 de agosto do mesmo ano (por certo, ao mesmo tempo que outros tres exdecanos da Facultade).

Con todo, antes de empezar co tema da nave, quixera determe moi brevemente nalgúns feitos que, dalgún modo, marcaron a miña traxectoria profesional.

Cando chegou a Santiago D. Constantino García, que viña de Alemaña, ensinounos a traballar e a investigar dun modo diferente ao que estabamos acostumados, que non era nen máis nen menos que facelo en grupo. Boa proba disto son, por exemplo, a cantidade de enquisas, traballos e proxectos de investigación realizados en común. Sen dúbida, por esta razón «Os de Románicas», nun sentido amplo, eramos case unha familia, o que lle pasaba a un pasábanos un pouco a todos. Moitos dos profesores da miña idade, antes de ser Catedráticos, fomos Adxuntos (logo Titulares); a oposición -hoxe, concurso- era moi difícil, porque ademais de ter moitos exames -hoxe, probas-, eran todos eliminatorios e para cada convocatoria había, como pouco, media ducia de candidatos de toda España (normalmente, celebrábase en Madrid).

O primeiro exame, chamado coloquialmente «meca-chis que guapo soy», consistía na exposición do currículo, que cadaquén adornaba todo o que podía para que fora, se non o mellor, un dos mellores con respecto ao resto dos contrincantes -hoxe, firmantes-. Pasado ese primeiro exame, viña a «encerrona», chamada así porque, normalmente, o Presidente do tribunal -hoxe, comisión-, despois do correspondente sorteo, acompañábase a unha sala e decíache «tiene usted 4 horas y puede utilizar todo el material que

quiera». Ese era o verdadeiro problema, porque, se querías facer un bo papel, tiñas que ter o tema estruturado previamente. A convocatoria publicada no BOE era «lengua y literatura» italiana, francesa, portuguesa... Pensemos o que significaba preparar un temario que necesariamente tiña que incluír dende a fonética ata a dialectoloxía, dende as orixes da literatura ata os nosos días. Un só non podía abranguer un temario daquel tipo, e aí era onde entraba o grupo, a familia á que me refería hai un pouco: acudíase a un compañeiro que soubera do tema, que sempre, e sen dubidalo, che botaba unha man. En definitiva, D. Constantino fixo escola e moitos tratamos de seguir o seu exemplo.

Falando xa, tamén moi brevemente, do período do decanato, habería moitísimo que dicir, pero antes de nada teño que suliñar que me tocou un período moi difícil, entre outras cousas, nada menos que o traslado da Facultade dende a Praza de Mazarelos ata o lugar que ocupa na actualidade, o que, naturalmente, levaba consigo o desprazamento da biblioteca, tarefa complexa e dificultosa, que, aínda por riba, non contaba, nen moito menos, co financiamento necesario para poder contratar unha empresa especializada neses menesteres.

Deixando a un lado outros problemas graves, citarei unicamente o da creación e posta en marcha da especialidade de Filoloxía Italiana, unha polémica continua, porque había que contar non só cun financiamento que cubrira as necesidades do primeiro curso, senón necesariamente ter en conta o dos anos sucesivos e poder, desa maneira, aumentar, por exemplo, o número de profesores que se fixeran cargo das novas materias. Por fortuna, despois de moitos esforzos conseguíuse que o cadro de persoal, ao rematar a especialidade, tivese oito profesores e un lector.

A nave como metáfora da vida: de Dante (*Guido i' vorrei...*) a Petrarca (*Passa la nave mia...*)

O tema da viaxe na tradición literaria é un topos moi antigo e moi recorrente -en moitas ocasións, trátase de viaxes imaxinarias que unen o real co máxico-, onde o perigo é unha dura proba que, segundo o xuízo e o inxenio de cada quen, pódese vencer ou non. En calquera caso, representa non só un desprazamento físico dun lugar a outro, senón tamén un proceso de transformación persoal¹.

O mar e a tempestade téñense convertido nun tópico literario dende a propia configuración da literatura occidental, empezando pola *Odisea* e a *Eneida*. *Os protagonistas fan a viaxe para regresar*. O mesmo fai o peregrino, ao que Dante na *Divina Commedia* compara co raio procedente dunha fonte luminosa que, cando atopa unha superficie que reflicte, tende a retornar cara ao lugar de orixe: «*E sì come secondo raggio suole / uscir del primo e risalire in suso, / pur come pelegrin che tornar vuole,*» (Pd. I, 49-51). Por certo, sendo a *Divina Comedia* unha das obras máis lidas, máis estudadas, máis comentadas do mundo, ténselle prestado pouca atención, que eu saiba, á ciencia óptica, a pesar de que as metáforas ópticas, están bastante presentes en todo o poema, particularmente, como é natural, no terceiro cantar, sobre todo a partir do canto II do Paraíso².

Os estudos sobre a viaxe e os seus complexos aspectos: real, textual, como mito, como peregrinaxe, como instrumento de comunicación, etc., teñen sido moitísimos. Di Claudio Magris en *L'infino viaggiare* que sempre se viaxa para regresar,

1 Como foi, por exemplo, a viaxe de Ulise, que despois de moitos anos e de mil aventuras, volve a Ítaca sendo un home moi diferente, máis moderado, particularmente astuto, en definitiva, máis sabio.

2 Precisamente xa no canto III o poeta ve certas figuras que lle parecen «*specchiati sembianti*» (Pd. III, 20) e non reais.

e só coa morte cesa o o status viatoris do home³, pero falando de viaxe e de Magris, inmediatamente pénsase en Danubio, calificado como «un maravilloso viaxe por el tiempo y el espacio», unha viaxe sentimental e obxectiva que Magris fixo en compañía de amigos durante catro anos ao longo do río, dende preto do seu nacemento, na Selva Negra alemá, ata a desembocadura no mar Negro no litoral ucraíno.

Ademais da viaxe circular, pódese tamén falar da viaxe en líña recta, a que vai cara adiante, para descubrir ao final, que non hai posibilidade ningunha de regreso. No *Canzoniere*, Petrarca fai a viaxe sabendo de ante man que será sen retorno, sen ningunha posibilidade de chegar ao porto, porque a súa vida é unha serie de tensións opostas: cando ten algunha esperanza de acadar a felicidade, de súpeto, pérdea totalmente e convértese nun escravo do amor, do amor por Laura, e vive a condición típica da desesperación, porque unha vez que se pon nas mans de Laura, pasa a depender totalmente da súa vontade e do seu arbitrio.

O medioevo distinguiu claramente dous tipos de viaxe: a *peregrinatio*, a máis importante, e a *navigatio*. Dentro da viaxe por mar, como é ben sabido, hai dous tipos moi diferentes, por un lado, a navegación serena e tranquila que leva o home á meta desexada, e por outro lado, a navegación tormentosa, tempestuosa que, despois do naufraxio, máis ou menos violento, guía o home á morte. Deteñámonos un momento no poema *Mare amoroso*, claro precedente do soneto dantesco⁴

3 Case a totalidade das obras de Magris tratan dalgún modo o tema da viaxe, *Dietro le parole*, *Alla cieca*, *Un altro mare* etc.

4 Trátase dun poema anónimo, da área luquesa ou florentina, case con seguridade toscano, en endecasílabos soltos, escrito arredor dos anos 1270-1280, moi longo (330 versos), aínda que, polo estilo sitúase entre Brunetto Latini, grande erudito e amigo de Dante, e Chiaro D'Avanzati, un poeta pertencente ao grupo dos toscanos, que introduciron na Italia central os temas e as formas da escola poética siciliana.

E se potesse avere una barchetta,
tal com' fu quella che donò Merlino
a la valente donna d'Avalona,
ch'andassi senza remi e senza vela
altressi ben per terra com' per aqua;
[.....]
poi intrerei con voi in quella barchetta
e mai non finirei d'andar per mare,
infin ch'i' mi vedrei oltre quel braccio
che fie chiamato il braccio di Saufi,
c'ha scritto in su la man: «Nimo ci passi»,
per ciò che mai non torna chi di là passa;
poi mi starei sicur senza rancura
in gioco ed in sollazzo disiato.
Mare amoroso (vv. 212-216; 226-233)

É un discurso amoroso que se desenvolve cunha serie de comparacións, unha detrás doutra nas que, por exemplo, o amor é un mar profundo e inseguro, o vento son os xestos da amada, a tormenta as dúbidas e un longo etcétera.

Unha destas comparacións é a da nave. O protagonista manifesta o seu desexo de navegar nun mar espacioso, sobre unha pequena nave (*barchetta*), neste caso máxica, para acadar o obxecto da propia apetencia: estar sempre alfúfaro, alegre e, xa que logo, ter unha vida feliz, sinalando sempre a grandeza do amor e a perfección da dona amada.

○ mar sereno

Dentro da poesía toscana, e despois do poema *Mare amoroso*, o segundo texto lírico italiano que retoma o motivo da navegación sen meta, é o famoso soneto *Guido, i' vorrei che tu e Lapo ed io*, unha das 54 *Rime*, líricas de xuventude, que reflicten o itinerario poético dantesco e que pola

cronoloxía (1285-1307), escritas probablemente xusto despóis da *Vita Nuova*, ou mentres a estaba rematando, o que significa que pertencen claramente á lírica stilnovista, cos motivos típicos do *Dolce Stile Nuovo*⁵.

O soneto é lingüísticamente sinxelo, cunha sintaxe plana e microsecuencias, con tintes de fantasía, case utópicos, onde o amor e a amizade van enlazados e entretexidos sen interferencias externas.

Guido, i' vorrei che tu e Lapo ed io

fossimo presi per incantamento,
e messi in un vassel ch'ad ogni vento
per mare andasse al voler vostro e mio,
si che fortuna od altro tempo rio
non ci potesse dare impedimento,
anzi, vivendo sempre in un talento,
di stare insieme crescesse 'l disio.
E monna Vanna e monna Lagia poi
con quella ch'è sul numer de le trenta
con noi ponesse il buono incantatore:
e quivi ragionar sempre d'amore,
e ciascun di lor fosse contenta,
si come i' credo che saremmo noi.

(*Rime*, LII)

No primeiro cuarteto, que constitúe o primeiro núcleo temático, Dante manifesta o desexo -como indica o condicional *vorrei* con función desiderativa- de enviar o soneto a dous poetas amigos, para comunicarlles o seu soño dunha perfecta vida amorosa, estando con eles 'por encantamento', por feitizo, sabendo que este desexo é claramente irrealizable, un soño como o do mago Merlín, protagonista dos romances artúricos

5 Agrupadas segundo unha variada temática, por exemplo, as chamadas *petrose* por duras, ásperas e escuras, con predilección pola alegoría, «*Così nel mio parlar (voglio) esser aspro,*» (rima 46) que nos fai pensar no Trobar Clus, pero, neste caso, claramente dentro das amorosas.

que pasaron á literatura italiana procedentes da literatura francesa en lingua d'oïl. Trátase, polo tanto, dunha 'nave máxica', neste caso un vaixel, *vasello* (a imaxe do *vasello*, aparece tamén no segundo cantar da Comedia (Purg. II, 41): *un vasello snel-letto e leggero*, para ter unha navegación sen obstáculos atmosféricos, un mar sereno, tranquilo e apacibre.

O segundo cuarteto, ilustra as consecuencias cunha frase consecutiva: *si che fortuna od altro tempo rio*⁶.

No primeiro terceto, a sintase depende de *vorrei*, pero para que todo sexa perfecto, ten que darse una condición: a presenza das súas respectivas amantes, Vanna é Giovanna, a que trae a primavera 'prima verrà', porque adiantará a Beatrice, que é o amor mesmo. Lagia é Alagia, a dona de Lapo. Trátase do gusto provenzal do *plazer*, dos feitos agradables.

O verso 10, é un dos máis controvertidos, porque encerra un pequeno misterio: *con quella ch'è sul numer de le trenta*, é dicir, a que ocupa o posto número 30.

1. Parece lóxico que se refira a Beatriz, porque falando de Giovanna e de Alagia, sen ningunha dúbida lévanos a pensar en Beatriz. Sendo así, que indica o número 30?
2. No capítulo VI da *Vita Nuova*, Dante fala dun seu sirventés perdido, no que para ocultar o nome de Beatriz, colócao entre o das 60 donas máis fermosas de Florencia, cidade onde nacera a «gentilissima», pero por que o número 30?
3. Pensouse que podería ser un «número de honor», xusto no medio.
4. Pero, nese mesmo capítulo VI, Dante afirma que no tempo en que esta dama era «schermo di tanto amore», e quería que seguise a estar protexida, déronlle ganas de recordar «lo nome di quella

⁶ Neste caso, *fortuna* non é sorte, senón todo o contrario, ten o sentido moderno de «*fortunale*», tempestade, borrasca.

gentilissima», pero nese momento, cando estaba compoñendo o sirventés, produciuse un milagre que, entre os nomes destas mulleres, non lle permitiu situala en ningún outro lugar que non fose o número 9, número privilexiado para Dante, que ademais de ser básico na Comedia, cando veu a Beatriz por primeira vez, tiña nove anos, volvéndoa a ver pasados outros nove. Se fala de milagre, é, precisamente, porque no soneto «*Tanto gentile e tanto onesta pare,*» (XXVI, 7-8), o máis importante da *Vita Nuova*, Beatriz «*par che sia una cosa venuta / da cielo in terra a miracol mostrare*».

Parece lóxico pensar que se trata da súa amada, oculta nunha das «*donne dello schermo*», que frecuentemente os poetas do *dolce stil* utilizaban como pantalla para protexer o seu verdadeiro amor. Neste caso concreto, Dante pretende distraer a atención do público -cousa que fai a miúdo na *Vita Nuova*- e desa maneira disimular o seu verdadeiro amor por Beatriz.

No segundo terceto, o poeta florentino manifesta a vida concorde de todos os invitados co obxectivo de pasar o tempo alegremente, pero non se pode esquecer que ademais de amigos, son «*fedeli d'amore*». O sentido da amizade (o soneto tense definido como «o soneto da amizade»), é dun elevado stilnovismo⁷. Pertencen a un grupo de «notables», unha sociedade de «elite», baseada na superioridade cultural: a nobreza non ten nada que ver coa aristocracia, senón segundo a súa propia definición coa «*gentilezza*», unha nobreza de espírito. O terceto indica a sublime concordia dos tres amigos coas súas repectivas donas, pero a novidade é que aquí a dona participa no climax: *e quivi ragionare sempre d'amore*, non nunha simple charla de pouca importancia -como sería

7 Dende lo, Dante mesmo que é o loquens ata os amigos, teñen en común algo máis profundo, algo máis fondo que une a este grupo nun talento (7-8).

de esperar-, senón discutindo de filosofía e opinando sobre a natureza e os efectos do amor.

Dos dous poetas que aparecen no soneto, Guido Cavalcanti é fundamental na vida e na obra de Dante, considerado o primeiro poeta moderno italiano, nalgúns aspectos, mestre de Dante, e un dos fundadores e grandes impulsores do *dolce stile nuovo* e precisamente por todos estes méritos, Dante dedícalle nada menos que a *Vita Nuova*, aínda que endexamais o menciona polo seu nome, ao final do capítulo III refírese a el coa falagadora perífrase *quelli cui io chiamo primo de li miei amici*. Ambos os dous conservaron sempre non só a súa amizade, senón tamén a súa maneira de pensar polo que ao amor se refire, se ben é certo que ao final da vida a súa filosofía non era exactamente a mesma. En efecto, Cavalcanti respondeulle a este con outro soneto *S'io fosse quelli che d'amor fu degno*, moi discutido, porque entre outras cousa, descoñécese cal foi o verdadeiro motivo da resposta. Cavalcanti, certamente dunha maneira xentil, decíalle que declinaba a invitación, porque non estaba de humor e ademais Giovanna xa non era a súa amada⁸. Pois ben, ante a pregunta do pai de Cavalcanti: «mio figlio ov'è e perché non è teco?» Dante respóndelle (v. 63), cun dos versos máis tormentosos da Comedia e moi discutido: *forse cui Guido vostro ebbe a disdegno*. Case con seguridade cui «o que»/ «a quen» fai referencia a Virxilio⁹.

8 Era, dende logo, unha resposta, pero Dante, máis paternal e xa de máis idade, fronte a Cavalcanti, mais novo, e máis contestatario, pero que tampouco, nen moito menos, quería faltar ao respecto ao seu mestre. Sería, xa que logo, unha especie de «provocación», pero Dante tomouno simplemente como un mero diálogo. Por outro lado, no verso 60 do canto X do Inferno, -o dos heréticos- Dante atópase co pai de Cavalcanti, que estranado despois de preguntarlle a razón pola que seu fillo non fai a viaxe con el, sendo grandes amigos, os mellores poetas, e das mesmas ideas políticas (por certo, escritores galegos, como por exemplo, Cunqueiro chámalle «o gran xibelino», quizais pola súa forza, pero nada máis lonxe da realidade, Dante endexamais foi xibelino, precisamente por ser güelfo foi expulsado de Florencia, por outro lado, se o tivera sido, non estaríamos hoxe falando «desta Divina Comedia» senón doutra moi diferente, ou tal vez dun poema en latín).

9 Que Cavalcanti non o valorou dabondo: *ebbe a disdegno*, sendo o poeta por antonomasia, pero por outro lado, non tiña por que ser así, porque Dante non

Lapo Gianni, foi tamén un poeta stilnovista, que Dante apreciaba moito por terlle dado un gran valor ao vulgar, ata tal punto consideraba importante o vulgar, que escribiu a Divina Comedia en italiano e non en latín.

Aínda que a temática é a mesma, hay algunhas diferencas moi relevantes entre o soneto e o poema¹⁰.

1. No soneto, non hai nin punto de partida nin de chegada e *quivi ragionare sempre d'amore* (v. 12), entre outras cousas, porque a discusión sobre o amor entre os amantes é universal, e por iso, non hai necesidade de especificar nin o espazo nin o tempo. Pola contra, no poema deséxase unha navegación tranquila ata as columnas de Hércules, consideradas o fin do mundo coñecido:

e mai non finerei d'andar per mare,
infin ch'i' mi vedrei oltre quel braccio
che fie chiamato il braccio di Saufi
c'ha scritto in su la man: «Nimo ci passi,
(vv. 18-23)

2. Como sempre en Dante, o individual pasa a ser colectivo: a viaxe mariña máxica, non a fai unha persoa concreta, senón un colectivo de persoas, os poetas e as súas «donne»; neste soneto, a nave

tería razón para gardar tanta fidelidade a Virxilio, dado que a posibilidade de facer a viaxe non se debe a súa vontade, senón a vontade divina. Como curiosidade, parece que o poeta (1255-1300) peregrinou a Santiago de Compostela arredor do 1280, pero non está documentado.

10 Como é habitual, en calquera obra que Dante toma como base, sempre hai unha novidade moi importante, a *Vita Nuova*, por exemplo, non é só un conxunto de prosa e verso - algo común e de longa tradición-, pensemos no *Consolatio Philosophiae* de Boezio, pero mentres nos anteriores *prosimetra* a relación prosa-verso é de integración, na *Vita Nova*, os comentarios retóricos son realmente autocomentarios e constitúen a teoría da poesía.

máxica é o lugar onde se discute sobre un problema común¹¹.

3. No soneto dantesco, trátase de facer teoría amorosa, *ragionar sempre d'amore*, e non práctica amorosa, como observamos no poema: *in gioco ed in sollazzo disiato*.

O mar tempestuoso

Con Petrarca todo cambia, o *mare sereno* convértese en *aspro mare*, que representa o universo interior do poeta, que afronta un mar tempestuoso, tormentoso, tumultuoso, un navegar fluctuante, unha viaxe oscilante que, se cando en vez lle permite ter algunha esperanza, ao final, todo desaparece, tamén as esperanzas de chegar a unha meta segura e feliz. A súa navegación, o mesmo que a súa vida, levarano ao naufraxio e ao fracaso. A nave do amor naufragará, e a súa vida fraqueará e quebrará.

Passa la nave mia colma d'oblio
per aspro mare, a mezza notte il verno,
enfra Scilla et Caribdi; et al governo
siede 'l signore, anzi 'l nimico mio.
A ciascun remo un penser pronto et rio
che la tempesta e 'l fin par ch'abbi a scherno;
la vela rompe un vento humido eterno
di sospir', di speranze, et di desio.
pioggia di lagrimar, nebbia di sdegni
bagna e rallenta le già stanche sarte,
che son d'error con ignoranza attorto.

¹¹ O amor, que involucra a toda a humanidade, e Dante é o propio representante. Pensemos, por exemplo, no primeiro verso da Divina Comedia: «Nel mezzo del cammin di nostra vita» onde a viaxe non é só do poeta, senón a de todos os mortais; o posesivo plural indica que a experiencia individual se propón na súa universal validez, superando o mero dato autobiográfico.

Celansi i duo mei dolci usati segni;
morta fra l'onde è la ragion e l'arte:
tal ch'incomincio a desperar del porto.
(Petrarca, *Canzoniere*, CLXXXIX)

Sen dúbida, o soneto (189) é un dos máis representativos e importantes do Cancioneiro¹².

Curiosamente, Petrarca fronte a súa importantísima obra en latín, consideraba a poesía do Cancioneiro «Rerum vulgarium Fragmenta» ou «Rime sparse», nada máis que «sciocchezza», naderías para pasar o tempo. Descoñecía que a súa influencia marcaría o desenvolvemento da poesía amorosa, estendéndose a través dos séculos ata hoxe.

O soneto expresa con toda propiedade os rasgos máis típicos: a vida do poeta navega por un mar accidentado, nunha noite de inverno e, polo tanto, privada de claridade, no tempo máis duro do ano, a tempestade rompe a vela, e con iso, as esperanzas do poeta. Petrarca está canso, como cansas están as velas. É desesperado, porque os ollos de Laura, que eran o seu sinal, a súa guía, están apagados, e, xa que logo, non quere continuar por ter perdida a esperanza. En definitiva, é un desfogo autobiográfico cunha linguaxe figurada, sombría, que tece e trama todo o soneto, cousa usual en Petrarca, entre a súa vida sacudida polas paixóns e a nave a mercede da tempestade.

Mentres Dante identifica a metáfora da nave coa vida ideal, Petrarca emprega a nave como unha representación da vida real. Non hai máis que pensar no primeiro soneto do seu Cancioneiro, e concretamente no verso 14: «*il conoscere chiaramente che quanto piace al mondo è breve sogno.*» Os dous poetas reflecten unha profunda introspección e utilizan

12 Ao que por certo Petrarca lle dedicou unha gran parte da súa vida, arredor de 30 anos, con continuos cambios nas sucesivas redaccións, 1.^o, 2.^o, 3.^o, e así ata, polo menos, 8 (a primeira edición, veneciana, é do 1374, de Vindelino da Spira, actualmente no manuscrito Vaticano Latino 3195), pero aínda hoxe esperamos un estudo definitivo da complexa redacción do Cancioneiro.

elementos da natureza para expresar os seus sentimentos, a diferenca radica na perspectiva: Dante busca a unión co seu amigo Cavalcanti, mentres Petrarca, reflexiona sobre si mesmo: *mia* (vv. 2 e 4), *mei*, «miei», (v. 12), de modo que, se *Mare amoroso* é a nave de Amor, e *Guido, io vorrei...* é a nave de poesía, en *Passa la nave mia...*, a nave é a propia Laura.

Canto XXVI do Inferno

Entre o mar sereno e o mar accidentado, é dicir, entre a positividade e a negatividade, atópase a posición de Dante no canto XXVI do Inferno, o dos condenados por farsantes, por fraudulentos, por enganadores, por estafadores. Todo o foso (*bolgia* oitava), está somerxido nun terrible silencio e envolto por unha mesta néboa que esconde as ánimas dos condenados. A lapa máis destacada é a de Ulise, a «*fiamma cornuta*», bipartita, a punta máis pequena é a de Diomede, que sofre igual castigo. Nunha narración moi longa, de máis de 50 versos, Ulise narra a Dante (e a Virxilio) a súa viaxe mariña que, por amor de «*conoscenza*», nada o detén, e abandona todo, pai, fillo, muller e patria: «*né dolcezza di figlio, né la pieta / del vecchio padre, né 'l debito amore / lo qual dovea Penelopè far lieta,*» (vv. 94-96). Cal é, xa que logo, a postura de Dante con respecto á viaxe tradicional de Ulise que narra Homero?

gittò voce di fuori e disse: «Quando
mi dipartì' da Circe, ...

[...]

Io e' compagni eravam vecchi e tardi
quando venimmo a quella foce stretta
dov'Ercule segnò li suoi riguardi
acciò che l'uom più oltre non si metta;
[...]

«O frati,» dissi, «che per cento milia
perigli siete giunti a l'occidente,
a questa tanto picciola vigilia
d'i nostri sensi ch'è del rimanente
non vogliate negar l'esperienza,
di retro al sol, del mondo sanza gente.

[...]

Tre volte il fé girar con tutte l'acque;
a la quarta levar la poppa in suso
e la prora ire in giù, com'altrui piacque,
infin che 'lmar fu sòvra noi richiuso.

(Inf. XXVI, 85-142)

Precisemos inmediatamente que Dante non critica, e moito menos condena, a coraxe da viaxe de Ulise, que ten como mérito *l'ardore/ che' i' ebbi a divenir del mondo esperto* (97-98), e que se atreve a navegar por alta mar *l'alto mare aperto* cunha simple nave, un *legno* -clara metonimia- que explora o mediterráneo durante tanto tempo, como o ía facer! como o vai condenar!, se el mesmo como humano defende o feito de querer coñecer mundos novos, como se subliña na Divina Comedia, senón que condena a excesividade, o exceso de *curiositas* do heroe grego, critica o desexo desmedido de ir máis aló do lícito. *Nemo ci passi*, non máis aló das columnas de Hércules, por querer transpasar os límites permitidos¹³, pero o máis importante aínda, Dante condena o feito de non contar coa autorización divina, o que significa que xa dende o inicio, a viaxe será un desastre, porque non se pode desafiar nin retar a divinidad, facendo a viaxe por un mar descoñecido e só coas propias forzas. Recordemos que se Dante pode facer a súa viaxe, é grazas a axuda divina, Virxilio nos dous primeiros cantares e logo

¹³ As fronteiras prohibidas (daquela pensábase que as columnas de Hércules eran un mirador de Xibraltar), e sinalaban o límite onde acababa o mar Mediterráneo, e onde comezaba o océano Atlántico.

Beatriz, que o guiará ao Paraíso, mentres que Ulise, por ter a intención de facela viaxe só contando coas súas forzas, terminará mal. Trátase, xa que logo, dunha viaxe «folle», que condena a Ulise por temerario e por soberbio. A Dante non lle queda máis remedio, aínda que non quixera facelo, que condenar ao heroe grego, aplicándolle o castigo que lle «corresponde». O mesmo ocorre, noutros casos: Dante vese obrigado a condenar a outros personaxes, por exemplo, a Brunetto Latini, o seu mestre de retórica, (canto XV), o dos sodomitas. E aínda máis a Francesca da Rimini e ao seu amante Paolo Malatesta, que ao mesmo tempo que intenta xustificalos poñéndoos de exemplo como símbolos do amor, ten que condenalos por luxuriosos, e sofre tanto que chega a desmaiarse: «*caddi come morto cade*» (Inf. V, 142). Son situacións cargadas de humanidade nas que Dante participa plenamente. Por outra parte, na Divina Comedia, como é ben sabido, actúa sempre a lei do *contrappasso* (do latín *contra* e *patior*), no dialecto orixinal toscano ‘sufrir o contrario’. Este é un principio, unha regra que regula a condena os pecadores deste canto, por iso Ulise sofre a mesma pena que os outros pecadores que o acompañan, os chamados «*consiglieri di frodi*», os conselleiros enganadores que, coa súa intelixencia usan a palabra para enganar dunha maneira manipuladora e astuta -recordemos que no caso de Ulise, a condena débese ao feito de tentar convencer os seus irmáns, os compañeiros de viaxe, que aínda por riba, xa son vellos e viñan moi cansos, para que afronten tantos perigos-. Ulise pretende que continúen con el a viaxe, postura orixinal do poeta florentino -na Odisea Ulise regresa á súa casa cos seus-, mentres que neste caso, Ulise morre xunto cos seus amigos, porque un remuíño que aparece de súpeto fai afondar a nave poñendo a popa por riba e a proa por debaixo ata que o mar «*fu sovra noi richiuso*», verso final do canto que reflicte a restauración da orde coa que o heroe quixo loitar. Non convén esquecer que é posible,

só posible, que Dante non coñecera de primeira man nin a Odisea nin os romances medievais que narran as últimas fazañas de Ulise, pero iso sí, son moitas as fontes literarias que puideron inspirar a creación desta orixinal posición, empezando polo libro III (vv. 612) da Eneida, onde Virxilio presenta a Ulise como mediador de enganos, ou Stazio, Ovidio, etc. Polo tanto, Dante non seguiu a postura clásica de Homero na Odisea senón que adoptou unha posición totalmente diferente.

Como era de esperar, son multitude as referencias ao mar que aparecen na Divina Comedia, xa nos primeiros versos (Inf. I, 22-24), atopámonos cunha fermosísima comparación¹⁴ co náufrago que, con moita ansia ao ver as ondas perigosas, antes de chegar á ribeira, vólvese hacia atrás para precisar o risco:

E come quei che con lena affanata,
uscito fuor del pelago a la riva,
si volge a l'acqua perigliosa... e guata

Neste caso, ademais de fermosa, reflicte perfectamente a particular disposición do seu ánimo, nado desta situación como náufrago do mar do pecado nunha loita afanosa coas ondas das paixóns.

Outro exemplo famosísimo atopámolo ao comezo do canto I do segundo cantar (Purg. 1-2):

Per correre miglior acque alza le vele
ormai la navicella del mio ingegno,

O poeta deixa a longa e dramática viaxe polo Inferno, e dispónse finalmente a percorrer augas máis tranquilas

14 Tanto os símiles como as comparación son dúas figuras retóricas moi frecuentes en toda a obra, sobre todo as explicativas coma esta.

valéndose do seu inxenio poético representado por unha pequena nave.

O mesmo sucede con Petrarca. Ao carón do soneto *Passa la nave mia...*, atópanse no Cancioneiro, dento das poesías de naufraxios, tormentas mariñas e rescates, moitos casos de naves máxicas. Por exemplo, na sextina alegórica 80 (vv.1-3), sobre a imaxe dunha nave como metáfora da vida, Petrarca fai un parangón de si mesmo cunha nave loitando co vento e coas ondas (paixóns do amor), na pescuda dun porto seguro, que sería a salvación. Ao temón, a razón ben guiada, que o salvaría da morte. Son tons aínda máis desesperados. Estamos, de novo ante a metáfora da salvación, tan recorrente no poeta aretino onde a vida vese como unha navegación incerta que, como xa temos indicado, de súpeto cambia o rumbo:

Chi è fermato di menar sua vita
su per l'onde fallaci et per gli scogli,
scevro da morte con un picciol legno

De ton e significado diferente é a famosa canción 323, *Standomi in giorno solo a la fenestra*, (vv. 19-21), exemplo refinado do poeta maduro, con seis alegorías da morte de Laura, unha delas a da nave, unha nave adornada de marfil e ébano, con velas de seda, cargada de rica mercancía, pero que, sen embargo, como era de esperar, naufraga estrafelándose contra as rochas, pero que pola contra, a nave aquí representa só a Laura, tamén esnaquizada pola tempestade e morta pola peste oriental que se estendeu por toda Europa no ano 1348, que con toda a súa crueldade, pero maxistralmente, narra Boccaccio no Decameron.

poi repente tempesta
oriental turbò sí l'aere et l'onde,
che la nave percosse ad uno scoglio.

Na poesía petrarquesca, como xa temos subliñado, o amor é unha paradoxa, porque a pescuda de paz resulta un tormento, e a esperanza de felicidade lévao á desesperación. O poeta frecuentemente válese da retórica non só, loxicamente, como ornamento, senón tamén para acompañar á súa alma nese proceso de atopar a felicidade.

Tanto en Petrarca como en Dante, mistúrase o íntimo co universal, porque todos somos, ou mellor dito, podemos ser, esa nave.

Este desexo de viaxar, consustacial para o home desde as súas orixes, vese tamén reflectido na literatura galega medieval. Aínda que a *peregrinatio* é a máis transcendente, a viaxe por mar ten moita importancia nas *Cantigas de Santa María*, onde, tamén o mar é un medio hostil e perigoso, temido polas tempestades e os naufraxios, que podían levar os mariñeiros á morte: «*Esta é a nave que andava en perigo do mar*», lese con frecuencia, pero a diferenza da poesía toscana, nas *Cantigas de Sta. María* hai sempre un milagre e os viaxeiros-navegantes, sálvanse pola intervención da Virxe, cousa que non sucede endexamais na lírica toscana.

50 ANOS DA NOSA FACULDADE DE FILOLOXÍA

Mercedes Brea
Decana (2000-2004)

Hai agora cinco anos, o profesor Alexandre Veiga contactou comigo para solicitar a miña colaboración nunha xornada de estudos que estaban a organizar en homenaxe ao profesor Emilio Montero, que se xubilaba (canda min) naquel ano 2020. Ese acto quedou adiado por causas de forza maior, xa que de inmediato chegou, primeiro, o confinamento obrigado e, logo, durante un tempo, toda unha serie de restricións derivadas dos intentos para frear a pandemia. Ata onde teño entendido, os compañeiros de Lingua Española aproveitaron a xubilación voluntaria do profesor Carlos Folgar para celebrar en Lugo, en setembro de 2022, unha xornada «xubilosa» que fixeron extensiva a ambos os dous colegas, pero na que xa non tiveron a honra de participar. Por iso, e aínda que o tema do que me tería ocupado naquela ocasión sería distinto, gustaríame que esta intervención servise, dalgunha maneira, como substituta daquela outra,

para honrar a memoria de quen, ademais, foi o meu predecesor inmediato no Decanato desta Facultade.

A maioría dos presentes coñecen ben as cousas que quero lembrar, polo que teño que pedirllas disculpas, tanto porque non van escoitar nada novo como porque, como «cada un fala da feira como lle vai nela», probablemente a perspectiva que teñan destas historias variará en función de cómo as vivimos cada un de nós e das circunstancias que nos rodeaban. En realidade, penso que debería ter titulado a charla como «Unha visión persoal -*ergo*, parcial- da historia da Facultade».

Conmemoramos que esta Facultade de Filoloxía naceu, oficialmente, hai 50 anos, pero non deberíamos esquecer que non se creou *ex nihilo*, como aconteceu con outros centros da nosa universidade (entre eles, por exemplo, o que inicialmente se chamou «Facultade de Xornalismo», que pasou a ocupar o edificio que nós deixamos cando nos trasladamos a este). Non, Filoloxía foi froito dunha *división*, a da antiga Facultade de Filosofía e Letras, en tres: Xeografía e Historia (que era a sección máis veterana daquela facultade), Filoloxía e Filosofía e Ciencias da Educación. E esa división fíxose realidade xa un pouco antes da constitución das tres primitivas seccións como *centros* independentes, en concreto no curso 1973-1974, un curso moito máis breve do habitual, pois iniciou a súa andaina en xaneiro de 1974, en aplicación do «calendario xuliano», así chamado polo nome do ministro que tivera a «brillante» idea de facer coincidir os anos académicos cos anos naturais, un proxecto que fracasou estrepitosamente coa recuperación do calendario tradicional no curso seguinte.

Así pois, en xaneiro de 1974 xa non se impartiu o primeiro dos dous cursos chamados «Comúns» de Filosofía e Letras, senón o primeiro curso duns novos plans de estudos que aínda procuraban manter algunha das materias transversais daqueles «Comúns», pero que xa diferenciaban

claramente as vellas seccións en titulacións completas. Iso si, por fortuna (polo menos, na miña opinión), o cambio realizouse de xeito progresivo e permitiu que os que comezaran os seus estudos no curso 1972-73 completasen a licenciatura en Filosofía e Letras, escollendo no 3º ano unha das seccións existentes, como se viña facendo ata ese momento.

Permítaseme determe uns instantes nesta pequena protohistoria da facultade, aínda que só poida xustificar a digresión por motivos biográficos. Eu rematara a licenciatura en 1972, e tiven a sorte de acadar unha bolsa de FPI para iniciar a tese de doutoramento baixo a dirección de D. Manuel Díaz y Díaz. Por iso podo recordar que foi por aquela época cando a facultade de Filosofía e Letras estendeu os seus brazos para ocupar o edificio sito na praza de Mazarelos que eu recordaba como Instituto Masculino; e digo «estendeu» porque non era preciso saír ao exterior para trasladarse dun ao outro, senón que existía un corredor que comunicaba ambos os dous edificios. Así, e aínda que non sei en qué momento preciso se foron producindo as mudanzas, penso que xa se foran trasladando a Mazarelos departamentos como Xeografía, Filosofía, Inglés ou Latín.

E diría que pronto estivo tamén alí Filoloxía Románica. Porque ese curso 73-74 que fixo efectivo o desmembramento de Filosofía e Letras (*de facto*, polo tanto, antes que *de iure*) foi tamén o inicio da miña traxectoria docente. Non debería personalizar desta maneira, seino, pero paréceme útil para as persoas máis novas que saiban algo de cómo se facían antes as cousas. Nos primeiros días de outubro, chamoume D. Constantino García para decirme que tiña que presentar un escrito de renuncia á miña prezada bolsa de investigación porque me ían facer un contrato de «encargada de curso» (nivel B) para que me puñese, a partir da semana seguinte, a impartir *Lingua italiana I* e *Lingua italiana II*. Intentei escabullirme explicándolle que non era que soupese moito de lingua italiana, xa que tivera, si, clase desa materia con dous leitores

moi atractivos (o primeiro penso que era conde; o segundo, nada menos que un «príncipe Colonna»), pero cos que non se podía dicir que aprendera moito. Non me serviu para nada, porque naquela época os principiantes non tiñamos dereito a escoller, e case tampouco a opinar (de feito, na Xunta de Facultade había unicamente unha pequena representación dos PNN –«profesores non numerarios»-, xa que só eran membros de pleno dereito os funcionarios). A compensación (e, vista a situación actual, non era pouco) estaba en que non nos devoraba aínda esta burocracia que non deixou de ir en aumento ao longo deste último medio século.

O do peculiar «calendario xuliano» vén a conto porque, no mes de decembro de 1973, foi D. Manuel Díaz quen me chamou para comunicarme que se ía ampliar o meu contrato a «encargada de curso nivel C» (o que me permitiría cobrar un chisco máis, porque os salarios eran, en todos os casos, unha auténtica miseria, ademais de non empezar a percibilos ata alá polo mes de marzo¹) e que, por conseguinte, en xaneiro me ía facer cargo dun dos dous grupos de Latín en 1º de Xeografía e Historia (do outro encargábase o Prof. Díaz de Bustamante, o querido Pimpo con quen seguían compartindo cursos dous anos máis, e unha grande amizade ata a actualidade).

Tocoume, pois, en fortuna vivir en primeira persoa a convivencia de dúas planificacións radicalmente diferentes: os cursos 3º e 4º da licenciatura en Filosofía e Letras, sección Filoloxía Románica; e o 1º curso da nova titulación de Xeografía e Historia. E moverme entre dous edificios

1 O que daba lugar a situacións complicadas. De feito, e probablemente non fun a única á que lle aconteceu algo semellante, lembro que un daqueles anos, cando chegou decembro, non tiña nin para comer, polo que tiveron a osadía de ir preguntar cando se cobraría. Dixéronme que o único que podía facer era solicitar un «adianto» sobre as mensualidades transcorridas. Non é difícil imaxinar a rabia que sentín cando descubrí, chegado o momento de percibir uns seis meses de salario polo traballo xa realizado e aínda non cobrado, que me descontaran os intereses pertinentes, porque, lóxicamente -desde o punto de vista bancario- un «adianto» en decembro sobre o soldo do outubro anterior era, en realidade, un préstamo.

contiguos: todas as clases no máis grande, pero os lugares de traballo na «ampliación» (Románicas polas mañáns, no final do 5º andar, e Latín polas tardes, no centro do 4º); por iso falaba antes do corredor que os comunicaba.

A titulación de Filosofía e Letras prolongouse, así, ata 1977; e foi en 1978 cando saíron as primeiras promocións das titulacións «fragmentadas». Pero, no medio, as tres antigas seccións de Filosofía e Letras acadaron a categoría de facultades en 1975, e iso acabaría provocando a reestructuración de espazos e, de rebote, o peche do corredor que mantiña a comunicación umbilical e a adxudicación do edificio de Mazarelos á nova facultade de Filoloxía, un edificio no que estaríamos só ata 1991, pero que algúns seguimos añorando, sobre todo porque a disposición dos departamentos facilitaba as relacións cos compañeiros. Lembrede, por favor, aquela porta común que daba acceso a un hall dende o que se accedía ás distintas dependencias, e comparádeo con estes corredores interminables, máis parecidos á estrutura dun cárcere, que fan que poidan pasar meses sen que nos crucemos sequer cos ocupantes dos despachos colindantes. Durante un tempo, no departamento de Galego tratamos de paliar esa incomunicación convertendo a secretaría do departamento nun punto de encontro no que tomar un café entre clase e clase, café que adoitaba ir acompañado dun pedazo da bica que Salgado nos traía de Castrocaldelas, ou de calquera golosina que algún de nós aportaba cando retornaba dun congreso, por exemplo. Pero ata iso acabou por desaparecer.

Non sabería dicir en qué medida a disposición das zonas de traballo tiña realmente algo que ver, pero o certo é que o ambiente que se respiraba en Mazarelos estaba impregnado de espírito de equipo, de solidariedade, de compañeirismo... Se un estaba apurado porque tiña que acabar de pasar a máquina a tese para presentala nun prazo determinado, todos botabamos unha man [tereí que facer unha nova digresión para lembrar que aínda non dispoñíamos de ordenadores

e que primeiro faciamos moreas de borradores a man, que había que ir poñendo en limpo e pasar a máquina, facendo todas as copias con papel carbón ata que apareceron as fotocopiadoras]; se alguén estaba de oposicións, o normal era axudar a preparar temas; por suposto, as memorias («concepto, método y fuentes» da disciplina) pasaban de man en man... E, cando un iniciaba a súa traxectoria docente, sabía que os máis veteranos axudarían a resolver dúbidas; non sei qué tería sido de min cando asumín un curso de Lingüística Xeral sen os apuntes que me prestou Guillermo; ou, ao empezar con materias de Lingüística Románica, sen o apoio constante de Antón, que tiña resposta para todo, e, se por acaso lle preguntaba algo moi raro no que el aínda non reparara, rebuscaba por todos os libros e revistas posibles ata que daba cunha explicación axeitada.

Poida que, visto desde agora, pareza que acadar entidade propia, e con edificio propio, como Facultade de Filoloxía foi doado, pero, por moito que eu non chegase a coñecer todos os pormenores, si recuerdo algunha cousa, como, por exemplo, que algo que sempre foi fundamental para todos nós como é a Biblioteca non estaba dotada do persoal imprescindible, polo que Guillermo (que sempre, fose Decano ou non, estivo tan pendente do mellor funcionamento dese Servicio) arbitrou unha solución de emerxencia, coa aquiescencia dalgúns catedráticos tamén comprometidos no día a día: contratar non sei se dous ou tres axudantes que, aínda que -como axudantes- tiveron que cumprir co requisito de defender as súas tesinas, en realidade, ían desempeñar o seu labor como bibliotecarios para suplir prazas que non existían.

As dificultades fóronse solventando co esforzo e colaboración de todos. E, tamén nisto gracias a Guillermo, fomos dos primeiros en advertir a axuda que, tanto para labores de xestión como de investigación, ían proporcionar as que

daquela (refírome á década dos '80) se podían chamar «novas tecnoloxías».

A construción do edificio actual non foi ningún antollo de ninguén. Realmente, nos anos '80 do século pasado chegamos a estar realmente «apretados» e necesitados de novos espazos.

E aquel crecemento forma parte tamén destes 50 anos de historia.

Non sabería decir se a creación dos Colexios Universitarios, que repartiu a USC en sete campus diferentes, coincidiu exactamente coa fragmentación de Filosofía e Letras (e, en paralelo, de Ciencias) ou se tal vez a precedeu nun ano ou dous, pero ese feito foi probablemente un dos elementos (non o único, por suposto) que fixo que se incrementase en xeral o estudantado universitario, porque achegou a universidade ás distintas cidades. No noso caso concreto, botaran a andar catro titulacións: Filoloxía Románica, Filoloxía Hispánica (un novo «desgaxamento», porque antes formaba parte de Filoloxía Románica), Filoloxía Xermánica e Filoloxía Clásica. Cada unha delas constaba dun primeiro ciclo de tres anos (a pretensión inicial era que ese ciclo dese lugar a un título terminal de «diplomado», algo que non chegou a callar), e un segundo ciclo, no que se producían especializacións: Francés e Italiano en Románicas; Español e Galego-Portugués en Hispánicas; Inglés e Alemán en Xermánicas. [Por certo, esta estrutura -que mantiña unha serie de materias comúns ás catro titulacións- é a que explica que a Lingua galega non aparecese en Filoloxía Hispánica ata o terceiro curso, como lamentaban algúns dos participantes no concerto de hai dúas semanas.]

Pois ben, os CU da Coruña, Vigo e Lugo ofertaban os primeiros ciclos de Filoloxía Hispánica e -non sei se en todos os casos- Filoloxía Xermánica. Pero, ao chegar a 4º, a eses estudantes non lles quedaba outra, se querían rematar a licenciatura, que

vir a Santiago, o que facía que o número de alumnos aumentase notablemente neses dous últimos cursos.

Ademais, aqueles que optaran por Maxisterio tiñan a opción de incorporarse tamén, mediante un «curso de adaptación», aos segundos ciclos, e iso supoñía un novo aporte ao estudantado da Facultade.

Con tales circunstancias, non é de extrañar que, a partir da súa creación, a Facultade de Filoloxía vise cómo se ía incrementando o seu alumnado, e, proporcionalmente, o seu profesorado.

Por se fose pouco, o edificio albergaba, no baixo cuberta (ou 6º andar), outras dependencias que, por diversos motivos, estaban vinculadas á Facultade de Filoloxía, entre elas o Centro de Estudos Portugueses, ou a Secretaría dos Cursos de Lengua y Cultura Españolas para estudantes extranjeros (os cursos equivalentes de galego nacerían anos despois, pero esa historia xa non me tocou tan de cerca e non podo contala eu). Estes cursos de Español viñan celebrándose desde 1943, e probablemente estiveran sempre organizados por un catedrático de Filoloxía, como o estaban cando topei con eles sen pretendelo, pois, en 4º de Filoloxía Románica, D. Constantino nos ofreceu a posibilidade, aos alumnos que tivésemos interese, de colaborar como bolseiros durante o verán. E alá fomos Isabel e máis eu; «o xefe» mandounos ás dúas á Coruña, onde estaban á fronte dos cursos Guillermo e Sonsoles Arangüena (a quen recordou Guillermo na súa intervención). Un ano despois, recién licenciada, D. Constantino encomendoume a secretaría deses mesmos cursos, pero en Vigo, durante os meses de xullo e agosto; en Coruña seguía Guillermo e, se non me falla tampouco aquí a memoria, en setembro encargábase de coordina-los en Santiago Antón Santamarina. Supoño que, ademais dun intento de descentralización, nesa distribución nas tres sedes tiña que ver o feito de que os Concellos da Coruña e Vigo subvencionaban os cursos que se celebraban alí, e os de Santiago autofinanciábanse. Non sei ata cando se mantiveron na Coruña, pero en

Vigo (onde, entre o profesorado, colaborou algún ano Emilio Montero, ademais de José M^a Viña e tantos outros) a última edición foi en 1975. A partir de 1976 xa só se facían en Santiago, onde, anos despois, estivo a cargo da súa organización Emilio, en colaboración con José M^a Folgar.

Dicía que a Secretaría deses Cursos de Español estaba no 6º piso do edificio de Mazarelos, edificio onde tamén se impartían as clases (ou parte delas, polo menos) durante o verán.

Pero ademais -e seguimos en 1975- botou a andar, desde o mesmo baixocuberta, o que inicialmente se chamou Instituto de Idiomas, que continuaría a súa andaina ata converterse no actual Centro de Linguas Modernas. A súa creación obedeceu a un proxecto de Guillermo Rojo, no que implicou a D. Constantino, como non podía ser doutro xeito. Segundo tiveron a ben explicarme cando me pediron que me encargase de poñelo en marcha, a idea era que servise de xermolo a un futuro Instituto de Lingüística Aplicada que -e disto xa descoñezo os motivos- non chegou a funcionar. Pero si funcionou o Instituto de Idiomas, totalmente en precario durante os primeiros anos, pois había que autofinanciarse, polo que se pagaba aos profesores (obviamente, sen contrato) en función do que se recadase de matrícula. O primeiro ano botouse man dos lectores de inglés, que era a única lingua que se ofertaba; pero a demanda non tardou en medrar e chegaron Victor Reynolds e Keith Ammerman, e todos os que seguiron; e ampliouse a oferta a francés, con Geneviève e Christine, e a alemán, primeiro co lector, logo con José Manuel... *E così via.*

E as clases impartíanse ao longo do curso no mesmo edificio, aínda que pronto houbo que ir solicitando a colaboración doutros centros, porque as aulas non daban máis de sí.

Consecuencia de todo o anterior: o edificio non tardou en quedar pequeno, o que obrigou a pensar en solucións diversas, que cristalizarían na construción deste edificio no que estamos; pero non quero deixar de mencionar unha desas

solucións alternativas, que tería unha transcendencia considerable: fronte ao edificio matriz hai unha casa que funcionaba xa, en certa maneira, como prolongación de Filosofía e Letras, pois dispoñía dalgunha aula pequena que se empregaba para impartir docencia de materias con poucos alumnos, pero que albergaba tamén outros servicios (polo menos, nos meus tempos de estudante, estaba no soto a oficina de Bolsas). A comezos dos anos '70, D. Constantino García conseguira poñer en marcha o Instituto da Lingua Galega, inicialmente como unha especie de anexo ao Departamento de Filoloxía Románica, e que, en moi pouco tempo (entre 1971 e 1975), xa publicara o primeiro método para o ensino do galego (aqueles inesquecibles *Galego* 1, 2 e 3) e puxera en marcha a revista *Verba*, da que xa falou Guillermo, e iniciara os labores que conducirían á realización do ALGA. Pero D. Constantino non tardou moito en facerse coa totalidade do edificio López Ferreiro para restauralo e convertelo en sede do ILG, co que este consolidou definitivamente o seu estatus independente -aínda que, en certo modo, prolongación dela- da Facultade de Filoloxía.

Antes tamén do cambio de edificio, tivo lugar un acontecemento importante para a universidade en xeral: a publicación no BOE, en setembro de 1983, da LRU. A reestructuración que supuxo comentouna Guillermo, pero eu quixera referirme a un dos cambios que me parecen máis significativos: por moito que estivese falando, para os anos anteriores, de «departamentos», a realidade é que, tal e como os concebiu a LRU, non existían previamente; eran, máis ben, agrupacións en torno a unha cátedra, pero cunha estrutura tan aberta que, se ben esa situación non era talvez a máis frecuente, resultaba posible que, dependendo das necesidades da Facultade (que si funcionaba máis como unha unidade), unha mesma persoa estivese a cargo de materias moi diversas. Recordo, por poñer só un exemplo, que José Luis Rodríguez, que logo sería catedrático de Portugués, na miña

promoción impartiu durante un tempo Crítica Literaria, e, noutros cursos, Historia do Español. Dito doutra maneira, existía unha maior flexibilidade, que a algúns non nos veu nada mal, porque nos permitiu aprender cousas que logo nos servirían para entender mellor outras.

A estrutura departamental derivada da LRU rachou con esta posibilidade e creou entidades «pechadas», mesmo inco-municadas, que supuxeron un notable desperdicio de recursos de todo tipo. E, á fin e á postre, os departamentos acabaron por ser meras unidades administrativas nas que o que funciona son, por unha parte -e só a efectos docentes- as áreas (nalgúns casos, mesmo as subáreas e ata as sub-subáreas) de coñecemento, e, pola outra, os grupos de investigación, que son, ademais, os que teñen capacidade para acadar recursos económicos. Poño sobre a mesa esta reflexión porque non sei se por fin quedou establecido nos Estatutos se a USC opta por organizarse en facultades ou en departamentos. Pode ser un bo momento para mirar atrás e tratar de aplicar o que se poida aprender do pasado; cabe dentro do posible que os grupos de investigación se vaian subsumindo nos novos grandes Institutos que se van creando, pero qué acontece coa docencia?

Porque esa é outra. Ata a LRU, concedíase unha importancia primordial á docencia; todos tiñamos que dar moitas clases e algúns cambiabamos de materias dun ano para outro sen chistar, pero os resultados compensaban o esforzo e a Facultade de Filoloxía gozaba de enorme prestixio; ata o punto de que un físico que foi Reitor durante case toda a década dos '80 presumía de Filoloxía como un buque insignia que despertaba a envexa non só doutros Centros senón tamén de moitas outras universidades.

É certo que a contrapartida era que se valoraba menos a investigación, se ben a nosa era tamén, en xeral, unha investigación de calidade contrastada. A partir da LRU cambiaron as tornas, pero cambiaron un chisco de máis, pois parecía que había que concentrar as forzas en investigar moito (aínda

que non todo fose igual de bo), en detrimento da docencia, que en moitos casos era considerada unha carga descartable. Aínda así, non se pode negar que a nosa facultade mantivo alto o nivel durante moito tempo. O actual decano e máis eu, que eramos afeccionados a mirar non tanto os ránkings que se publicaban por universidades senón os que se facían por ámbitos, puidemos comprobar en máis dunha ocasión cómo non estábamos tan mal como parecía.

Como se pode advertir, non dou construído unha historia lineal, pero tampouco pensades que perdo o fío. Volvo ao punto no que, sendo Reitor Darío Villanueva e Decana Isabel, como ela mesma recordou, fixemos a mudanza ao antigo Burgo das Nacións, do que aínda quedaban en pé algúns pabellóns. Non me vou referir xa aos problemas do edificio (que sempre os tivo), senón a aspectos que considero relevantes naquela década dos '90.

Por unha parte, o traslado a un edificio de maior tamaño veu coincidir co inicio do descenso no número de estudantes. Os motivos dese descenso son ben coñecidos e de distintos tipos, desde o meramente demográfico a un cambio na consideración social do que debe ser e facer a Universidade como institución, e unha depreciación dos estudos tradicionais «de Letras», pouco adaptados a un suposto mercado de traballo, para o que, por certo, capacitan mellor os variados ciclos formativos de FP que se foron desenvolvendo e que seguen a medrar, en variedade e calidade. Pero non quero deixar de mencionar un factor fundamental: ao tempo que nós íamos preparando o traslado, ían nacemento (tamén por «desagregación» -e, en certo modo, transformación dos antigos Colexios Universitarios-), e con demasiada xenerosidade por parte da USC, dúas novas universidades na nosa Comunidade Autónoma, que arrastraron con elas unha parte dos sete campus que conformaban a que, ata ese momento, era a única universidade de Galicia, limitada agora a Santiago e Lugo. No caso concreto de Filoloxía, as universidades da

Coruña e Vigo desenvolveron por completo aquelas titulacións das que antes só impartían o primeiro ciclo, co que restaron á nosa facultade todos aqueles estudantes que nos chegaban en 4º.

Por outra parte, naqueles anos, e en certo modo como consecuencia da autonomía universitaria derivada da LRU, produciuse un novo cambio nos plans de estudos, que conlevaría a desaparición daquel «curso de adaptación» que permitía a incorporación de titulados en Maxisterio, aínda que este feito non tivo a importancia cuantitativa do que acabo de mencionar.

Eses novos plans de estudos tentaban manter un mínimo de materias «troncais» comúns a todas as universidades españolas (aínda que a súa posta en práctica as fixo diferentes dunhas a outras), que logo se completaban con materias obrigatorias, optativas e de libre configuración. Estas últimas permitían a cada estudante escoller o que quixeran de calquera titulación, o que non estaba, en principio, mal pensado, e nalgúns casos resultou positivo, noutros unha fonte de problemas, e tamén deu lugar a situacións tan curiosas como que eu chegase a ter como alumna (e aplicada, por certo) de «Introdución á Filoloxía Románica» a unha estudante de 6º de Medicina, que se matriculou, sinxelamente, porque tiña un horario (o final da tarde dos xoves e venres) compatible coas súas actividades normais.

Estes plans deron lugar a unha nova fragmentación, de tal modo que, onde tiñamos catro titulacións, pasamos a ter nove, concebidas como compartimentos estancos sobre unha especie de pacto de non agresión: «eu non me meto no que fagas ti, e ti non interfiras no que fago eu». Traducido noutras palabras: fíxose todo o posible para eliminar todo o que fosen materias transversais comúns a varias titulacións, en aras dunha suposta especialización carente dunha base sólida. A razón disto non tiña nada que ver coa busca dunha mellora na formación do estudantado (ao que penso que se

ocasionou un serio perxuício), senón co feito de que os cadros de persoal dependían directamente da carga docente que cada área de coñecemento debía soportar.

Empezaba a falarse de créditos e de adaptación a un espazo europeo de educación superior, pero a distribución inicial de 300 créditos en catro cursos académicos representou un esforzo considerable, tanto desde o punto de vista administrativo como académico, e tanto para o profesorado como para o estudantado.

Quizais por iso non chamou a atención que ese esquema non durase moitos anos, e xusto cando eu cheguei ao Decanato, tocou reestructurar todo de novo para volver a distribuír os 300 créditos en cinco anos. Non quero determe en recordar os problemas que tivemos que afrontar (e que contaría Marisol mellor ca min), tanto porque se aproveitou para facer cambios académicos que chocaron estrepitosamente coas normas administrativas como porque se levou a cabo un cambio en bloque, de maneira que todos os que iniciaran os seus estudos pensando en licenciarse en catro anos tiveron obrigatoriamente que «adaptarse» e sumar un ano máis.

Chegados a este ano 2000, quero referirme a un asunto moi diferente: penso que a ninguén sorprendeu que o noso equipo decanal estivese configurado por catro mulleres (e aproveite para agradecer a Tata, Milagros e Marisol a súa disponibilidad e entrega), que a secretaria do Decanato fose Elena, a xefe de Asuntos Económicos Vicky e que, case cando se produciu o cambio de equipo, chegase Pepa como xestora. Ah! E a directora da nosa biblioteca era Pilar del Oro. É dicir: un auténtico xineceo. O que me dá pé para responder publicamente a unha pregunta que me teñen feito en múltiples ocasións (e que vén a conto porque non hai tantos días que se celebrou o 8M): se algunha vez (pensando, sobre todo, na década dos '70) padecín discriminación ou percibín algún tipo de machismo.

A miña resposta, sempre negativa, está debidamente xustificada, aínda que recoñezo que falo de min e non das

mulleres en xeral. É máis que probable que se desen situacións discriminatorias para as mulleres noutras facultades (Dereito ou Medicina, por exemplo), e ata que, de maneira sutil, houberse algo diso nalgunha área de coñecemento da nosa, pero non era o habitual en Filoloxía, onde, hai máis ou menos 50 anos, case se chegaba á paridade no corpo de Catedráticos e Profesores Agregados, do que formaban parte Dulce Estefanía (que, por fortuna, mantense aínda moi activa), Carmen Bobes e Ana Echaide (a primeira era titular dunha cátedra que se chamaba algo así como Gramática General y Crítica Literaria; a segunda de Lingua Española), e Marita Aragón (Francés); non levo a conta, pero os homes dese corpo non eran naquel momento moitos máis. O curioso é que, polo contrario, no nivel inferior, é dicir, no corpo de Profesores Adxuntos, si predominaron durante un tempo os homes.

E nos ámbitos nos que eu me movía, o trato era tan igualitario que poucas veces me atrevía a baixar a tomar café con Antón, Guillermo e o Couceiro, porque tiñan o costume de xogalos «aos chinos», pero, como a única que non sabía xogar era eu, o normal era que me tocase acabar pagando os de todos. É probable que, na consolidación dese ambiente, tivese moito que ver a «modernidade» (xa destacada por Guillermo) que representou a chegada a Santiago de D. Constantino, que constituía equipos paritarios para enviarnos a facer enquisas por Galicia adiante e que nos trataba a todos por igual cando nos convidaba a xantar con calquera excusa a todo o grupo. Pero tampouco facía distincións de ningún tipo D. Manuel Díaz, que chegou a levarnos no seu «tiburón» a un congreso de Estudos Clásicos en Barcelona a un par de rapaces e e outro de rapazas que faciamos 3º de Clásicas.

A área de Filoloxía Románica, de todos os modos, foi sempre case un mundo aparte no avance do feminismo, porque, antes de que se impuñese por lei a paridade, foron varias as ocasións en que un tribunal de tese ou de

oposicións estivo constituído integramente por mulleres. Por dar só un dato concreto: en 1978, aprobamos as oposicións ao corpo nacional de Profesores Adxuntos de Universidade tres mulleres e un home; é certo que el levou o número 1, pero porque foi realmente o opositor máis brillante de todos os candidatos (era tamén o único que procedía da Complutense; as demais eramos «de provincias» e sentiámonos un pouco perdidas en Madrid).

E haberá que voltar a ese período 2000-2004, que se iniciou cunha noticia luctuosa: a inesperada morte (por un infarto) do Prof. Jesús Lago Garabatos, cando estaba nun congreso en La Laguna, o que me serve de pretexto para lembrar, sen necesidade de nomealos, a todos os compañeiros (docentes, pero tamén estudantes) que faleceron prematuramente cando estaban aínda en pleno exercicio; e tamén aos que o fixeron máis «no seu tempo» e que forman parte inesquecible da historia da nosa facultade.

Deses catro anos no Decanato destacaría dúas cousas: dun lado, as protestas contra a LOU e o peche na Facultade, un episodio que, obviamente, non souben manexar como Decana; do outro, a necesidade de acelerar o proceso de incorporación ao Espazo Europeo de Educación Superior, porque se ía achegando o momento de cumprir os compromisos asinados en Bologna anos antes. Con este obxectivo, foron numerosas as reunións de Decanos das Facultades de Letras, por unha parte, e as máis específicas de Filoloxía, pola outra. No noso caso, acabaron conformándose dous bandos, con visións bastante diferentes sobre o que conviría facer; a postura que propoñía manter unha transversalidade que proporcionase unha base formativa consistente na que asentar as distintas especialidades era apoiada, ademais de pola Decana de Santiago, que lideraba ese grupo, por Ana Cano (Oviedo), Coloma Lleal (Barcelona), Pep Nadal (Girona), José Luis Canet (Valencia), Joseba Lakarra (País Vasco) e uns cantos máis. Probablemente, o único que conseguimos foi que non

desaparecese o nome de Filoloxía, que o bando contrario quería substituír directamente por «Linguas e Literaturas». E tamén aquí me sinto un pouco culpable de non telo feito mellor, porque deixei o Decanato cando a loita estaba en plena efervescencia, e o seguinte Decano non tiña, loxicamente, por qué compartir as miñas ideas. Non paga moito a pena deterse en analizar detidamente o proceso nin pensar qué sería mellor, porque o feito feito está, pero non vou deixar de dicir que, na miña opinión persoal, a suposta creación dun espazo europeo común fixémosla mal entre todos. A idea orixinal era moito mellor do que se quixo facer ver; foron os intereses de diversos tipos os que deron ao traste con ela e a trastocaron por completo.

En calquera caso, o que conta é que de aí xurdiu un novo cambio, que, ademais, mudou o título de ‘licenciado’ polo de ‘graduado’. Pero, como todo isto aconteceu despois da etapa en que fun Decana, penso que o contarán Ernesto e a M^a José.

Contemplando agora estes 50 anos de vida da nosa Facultade, non vou ocultar a miña visión negativa de cómo foron evolucionando progresivamente os plans de estudos, e tamén da política de profesorado levada a cabo na nosa universidade nos últimos 20 anos. Certo que, neste caso, tivo algo que ver -nun período concreto- a situación económica, pero, aínda así, había opcións mellores.

De todos os modos, esa visión negativa non me impide ver todo o bo que saíu, e sae continuamente, desta nosa casa. Basta con botar unha ollada arredor para darse conta, por exemplo, de que dous dos mellores Servizos da USC, como son a Biblioteca e o Servizo de Publicacións, están dirixidos por dous filólogos formados entre nós: Mabela Casal e Juan Blanco. Ademais, o Servizo de Publicacións, que cumpre agora 80 anos da súa existencia, estivo case sempre dirixido (mentres tiña directores académicos) por filólogos.

Pasando revista moi de pasada, e de forma necesariamente incompleta, podemos presumir de que un Decano de Filoloxía foi tamén Reitor durante dous mandatos, e de que son numerosos os colegas que desempeñaron -e desempeñan- a función de vicerreitor. E, fóra da universidade, dous membros desta facultade foron secretarios, e un deles tamén director, da RAE. Agora mesmo, os presidentes da RAG e do CCG saíron tamén das nosas aulas, igual que moitos membros desas institucións. E houbo, e hai, directores de editoriais, e responsables de importantes coleccións e revistas; e presidentes e vicepresidentes de relevantes asociacións científicas nacionais e internacionais; e membros do Real Patronato da BNE. Por non falar dos excelentes profesores que «exportamos» (nuns casos, por vontade propia; outros, forzados pola imposibilidade de dispoñer dunha praza aquí) a tantas universidades, españolas e estranxeiras; e estou pensando só nos que chegaron a doutores nesta facultade, porque sería case imposible levar a conta de todos os licenciados ou graduados que hoxe desempeñan o seu labor docente por todo o mundo (véñenme á memoria tres alumnos dunha mesma promoción que hoxe son profesores en tres distintas universidades norteamericanas; e todos os demais que haberá).

Sáíndo só un chisco do ámbito máis académico, tamén habería que contabilizar a pléiade de creadores literarios en todos os xéneros; por se alguén non o sabe, hai uns anos foi recoñecido como un dos máis destacados poetas en islandés un licenciado desta casa que tamén fai poesía en galego.

A conferencia de Darío Villanueva deu boa conta da intensa actividade teatral que viviu durante anos esta facultade e da que saíron actores que seguen a dedicarse a esa profesión. O concerto do pasado 26 de febreiro mostrounos un elenco magnífico de músicos dos tipos e idades máis diversos que estudaron Filoloxía con nós. A mesma alcaldesa de Santiago cóntase tamén entre os nosos licenciados, e na

súa intervención ao final do acto convidou a explorar moitos outros ámbitos profesionais nos que non resultará difícil dar con máis filólogos.

Por outra parte, Filoloxía sempre estivo aberta a acoller iniciativas realizadas por egresados, como as reunións que, durante anos, celebraban periodicamente os profesores de Francés nos institutos de Secundaria; ou esas magníficas xornadas que supoño seguen desenvolvendo os profesores de Latín, que traen os seus estudantes para facernos revivir aspectos diversos da cultura clásica [por certo, escoitei hai días na radio que un grupo destes profesores de latín reúnen na facultade para coordinarse na posta en práctica do emprego do latín como lingua viva entre os rapaces (obviamente, con frases e en situacións limitadas, pero non por iso menos relevantes)].

En resumo: penso que podemos sentirnos orgullosos do traballo realizado nestes 50 anos, e que os resultados obtidos son froito, precisamente, dese pensamento crítico a que se refería o outro día Uxía. Porque a nosa función reside, fundamentalmente, en fomentar o pensamento crítico, o antidogmatismo, a liberdade de espírito e as sanas discrepancias que xorden cando se proporcionan mecanismos que sirvan para atopar solucións racionais, e razonadas, a calquera tipo de problemas.

E nisto desempeñamos un papel importante todos, desde o primeiro profesor ao estudante máis novo, do persoal de administración do decanato e departamentos ao persoal da biblioteca e de conserxería, do servizo de limpeza e mantemento ao persoal da cafetería... Todo xunto é o que «fai facultade»; por iso é tan importante fomentar o que nos une por riba de disensións máis ou menos puntuais. Hai que lembrar aquilo de «O povo unido jamais será vencido»?

2004-2012. FILOLOXÍA DIANTE DO RETO DE BOLOÑA

Ernesto González Seoane
Decano (2004-2012)

Gustaríame, en primeiro lugar, expresar o meu agradecemento á comisión organizadora dos actos do 50 aniversario da creación da Facultade de Filoloxía, e moi particularmente, ao seu decano, profesor Feijó, por brindarme, a min e a todos os demais decanos e decanas que continuamos no reino dos vivos, esta tribuna, que entendo como unha oportunidade para rememorar colectivamente como, co traballo e coa contribución de todos, dos que aquí seguimos e dos que xa non están, fomos construíndo a comunidade que é hoxe a Facultade de Filoloxía. Dicíalle onte mesmo ao decano, despois da conferencia que pronunciou Javier Valle-Inclán no marco dos actos de homenaxe que a Facultade e a Cátedra lle ofreceron ao noso compañeiro Javier Serrano, que a sucesión de actividades está alcanzando niveis xa complicados de manexar. Tanto é así que creo que nos últimos meses veño máis pola Facultade que cando daba clase nela.

50 anos son moitos anos, mesmo para unha Universidade que supera ben os cincocentos. Así e todo, debo confesar que, aínda que era coñecedor de como se desenvolveu o proceso que conduciu á creación de tres Facultades a partir da vella Filosofía e Letras, nunca ata que comezaron a circular as primeiras noticias sobre esta conmemoración, nunca ata ese momento reparara en que as persoas que, coma min, se incorporaron ás aulas de Mazarelos alá polo outono de 1980 participamos de nada menos que de corenta e cinco deses cincuenta anos de existencia independente. E esta sorpresa é debida, seguramente, a que nunca tivemos consciencia de nos estarmos incorporando a unha realidade nova, recién creada apenas cinco anos antes de nós chegar. Aínda que a Facultade estaba nacente, ou dando os seus primeiros pasos como tal, a sensación que nós tiñamos era que Filoloxía, parafraseando, ou retorcendo un pouco, a letra do conto de Monterroso, «sempre estivera alí».

Asumo gustosamente o convite para falar, un pouco distendidamente, do período en que tiven a honra de ser decano desta Facultade, entre 2004 e 2012, porque entendo que é esta condición de ex-decano, e ningunha outra, o feito que xustifica a miña inclusión neste ciclo de conferencias.

Así e todo, ídesme permitir introducir neste punto unha nota puramente persoal, unha referencia a unha pasaxe da miña vida, situada algúns anos antes do inicio deste período, e que considero (nunca o saberei a ciencia certa, pero eu así o creo) fundamental para entender como é que no ano 2004 eu acabei convertido en decano da Facultade.

Porque se en 2004 eu accedín ao decanato da Facultade foi, probablemente, porque algúns anos atrás, en 1992, Emilio Montero tivo a ocorrencia (espero que Deus llo perdoase ou que, polo menos, non llo tivese moi en conta) de pensar en min para formar parte como vicedecano da candidatura que naquela altura estaba conformando para concorrer ás eleccións ao decanato da Facultade, unha candidatura

que integraban, ademais de min, José Antonio Puentes e Luis Iglesias Rábade. Tres anos despois, nun segundo mandato, incorporárase ao equipo Ignacio Palacios en substitución de Luis Iglesias.

Ata o momento en que recibín a súa chamada telefónica, nunca pasara pola miña cabeza a posibilidade de optar a un posto de xestión. Diso estou ben seguro. Os anos posteriores á miña licenciatura ocupáraos, primeiro, a redacción da memoria de licenciatura, e despois, a elaboración da tese, que tiña que simultanear coa atención da docencia.

Non sei ben como se ocorreu a idea a Emilio. Bastantes anos máis tarde diríame que, revisando posibles candidatos para formar o seu equipo, o meu nome saltáralle porque ao velo lembrara un traballo de curso meu sobre os esquemas condicionais nas *Novelas ejemplares* de Cervantes. Poida que fose por esta razón, ou talvez porque antes de ofrecerme a min o posto outras persoas o rexeitaran. Non sei. En calquera caso, aquel ofrecemento, aceptado despois dun tempo de reflexión, supuxo un cambio na miña vida.

Os sete anos (entre 1993 e 2000) de traballo con Emilio (e con José Antonio Puentes, con Luís Rábade e con Ignacio Palacios) foron anos de traballo moi intenso, nun contexto bastante máis tensionado do que o está hoxe (eran aqueles «tiempos nuevos, tiempos salvajes», como dicía a canción de Ilegales), cunha acusada polarización no claustro, nos consellos de goberno e nas xuntas de Facultade.

E foron tamén para min anos de intensa aprendizaxe. En definitiva, constituíron unha experiencia enormemente enriquecedora, tamén no plano persoal. Aínda que eramos persoas ben distintas, con intereses e ideas diferentes en moitos aspectos, sempre apreciei moito en Emilio algunhas virtudes que o adornaban: o respecto e a tolerancia con quen non pensaba coma el, a serenidade (unida a un certo distanciamento irónico) á hora de enfrontar (e de enfriar) os problemas máis complexos e delicados, a confianza e a lealdade

para con quen conformabamos o seu equipo, a comprensión diante dos erros cometidos...

Non sei se na miña traxectoria como xestor universitario, que se iniciou en 1993 e que de xeito case que ininterrompido chega ata hoxe mesmo, fixen ben ou mal as cousas. Supoño que algo haberá de todo. Do que si estou seguro é de que, se algo fixen ben, será en grande medida grazas ao que aprendín naqueles anos.

Nunca tiven ocasión, ou mellor, nunca souben atopar a ocasión para dicirllo a Emilio mentres estivo vivo, e entenderedes que non podía deixar escapar esta oportunidade e esta tribuna para facelo publicamente, agora que lamentablemente está morto. Pero todos sabemos ben que, como dicía Rubalcaba, «en España enterramos muy bien».

Filoloxía enfrontábase no ano 2004, coma o resto da Universidade de Santiago de Compostela, e das universidades españolas e europeas, ao reto de adaptar as súas estruturas e os seus estudos, en liña cos obxectivos definidos pola declaración de Boloña, subscrita inicialmente por 29 estados europeos o 19 de xuño de 1999, e ampliada, matizada e complementada nos seguintes anos a través de diferentes declaracións e «comunicados», como os asinados en Praga (2001), Berlin (2003), Bergen (2005), etc. Ao longo deste proceso, outros países (ata 18 máis) foran adheríndose á declaración.

Os obxectivos da declaración eran relativamente modestos e tiñan como norte construír un espazo europeo de educación superior integrado por estudos organizados en niveis semellantes, con unidades de medida comparables (o crédito ECTS), así como favorecer a mobilidade e intercambio de estudantes, docentes e persoal investigador e xestor.

Na universidade española a mudanza esixía unha maior transformación do sistema, por canto os estudos universitarios estaban organizados maioritariamente a partir de licenciaturas de 300 créditos distribuídos en 5 anos, e cunha organización dos cursos e materias predominantemente anual.

Ademais, no caso das titulacións de Filoloxía a situación ofrecía unha dificultade engadida por mor dunha situación de crise (de crise de matrícula e tamén de crise reputacional) que se viña arrastrando desde había xa uns cantos anos.

Para termos unha idea do contexto problemático (case diría que dramático) en que nos encontrabamos naquela altura recorrerei ao meu discurso de toma de posesión como decano da Facultade, pronunciado o 15 de xuño de 2004.

Nel, cun ton deliberada e abertamente efectista, comezaba:

«Xa hai tempo que só asisten á miña clase sobre Italia catro ou cinco persoas. O luns, derradeiro día da clase sobre Francia. O próximo semestre, a aula baleirarase aínda máis. A soga vai cinxíndose arredor do pescozo».

Estas palabras, escritas o 21 de febreiro de 1933, pertencen ao diario de Victor Klemperer, eminente romanista xudeu-alemán, naquela altura catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Dresde. Nos dous anos seguintes, Klemperer anotou minuciosa, case obsesivamente, nos seus diarios a evolución decrecente do alumnado que asistía ás súas clases de literatura francesa e italiana, ao tempo que expresaba a súa inquedaanza acerca do seu futuro. Finalmente, o 30 de abril de 1935, Klemperer escribiría unha breve nota que conmove profundamente pola súa capacidade para transmitir tanto a desolación diante da traxedia que se cernía sobre a súa cabeza como a súa radical dignidade e integridade persoal e intelectual: «Foi para min unha moi especial cuestión de honra escribir hoxe unha páxina (sobre Lesage e Marivaux) d[a miña monografía sobre]o *Século XVIII*, hoxe, cando xa non preciso dar ningunha clase por terme traído o correo a comunicación oficial do meu retiro».

Sería un desatino e unha frivolidade pretender comparar a situación da universidade galega ou española actual coa das universidades alemás no período de emerxencia do nazismo, porque, obviamente, non son magnitudes comparables. Ademais, facelo constituiría sen dúbida un insulto á memoria do profesor Klemperer e de todas as vítimas do nacionalsocialismo. Sen embargo, debo dicir que cando, hai xa algún tempo, lía estas pasaxes dos seus diarios, non podía deixar de pensar na ansiedade con que, desde hai xa algúns anos, todos os comezos de curso eu mesmo e moitos dos meus compañeiros nos debruzamos sobre as cifras de matrícula que van ofrecendo os xornais ou a propia reitoría. Porque, se queremos ser sinceros, debemos recoñecer que, dun tempo a esta parte, a crise da matrícula acabou por converterse en motivo recorrente das nosas conversas en corredores e despachos e, seguramente, no principal motivo de preocupación para todos nós.

Esta preocupación non se debe tanto aos efectos que a caída do alumnado supón no funcionamento da Facultade. Máis ben ao contrario, a redución do estudantado sitúanos nunha posición de privilexio para podermos acometer reformas necesarias, como a posta en práctica de novas metodoloxías docentes, unha atención máis individualizada aos estudantes, etc. En realidade, se este asunto nos preocupa tanto é porque este descenso da matrícula está conducindo (conduciu xa) a un cuestionamento, máis ou menos velado, máis ou menos descuberto, non xa dalgunhas das actuais titulacións de Filoloxía, senón mesmo do interese das disciplinas que neles se estudan.

Ata aquí a cita do meu discurso de toma de posesión.

O descenso do alumnado das titulacións de Humanidades, e en particular das de Filoloxía, que se resistaba na altura era o resultado da acción concorrente de varios factores.

En primeiro lugar, é preciso salientar o descenso sosti-
do do estudantado universitario. Segundo informaba *La Voz
de Galicia* o 12 de xuño de 2004, nas probas de acceso á uni-
versidade daquel ano concorrián en Galicia 9859 estudantes,
«máis de catro mil menos qu no ano 1997. Neste período,
a selectividade galega perdeu o 30% dos seus aspirantes». O
efecto desta caída no estudantado de novo ingreso veríase
agravada pouco tempo despois como consecuencia da substi-
tución das licenciaturas de cinco cursos por graos de catro,
que a implantación de mestrados non conseguiu compensar.

En segundo lugar, debe terse en conta que durante moi-
tos anos Filoloxía prestara de feito un importante servizo ao
conxunto da comunidade universitaria ao actuar como unha
sorte de válvula de escape que permitiu aliviar a presión sobre
o sistema provocada pola xeneralización do *numerus clausus*.
Este papel acabaría tendo varios efectos para nós, algúns deles
pouco esperables. Por unha banda, de entrada provocou unha
situación de masificación, compensada, todo hai que dicilo,
por unha sensible expansión do cadro de persoal docente e
investigador. Pero ademais, esta circunstancia acabou tendo
un efecto non esperado cando, co cambio do ciclo, as cifras de
matrícula dos tempos da masificación pasaron a converterse
no elemento de referencia para medir a caída, coma se os preto
de 4.000 alumnos que chegou a ter Filoloxía puidesen repre-
sentar unha cifra ideal ou mesmo razoable.

A estes factores habería que engadir seguramente un
certo desinterese polos estudos humanísticos en xeral, pre-
sentados a miúdo como saberes pouco prácticos e, sobre
todo, pouco conectados co mundo laboral. Neste sentido,
non será casual que o descenso da demanda coincida coa
conxelación ou redución dos cadros docentes do ensino se-
cundario, que viñan sendo o destino laboral da maior parte
dos egresados da Facultade.

En todo caso, sería inxusto atribuír toda a responsa-
bilidade á actuación de factores externos ou sobre os que

tiñamos escasas posibilidades de control. Así, creo que é forzoso recoñecer que nos últimos tempos nós mesmos non estiveramos todo o atentos que sería de desexar ás mudanzas sociais que se estaban a producir ao noso redor e ás novas demandas da sociedade.

Despois de analizar estes datos, o meu discurso concluíu:

Diante desta situación debemos articular unha resposta que evite o vitimismo, a resignación ou a recreación morbosa nas nosas coitas, mais tamén a autocomplacencia ou a reclusión na nosa particular torre de marfil.

Neste sentido, considero particularmente importante que nos apliquemos a converter as ameazas en oportunidades. Nos próximos meses a Facultade vai ter que afrontar un proceso de reflexión e redefinición dos títulos filolóxicos. Na miña opinión, sería un erro afrontar este proceso cunha actitude meramente defensiva, protectionista ou corporativa. Ao contrario, este proceso debe servir para procurar para os estudos filolóxicos unha solución que aproveite os recursos de que dispoñemos, e moi especialmente o noso capital humano, que é sen dúbida o patrimonio máis precioso da nosa Universidade; e que proporcione aos nosos estudantes unha formación sólida e conectada coas novas demandas do mercado laboral.

Efectivamente, a elaboración dos novos planos de estudo ocupou o lugar central na actividade da Facultade ao longo dos seguintes anos.

Houbo unha primeira tentativa. Os responsables ministeriais tiñan inicialmente a pretensión de elaborar un catálogo estatal, pechado, de titulacións de grao. Con esta finalidade promoveuse a redacción dos chamados libros brancos das titulacións universitarias, para o que se foron constituíndo grupos de traballo baixo os auspicios da ANECA. A

redacción do libro branco das titulacións de Filoloxía resultou, como era de prever, máis problemática, porque as propostas presentadas nas convocatorias da ANECA eran varias e moi diversas na súa concepción e obxectivo. En todo caso, unha cousa si estaba clara: a nómina de títulos de grao debía supoñer unha redución importante con respecto á de licenciaturas. As opcións en liza eran apostar por un título único (con especialidades, itinerarios, etc.) ou ben por establecer varios títulos. No ambiente había unha presión moi forte nesta última dirección por parte das titulacións que contaban cos apoios institucionais relevantes (este era o caso, por exemplo, dos estudos de lingua e literatura española) ou ben co respaldo dunha alta demanda, ademais de co impulso de grupos organizados (tal era o caso dos estudos ingleses ou angloamericanos).

En calquera caso, aínda que o libro branco das titulacións filolóxicas foi finalmente publicado, o goberno renunciou a crear un listado de títulos e optou por un modelo diferente, baseado no recoñecemento da autonomía das universidades para organizaren os seus estudos, na verificación previa á súa implantación dos títulos propostos polas universidades, que foi encomendada ás axencias de calidade, e na acreditación posterior, unha vez transcorridos algúns anos da súa implantación.

O proceso que puxemos en marcha na Facultade aproveitou unha parte das reflexións realizadas no marco da elaboración do libro branco. Deste xeito, optamos por crear varios títulos, aínda que cunha estrutura única compartida e con contidos comúns de carácter transversal. Ademais, no deseño dos títulos preveuse a posibilidade de que o estudante configurase o seu currículo combinando, se o desexaba, o estudo de dúas disciplinas diferentes con peso curricular desigual (o que se coñece como estrutura maior/minor). Aínda que a nosa pretensión inicial era abrir os títulos á combinación con estudos non filolóxicos (comunicación,

economía, historia...), esta posibilidade nunca chegou a concretarse. Alternativamente, mantívose a posibilidade de que o estudante que así o desexase puidese reforzar os contidos do maior a través dunha oferta de optativas.

Máis alá dos acertos e dos fallos, na miña opinión o proceso serviu para reforzar a cohesión da Facultade. A pesar da dificultade obxectiva e dun contexto pouco favorable, fomos quen entre todos de construír un consenso básico que nos permitiu recuperar a iniciativa. Por outra banda, a boa acollida que tivo a reforma, reforzada por unha boa campaña de promoción, permitiunos saír do foco e reforzou a nosa posición dentro da Universidade.

Se a reforma dos títulos centrou a actuación do decanato nestes anos, outra das liñas mestras da nosa actuación foi a modernización das infraestruturas e das ferramentas tecnolóxicas de apoio á docencia, desde a instalación de ordenadores e proxectores de vídeo en todas as aulas, á renovación dos laboratorios de idiomas (os que tiñamos aínda funcionaban con cintas de cassette) ou á dotación de aulas de informática, pasando pola adquisición de sistemas de videoconferencia ou de encerados dixitais.

En contra dunha opinión moi estendida, eu son do parecer de que a adaptación a Boloña ofrece un balance claramente positivo. Hai, con toda seguridade, cousas que non fixemos ben, e outras que poderíamos ter feito mellor. Entre os aspectos negativos eu incluíría, sen dubidalo, a proliferación dunha burocracia académica claramente excesiva, asociada fundamentalmente aos procesos de acreditación e ao desenvolvemento dos chamados sistemas de aseguramento da calidade, que a miúdo están máis atentos ao cumprimento de requisitos puramente formais e que se desentenden da calidade da formación recibida, que é, ou debera ser, o obxectivo esencial da institución universitaria.

Mesmo así, creo que, cando menos no noso caso, a renovación das titulacións propiciou a actualización dos

contidos, a renovación das metodoloxías de ensino, e un cambio cultural no tocante ás relacións profesionais e humanas no interior de Departamentos e Facultades. Sei ben que sempre existe a tentación de considerar que todo tempo pasado foi mellor, mesmo a custa de «romantizar» os seus aspectos máis sórdidos. Eu non son desa opinión. O único que era mellor do pasado é que todos eramos máis novos e que tiñamos as ilusións aínda intactas e as articulacións perfectamente engraxadas. Polo demais, postos a elixir, eu quedo sempre co presente e co futuro.

Quero que as miñas últimas palabras neste acto sexan de agradecemento, empezando polas persoas que me acompañaron nos equipos decanais que tiveron a honra de dirixir (Juan Casas, Mario Cal, José Carracedo, María José López Couso), ao persoal de administración e servizos da Facultade (encabezado por Josefa Vázquez Docampo) e a toda a comunidade de Filoloxía, porque ao longo dos oito anos en que fun decano do centro nunca deixastes que me sentise só.

E, por suposto, a todas as persoas que aquí viñestes hoxe e ás que por causas diversas non poden estar e me fixeron chegar as súas desculpas (desculpas, por outra parte, innecesarias), grazas pola vosa presenza e pola vosa paciencia.

DOS DESAFÍOS ÁS OPORTUNIDADES. UNHA OLLADA Á FACULTADE DE FILOLOXÍA 2012-2020

María José López Couso
Decana (2012-2020)

A conferencia que impartín o 12 de maio de 2025 pechou o ciclo de intervencións de ex-decanas e ex-decanos da Facultade de Filoloxía da nosa Universidade, organizado no marco da conmemoración do 50 aniversario da creación do centro. Este ciclo, iniciado en setembro de 2024 coa participación do Prof. Ramón Lorenzo, ofreceunos ás persoas que ao longo destes cincuenta anos tivemos a honra e a fortuna de ocupar o Decanato a oportunidade de compartir vivencias e experiencias da nosa etapa ao fronte do centro.

As sete persoas que finalmente participamos entendemos o convite como un agasallo extraordinario por parte da Facultade, que nos permitía revisitar a construción colectiva do que hoxe é a Facultade de Filoloxía da USC: unha Facultade herdeira dun pasado ilustre, mais tamén plenamente consciente do seu potencial innovador na formación do seu estudiantado; unha Facultade que combina

a tradición filolóxica co aproveitamento das múltiples posibilidades tecnolóxicas; unha Facultade aberta ao mundo, pero fundamentalmente comprometida coa súa lingua e a súa cultura; unha Facultade dedicada a ofrecer a mellor formación académica posible, ao tempo que promove valores esenciais dunha sociedade libre e democrática, como a inclusión, a tolerancia, a xustiza ou a solidariedade; e unha Facultade que segue a ser un centro de referencia na área de Humanidades na USC, a máis dinámica e produtiva do Sistema Universitario de Galicia e unha das mellores Facultades de Filoloxía do Estado.

A cronoloxía fixo que fose eu quen pechase o ciclo de conferencias, compartindo coa comunidade universitaria algunhas reflexións sobre a historia máis recente da Facultade, como predecesora do actual decano, o Prof. Feijó, que foi elixido a principios de marzo de 2020, coincidindo co inicio da pandemia da COVID-19. As seis persoas que me antecederon repasaron os pasos que deu a Facultade desde a súa creación en febreiro de 1975 —cando se acordou a división da antiga Facultade de Filosofía e Letras e se constituíu a Comisión Xestora da nova Facultade de Filoloxía, presidida polo Prof. Enrique Moreno Báez— ata comezos de 2012. A min correspondeume abordar a etapa que vai de 2012 a 2020, unha parte da historia que moitas das persoas asistentes á conferencia viviron directamente no centro.

Antes de entrar de cheo nese período como decana, considero oportuno facer un breve percorrido polos meus primeiros contactos coa Facultade e polas circunstancias que me levaron, anos despois, a ocupar o Decanato. A mediados dos anos 80 cheguei á Facultade de Filoloxía, daquela situada na Praza de Mazarelos, para cursar o cuarto ano da Licenciatura en Filoloxía Xermánica (Inglés). Viña do Colexio Universitario de Lugo, onde por aquel entón se podía cursar o denominado «primeiro ciclo» (primeiro, segundo

e terceiro cursos), igual que nos Colexios Universitarios da Coruña e de Vigo.

A chegada a Santiago supuxo un cambio significativo: pasei dun centro pequeno, case familiar, cun grupo moi reducido de compañeiras e compañeiros e cun trato diario moi próximo co profesorado —entre o que se atopaban persoas que anos máis tarde serían compañeiras de Facultade— a unha Facultade máis grande e diversa, onde coincidían estudantes que iniciaran os estudos en Compostela e outras que nos incorporabamos ao «segundo ciclo» (cuarto e quinto cursos). Facendo contas, podo dicir con orgullo que, ata a data de hoxe, participei en catro quintas partes da vida do centro e que a Facultade forma parte de dúas terceiras partes da miña vida... e o que aínda está por vir.

Tras esa etapa inicial como estudante de licenciatura e máis tarde como estudante de doutoramento, incorporeime ao Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá como borseira predoutoral da Xunta de Galicia e, posteriormente, do Ministerio (os actuais contratos FPU). Inicie así a miña carreira como PDI no antigo edificio de Mazarelos. Durante aqueles anos como docente e investigadora nunca se me pasara pola cabeza asumir cargos de xestión universitaria. Mais isto mudou na primeira década do novo milenio, por culpa —ou grazas— ás dúas persoas que ocuparon o Decanato antes ca min.

O meu primeiro contacto coa xestión produciuse a comezos de 2002, cando a Profa. Mercedes Brea, no ecuador do seu mandato no Decanato, me ofreceu converterme nunha especie de delegada da decana para o ámbito da mobilidade estudantil. Aceptei encantada, e durante dous anos puiden aprender de preto un ámbito —a internacionalización— ao que dende entón permanezo fondamente vinculada.

Tras ese primeiro desafío e esa primeira oportunidade persoal, o meu «enganche» definitivo coa xestión chegou catro anos despois. A comezos de 2008 recibín no

meu despacho do Departamento a visita do decano Ernesto González Seoane. Pensei que viña falar comigo sobre un incidente ocorrido na rampla do aparcadoiro, que eu mesma lle comunicara días antes... pero non: quería proponerme que me incorporase ao seu equipo decanal durante o seu segundo mandato, como vicedecana con responsabilidades en titulacións, calidade e mobilidade. A día de hoxe aínda non sei que o levou a pensar en min —nunca llo preguntei— pero estou certa de que aquela proposta mudou a miña vida profesional e iniciou unha traxectoria de 18 anos ininterrompidos na xestión universitaria. Aqueles catro anos (2008-2012) foron tempos de moito traballo e aprendizaxe, mais tamén de moita complicidade co equipo decanal (completado por José Carracedo e Juan Casas) e co persoal do Decanato. Nunca lle agradecerei a Ernesto abondo ter posto diante miña ese segundo desafío e esa segunda oportunidade.

Dos desafíos e oportunidades persoais é momento agora de entrar nalgúns dos desafíos e oportunidades colectivas aos que, durante os oito anos en que exercín como decana, tivemos que facer fronte como comunidade universitaria.

Nos anos inmediatamente anteriores ao inicio do meu mandato, a Facultade viña de asumir o deseño das novas titulacións de grao que substituirían as antigas licenciaturas, en consonancia co proceso de reformulación das estruturas de estudos iniciado en Europa trala Declaración de Boloña, co obxectivo de construír o Espazo Europeo de Educación Superior. Ese profundo proceso de reforma implicou a transición das nove titulacións de licenciatura ofertadas no centro a tan só cinco títulos de grao, unha transición que correspondeu completar ao meu primeiro equipo decanal.

A implantación gradual dos graos e o proceso de extinción das licenciaturas ocuparon unha parte moi significativa do noso traballo, pois xurdiron numerosos problemas derivados da convivencia entre ambos os sistemas. Tivemos que garantir que o estudantado da vella estrutura puidese rematar

os seus estudos con todos os seus dereitos e atender casos especialmente complexos como o estudantado de materias sen docencia. Foi un proceso laborioso, que requiriu atención constante, moita coordinación e diálogo permanente cos Departamentos e coa administración universitaria.

Aínda con esa transición sen rematar, nos primeiros meses do meu mandato a Facultade tivo que afrontar un proceso de reflexión e redefinición da súa oferta de posgrao, motivado polas reformas normativas autonómicas. A entrada en vigor do *Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzaas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, establecía un número mínimo de estudantes de novo ingreso para a continuidade dos graos e mestrados no Sistema Universitario de Galicia. Aquela esixencia normativa situaba a varias das nosas titulacións nun contexto especialmente delicado.

A pesar das dificultades, a Facultade encarou este desafío cun espírito realista, responsabilidade e sentido institucional. Fomos, de feito, a primeira Facultade da USC en redefinir globalmente a súa oferta de mestrados, para axustala ao novo contexto, co obxectivo de garantir ao noso estudantado de posgrao unha formación sólida, actualizada e conectada coas novas demandas da sociedade. E fixémoslo, ademais, nun contexto pouco propicio para os estudos humanísticos, en plena «crise reputacional» —como indicara Ernesto González Seoane na súa conferencia—, alimentada por campañas de descrédito que, ano tras ano, algúns medios de comunicación dirixían contra a nosa Facultade.

Neste clima chegaron tamén as declaracións do Secretario Xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro, quen afirmou nunha entrevista radiofónica, apenas un mes despois de eu asumir o cargo, que en centros como a Facultade de Filoloxía da USC «o profesorado daba clase ás paredes». Unha acusación á que respondín na mesma emisora convidándoo a visitar calquera aula de primeiro curso,

onde cada ano acollíamos —como seguimos a acoller— máis de 300 estudantes de novo ingreso.

Por desgraza, aquela foi só a primeira das múltiples confrontacións que mantivemos coa administración autonómica pola aplicación estrita dos «números máxicos» do Decreto 222/2011. Como se nunha universidade pública e global fose posible —ou desexable— medir todo exclusivamente en cifras. Eses requisitos obrigaron a Facultade a elaborar plans de viabilidade e a presentar sucesivas solicitudes de singularidade para os graos con menor demanda. Resultaba paradoxal —e profundamente frustrante— ter que xustificar a existencia e continuidade de títulos como Filloxía Clásica ou Lingua e Literatura Galegas nunha universidade como a USC e nun sistema universitario como o galego.

A maior parte dos desafíos que afrontamos conxuntamente como Facultade no ámbito da oferta docente naqueles oito anos converteuse en oportunidades que soubemos aproveitar. Porén, tamén houbo algúns atrancos que non puidemos superar, malia os diversos intentos por sacar adiante propostas que considerabamos necesarias para a Facultade e para a propia USC. O exemplo máis evidente é o proxecto do Máster en Ensino do Español como Lingua Estranxeira, que presentamos por primeira vez no ano 2013 e reiteramos en 2014 e, posteriormente, en 2020. Nin unha soa destas propostas obtivo o informe favorable da Secretaría Xeral de Universidades, a pesar de que o primeiro plan de estudos chegou a a ser verificado polo Ministerio.

A consecuencia foi clara: durante máis dunha década, a Facultade, a USC e o Sistema Universitario de Galicia perderon a oportunidade de contar cun mestrado en ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua, unha titulación que existía xa na maioría das comunidades autónomas. Afortunadamente, no curso 2025–2026 esa oportunidade recuperouse coa implantación dun novo máster conxunto entre a Universidade de Vigo, a Universidade da

Coruña e a USC, coordinado desde a nosa Facultade. Así, aquela oportunidade perdida ata en tres intentos converteuse, finalmente, nunha oportunidade aproveitada.

Ademais das tensións arredor dos graos e mestrados, o período 2012–2020 estivo marcado polas fortes limitacións orzamentarias derivadas da crise económica. Nun contexto de clara contención, con orzamentos descentralizados cada vez máis reducidos e insuficientes, a Facultade tivo que botar man de moita imaxinación e de moito traballo para complementar aqueles recursos, procurando pequenas vías de financiamento extraordinario que permitisen manter e mellorar a dotación de equipamento e de medios de apoio á docencia.

Participamos con éxito en diversas convocatorias de axudas para accións de mellora da docencia impulsadas pola Vicerreitoría con competencias en Calidade. Unha peza fundamental nesta etapa foi o apoio decidido á Biblioteca da Facultade, ferramenta esencial tanto para o estudantado como para o persoal docente e investigador, e cuxos fondos se viron seriamente ameazados polo contexto económico. En máis dunha ocasión tivemos que recorrer á colaboración dos grupos de investigación con sede no centro, solicitando que contribuísen economicamente á continuidade de determinadas publicacións periódicas que doutro modo se terían perdido.

Outro dos grandes desafíos foi a resolución de problemas e o fortalecemento das medidas ligadas á mobilidade e captación de estudantado internacional, tanto comunitario como —especialmente— extracomunitario. Aínda lembro con certa estupefacción a situación vivida a finais de agosto de 2012: estando eu nun congreso en Zürich, recibín un correo do entón vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización no que me comunicaba que na primeira semana de setembro —é dicir, apenas uns días despois— se incorporaría á Facultade un continxente de máis de «100» estudantes chineses. E para evitar dúbidas, indicaba entre paréntese «cen».

A práctica totalidade deste estudantado tiña un nivel de español moi insuficiente, o que xerou problemas graves, especialmente no Grao en Lingua e Literatura Españolas, debido á saturación dalgúns grupos de docencia. Tras varios procesos negociadores, sempre intensos, cos diferentes equipos reitorais, fomos acadando acordos progresivos que permitiron aliviar, polo menos parcialmente, a situación. Entre esas medidas destacan o establecemento por primeira vez dun nivel mínimo de español para a incorporación ao centro, a contabilización —tamén por primeira vez— do estudantado de captación internacional e de mobilidade para o cálculo dos grupos de PDA e a creación dun catálogo específico de materias adaptadas ás necesidades formativas deste estudantado e ao seu nivel de coñecemento de galego e/ou español. Estas medidas permitiron empezar a xestionar un fenómeno que, de non regularse, tería suposto un grave prexuízo tanto para o estudantado internacional como para o estudantado local e para a propia calidade docente.

Sen ánimo de ser exhaustiva, non podo deixar de mencionar outro dos grandes retos que tiñamos a obriga de asumir como Facultade e que vai máis alá dos ámbitos docente e investigador. Refírome a actuacións como o establecemento e fortalecemento dos vínculos da Facultade coa súa contorna e coas persoas egresadas, a mellora da relación co ensino secundario e coas empresas e institucións que acollen o noso estudantado en prácticas, a visibilización social do traballo desenvolvido na Facultade, a dinamización da súa actividade cultural ou a atención ás cuestións de igualdade, desenvolvemento sostible, normalización lingüística e empregabilidade das persoas graduadas.

Neste ámbito gardo unha lembranza especialmente entrañable da constitución do Comité Consultivo da Facultade (2019), unha ferramenta fundamental para reforzar a relación coa contorna e co tecido profesional e social, e da posta en marcha da Comisión de Normalización Lingüística, creada en

febreiro de 2013. Esta comisión desenvolveu, ao longo daqueles anos, unha actividade tan intensa como diversa, converténdose nun dos motores de dinamización cultural do centro. Entre as iniciativas organizadas pola Comisión teño moi presentes o debate «*Que fala falas? Gheada, seseo e localismos no uso público?*» (11/02/2015), que encheu o Salón de Graos ata o punto de quedar pequeno para o público asistente, e o I Certame de Música Galega na USC (2017), unha actividade innovadora que tivo unha extraordinaria acollida.

Pero, sen dúbida, a iniciativa da que gardo un orgullo máis especial é o Concurso literario «Mazarelos», aberto a todo o estudantado da USC. A súa culminación foi a publicación, en febreiro de 2020, do volume *De pedra a azulexo*, que recolle os cinco primeiros anos do certame e reúne as quince obras gañadoras do estudantado de distintos centros da nosa Universidade que participou ao longo dese lustro. Varias destas persoas son hoxe nomes recoñecidos no panorama literario galego contemporáneo, o que amosa a capacidade da Facultade —e da USC— para fomentar creación, talento e cultura.

Como di o refrán, «cada un fala da feira como lle vai nela». Despois do que levo resumido nos parágrafos anteriores —e do moito que deixo sen mencionar— só podó dicir que, para min, ocupar durante oito anos o Decanato da nosa Facultade foi unha experiencia valiosísima e profundamente satisfactoria, tanto no plano persoal coma no profesional. No eido persoal, brindoume a oportunidade de medrar, de coñecer xente extraordinaria que doutro modo non tería coñecido e de aprender de maneira constante a partir das múltiples situacións que xorden cando unha exerce responsabilidades de xestión. No plano profesional, permitíume coñecer máis e mellor a Facultade e tamén a propia USC, especialmente durante o período no que fun coordinadora do Colexio de Decanos/as e Directores/as de Centro da USC, entre setembro de 2014 e febreiro de 2019. Ese papel, intenso e ás veces complexo, ampliou a miña visión institucional e axudoume a comprender máis profundamente

o funcionamento global da nosa Universidade, así como os retos comúns que compartimos cos demais centros docentes. Tamén me permitiu establecer vínculos con outros centros de Humanidades fóra da USC, ao formar parte da comisión xestora que, en 2018, puxo en marcha a *Asociación de la Conferencia de Decanatos de Centros Universitarios con Titulaciones en Artes y Humanidades de España*. A participación nesa rede foi unha experiencia enriquecedora, que nos situou a nivel estatal nun diálogo nacional necesario para defender a relevancia das Humanidades, intercambiar boas prácticas e reivindicar modelos formativos que respondan aos desafíos da sociedade contemporánea.

Foi unha verdadeira honra exercer como decana durante dous mandatos consecutivos, representar a Facultade e defender con firmeza os seus intereses. Confío en non ter defraudado en exceso as expectativas e pido desculpas polos erros que puideron cometer polo camiño. En todo momento procurei desempeñar as tarefas que a Xunta de Facultade me encomendou —en marzo de 2012 e novamente en marzo de 2016— con ilusión, dedicación e honestidade, e con total lealdade á Facultade e á USC. A miña maior satisfacción é comprobar que, entre todas e todos, fomos quen de facer de Filoloxía unha Facultade forte e unida, comprometida e dinámica, e profundamente respectada tanto dentro da USC como fóra da nosa institución.

Non podería rematar este texto sen palabras de gratitude e recoñecemento. En primeiro lugar, quero facer unha mención moi especial ás persoas coas que traballei de maneira máis estreita durante eses oito anos e que xogaron un papel fundamental no bo funcionamento da Facultade.

Por unha banda, o Persoal de Administración e Servizos do Decanato —Pepa, Xosé Manuel, Xaquín, David, Manuel, Xosé Carlos, Luis e Marina—. A súa colaboración constante, a súa profesionalidade e a súa dispoñibilidade foron esenciais para sacar adiante o enorme volume de traballo que implicaba o día a día dun Decanato nunha Facultade tan grande e tan complexa como a nosa.

Por outra banda, as persoas que, en distintos momentos, aceptaron —case que temerariamente— acompañarme na aventura decanal e formaron parte dos equipos que tiveron a honra de liderar. Persoas que me honran coa súa amizade e ás que estou eternamente agradecida: Javier Gutiérrez Carou, María do Cebreiro Rábade Villar, Víctor Manuel Longa Martínez, Majo Domínguez Vázquez e, moi especialmente, Elisa Fernández Rei, que sostivo o ritmo de traballo durante os dous mandatos completos, primeiro como secretaria da Facultade e despois como vicedecana. Quero tamén expresar un recordo moi especial para Belén López Meirama, que nos deixou demasiado cedo a comezos de xullo de 2024. Belén foi unha persoa rigorosa e responsable, eficiente e íntegra, honesta e xenerosa, extraordinariamente divertida, cun sentido do humor moi persoal e cunha retransmisión inconfundible. Teño con ela —con Belencha— unha débeda impagable polo seu compromiso, pola súa lealdade, pola súa profesionalidade e, sobre todo, pola súa amizade.

O meu agradecemento esténdese tamén a toda a comunidade da Facultade polo seu apoio, esforzo e implicación. Cada vez que precisei colaboración para traballar a prol da Facultade, atopéina sen excepcións: nos equipos directivos dos Departamentos, nas persoas coordinadoras e integrantes das comisións dos títulos, nas persoas coordinadoras de mobilidade ou de prácticas externas, no persoal docente e investigador, no persoal en formación, no persoal de administración e servizos, no estudantado; e mesmo no persoal da limpeza ou da cafetería. Que máis pode pedir unha decana?

Nestes parágrafos quedan recollidos algúns dos desafíos e das oportunidades —uns persoais, outros colectivos e compartidos— que marcaron o período 2012-2020. Confío en que poidamos seguir compartindo desafíos e oportunidades nesta Facultade de Filoloxía que celebra agora o seu 50 aniversario, e que foi, é e será sempre a nosa casa.

ff9anos

Este volume é un exercicio de memoria. A pouco que se queira ler con algunha atención, porén, non se verá nada que non nos ilustre, que non axude a comprendermos obxectivos trazados, decisións tomadas, condicionamentos ou oportunidades, que iluminan o itinerario dos 50 anos da nosa facultade e que non subliñen a centralidade e o prestixio de que ela goza. Así sendo, este exercicio de memoria cobra maior valor e eleva a protagonismo singular cada unha das persoas que tiveron a responsabilidade decanal en medio século.